<ul style="list-style-type: none"> <li>- Propostas de traballo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo.</li> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- Posibilidades seguras de procura guiada de información na internet.</li> <li>- Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións.</li> <li>- Orientacións espaciais, nocións básicas para que lle permitan orientarse nun debuxo, nun plano ou en maquetas simples da contorna máis próxima.</li> <li>- Hábitos saudables relacionados co benestar emocional e social: estratexias de identificación das propias emocións e respecto polas dos demais. Sensibilidade e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade. Educación afectivo-sexual.</li> <li>- Identidade e diversidade cultural: existencia de realidades diferentes e aproximación ás distintas etnoculturas presentes na contorna. A convivencia cos demais e o rexeitamento ás actitudes discriminatorias. Cultura da paz e non violencia.</li> <li>- Propiedades observables dos materiais, a súa orixe e o seu uso en obxectos da vida cotiá de acordo coas necesidades de deseño para os que foron fabricados.</li> </ul>

## Contidos

- Seguridade viaria. A cidade como espazo de convivencia. Normas básicas nos desprazamentos como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción.
- Observación e identificación de máquinas e aparellos da súa contorna.
- Medios de transporte máis comúns na contorna, recoñecendo os máis adecuados para as persoas e/ou mercadorías.
- Estructuras resistentes, estables e útiles. Experimentación e observación dos efectos das forzas sobre estruturas construídas con materiais de uso común na aula.
- Uso responsable dos materiais: reducir, reutilizar e reciclar.
- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe
- Uso de obxectos e artefactos da vida cotiá como fontes para reflexionar sobre o cambio e a continuidade, as causas e as consecuencias.
- Coñecemento dos compoñentes básicos dun computador.
- Identificación, clasificación e funcións dos dispositivos dixitais da contorna de aprendizaxe, así como a súa manipulación.
- Recursos dixitais para comunicarse con persoas coñecidas en contornas coñecidas e seguras.
- As expresións e producións artísticas a través do tempo. O patrimonio material e inmaterial local. Coidado e conservación.
- Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia local e a biografía familiar, mulleres e homes como suxeitos da historia.
- Proxectos de deseño e pensamento computacional
- Iniciación á programación adaptándose ao nivel de comprensión e á súa manipulación (plataformas dixitais de iniciación á programación, robótica educativa...).
- Estratexias básicas de traballo en equipo.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía desta programación tenta acercar o proceso de ensinanza/aprendizaxe aos contextos reais do alumnado. Na metodoloxía activa debemos favorecer que o traballo sexa atractivo para o alumnado, utilizar as novas tecnoloxías como recurso, tomar conciencia do coidado e protección do entorno, colaborar con outros axentes, procurar unha aprendizaxe autónoma, favorecer a lexibilidade e, sobre todo, axustarse ao desenvolvemento competencial do alumnado.

O principio básico da metodoloxía activa é utilizar unha serie de estratexias para favorecer que os alumnos/as aprendan dunha maneira autónoma e se desenvolvan en todas as facetas da súa personalidade.

Nesta programación a metodoloxía é activa, participativa e flexible, partindo do nivel de desenvolvemento do alumnado, nos seus distintos aspectos, para construír, a partir de aí, outras aprendizaxes.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por sí mesmos e promovendo o traballo en equipo.

O alumno/a é protagonista activo nesta programación; investiga, descubre, manipula, participa, cuestiona e responde.

A contorna será un medio idóneo para a adquisición de novas aprendizaxes, comezando polas máis próximas á súa realidade (sinxelas) e ata chegar a outras máis complexas.

As liñas metodolóxicas da nosa programación son as seguintes:

-A globalización: pretendendo estimular o desenvolvemento de todas as capacidades, tanto físicas como afectivas, intelectuais e sociais dunha forma global, xa que calquera actividade realizada polos nenos e nenas pon en xogo mecanismos afectivos, psicomotores, comunicativos, cognitivos, somáticos, de imaxinación, de creatividade, de

atención.

- A aprendizaxe significativa: refírese á posibilidade de establecer vínculos substantivos entre o que hai que aprender (o novo contido) e o que sabe (os seus coñecementos previos). Todo novo coñecemento ten que partir das experiencias previas dos alumnos e alumnas. Para lograr estas aprendizaxes comezaremos cada Proxecto cun remuíño de ideas a modo de avaliación inicial, para saber os seus coñecementos previos e, sobre eles, construír os novos.

- Ensinanza individualizada: axustándose ás características e peculiaridades individuais de cada un dos nosos alumnos e alumnas. A atención individualizada é unha constante favorecendo o principio de igualdade e equidade.

- A afectividade: a seguridade que lles da o sentirse queridos contribúe, dunha maneira moi positiva, á formación dunha imaxe axustada e positiva de sí mesmos. A relación que mantemos co alumnado establececese dentro dun ambiente democrático, comprensión, amor, aceptación, confianza mutua e respecto.

- A socialización e a comunicación: creando situacións de aprendizaxe nas que atopen momentos para agruparse cos seus iguais, compartir o material e sentir o apoio dos «outros» que lle axudarán a socializarse e comunicarse.

Estas situacións de aprendizaxe apóianse, na maioría dos casos, no xogo por consideralo un elemento básico e primordial para o desenvolvemento da atención, a memoria, a linguaxe, a imaxinación, a personalidade e ser o recurso metodolóxico por excelencia no traballo cos nenos e nenas desta idade.

A través do xogo, coñece o comportamento dos adultos e as normas sociais. Tamén contribúe ao desenvolvemento da socialización e a comunicación as actividades propostas nos recunchos, obradoiros e saídas.

- A autonomía e autoxestión: sendo este o protagonista das súas propias aprendizaxes considerando como importante o proceso e non só o resultado. Dentro da nosa aula cada día un neno ou unha nena é o protagonista. asumindo responsabilidades que favorecen a autonomía e a aprendizaxe.

- Aprendizaxe cooperativa: favorecendo os encontros co grupo e a sociedade nun pulo pola convivencia, a paz e a inclusión.

- A manipulación: considerando o traballo manipulativo determinante para a o correcto paso entre os conceptos concretos e os abstractos e fundamental para vencellar as aprendizaxes curriculares coa realidade.

- A liberdade e a creatividade: que favorecen os coñecementos potencialmente significativos e funcionais, potencian a autonomía e a produción persoal.

- A coeducación: considerando a actividade de todo xénero en detrimento de actividades asignadas ao xénero e en prol da ruptura de estereotipos.

- A metodoloxía activa: entendéndoa como un conxunto de estratexias didácticas que permiten e estimulan ao alumnado a participar realmente como suxeitos da súa propia aprendizaxe. O alumno/a é o verdadeiro/a protagonista do proceso de ensinanza-aprendizaxe, e o noso obxectivo fundamental é manter activa a súa mente a través das situacións de aprendizaxe, tratando de facerlle analizar e observar, á vez que criticar, as diferentes situacións que se lle presentan.

- Aprendizaxe baseada na investigación na resolución de problemas e descubrimentos: os alumnos/as aprenden a través da abordaxe ou de preguntas, da análise de probas, de conectar ditas probas con coñecementos preexistentes, de sacar conclusións e reflexionar sobre os seus achados. Serán actividades de investigación que permitan elaborar hipótesis, sacar conclusións e reforzar as aprendizaxes máis instrumentais, favorecendo o pensamento crítico e o pensamento científico.

- As medidas metodolóxicas rexiranse por principios do Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA): proporcionando diversas opcións didácticas para que os alumnos/as se transformen en persoas que aprenden a aprender e estean motivados pola súa aprendizaxe.

- Aprendizaxe baseada en retos: diseñaremos situacións reais para involucrar activamente ao alumnado nunha situación problemática real e de vinculación co entorno, a cal implica a definición dun reto e implementar para este unha solución.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libreta e caderno
Ordenador de aula
PDI "QUE SUBA O PANO NA PEDRA"+ PROXECTO DE INOVACIÓN EDUCATIVA EN DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA" IMOS DE ROMARÍA!"

Ordenadores da aula de informática
Recursos bibliográficos (biblioteca)
Material funxible
Globo terráqueo, planisferios.
Aula virtual do centro
Genially, Liveworksheets, Kahoot...
Material de LEGO e APP. WeDo 2.0 LEGO
Laboratorio do centro.
Recursos persoais: profesorado, orientación, persoal non docente, familias e institucións...

Empregaremos unha variedade significativa de recursos didácticos coa finalidade de ofertarlles ao noso alumnado un amplo abano de posibilidades para as súas aprendizaxes. Intentaremos motivarlo e implicalo no proceso de ensino-aprendizaxe, xa que procuraremos que os recursos empregados posibiliten a súa aprendizaxe. As ferramentas e materiais innovadores funcionan como eixe motivador na aprendizaxe do alumnado.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Coa avaliación inicial pretendemos descubrir os coñecementos previos do alumnado e comprobar o seu nivel de madurez, neste caso é unha actividade doada debido a que hai continuidade de titoría.

Para comprobar os coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que posúe o noso alumnado sobre a área de Ciencias Sociais e Ciencias Naturais empregaremos distintos tipos de instrumentos de recollida de información: lecturas, test obxectivos, conversacións, sociogramas...A partires da información recollida e da interpretación da mesma, poderemos adaptar o proceso de ensino- aprendizaxe ás características do grupo-clase, poñendo especial énfase na detección de problemáticas e na posta en marcha das medidas de atención á diversidade necesarias.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

#### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>35</b>	<b>35</b>	<b>30</b>	<b>100</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	100	100	<b>100</b>

#### Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos programados e os criterios de avaliación.

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación que son as táboas de indicadores.

As táboas de indicadores serán rúbricas ou escalas de observación entre outros.

A través destas táboas avaliaranse:

- os criterios de avaliación que se indican e a adquisición das competencias básicas.

- o respecto polos compañeiros,
- a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións para a realización do traballo diario.
- o grao de responsabilidade na execución dos proxectos,
- o traballo no caderno de clase

Para o cálculo da nota de cada unidade, utilizaranse as seguintes porcentaxes:

UNIDADE 1: Escalas de observación: 65%. Rúbricas: 20%. observación diaria e caderno de clase 15%.

UNIDADE 2: Escalas de observación: 65%. Rúbricas: 20%. observación diaria, e caderno de clase 15%.

A nota de cada trimestre corresponderase coa obtida na nota da UNIDADE correspondente.

A nota ordinaria de xuño virá dada pola suma das porcentaxes asignadas á unidade didáctica de cada trimestre.

### **Cráterios de recuperación:**

De acordo co artigo 20 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como a orde de 25 de xaneiro de 2022, a avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Feito polo cal, aprobando avaliacións posteriores recupéranse avaliacións anteriores, de ser o caso. Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha calificación negativa, pónese en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade de acordo co Plan Xeral de Atención á Diversidade elaborado polo Departamento de Orientación. Dentro das medidas empregadas inclúense o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

Para a elaboración do plan de reforzo teremos en conta o seguinte:

- a) Tomar como referencia os contidos básicos de cada unidade didáctica.
- b) Se os contidos a recuperar son recurrentes e aparecen en unidades didácticas posteriores daranse por recuperados se o alumno/a obtén calificación positiva en ditos contidos. En todo caso, planifícanse actividades individuais de traballo en relación coas dificultades.
- c) Se os contidos a recuperar son específicos dunha unidade didáctica planifícanse actividades individuais de traballo nas que o alumno/a demostre que supera ditos contidos.
- d) A resposta educativa para a recuperación reflectirase no Plan de Traballo Individualizado.
- e) Para obter unha calificación positiva teranse en conta:

- O nivel de coñecementos.
- O esforzo
- O acabado e realización das actividades individuais de traballo propostas.

### **6. Medidas de atención á diversidade**

Dado que a diversidade do alumnado está presente nesta programación e que cada neno ou nena ten as súas peculiares características e os seus ritmos de aprendizaxe adoitan ser distintos, entendemos que se deben realizar actividades que reforcen as aprendizaxes duns, e actividades que amplíen as dos outros. Estas actividades de reforzo e de ampliación realizaranse, en todo momento, respectando a evolución individual do alumnado e o seu ritmo de traballo, unhas veces con actividades de reforzo e outras, con actividades de ampliación e, cando sexa necesario, con programas de enriquecemento curricular e será o profesorado quen seleccione o momento e o tipo de actividade que precise cada neno ou nena.

Empregaremos en moitos momentos metodoloxías baseadas na aprendizaxe cooperativa e na aprendizaxe por proxectos, que axudan a inclusión. Así mesmo, adaptaremos os tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación sempre que sexa necesario.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - E.T.1-comprensión lectora	X	X	X
ET.2 - ET.2 - Emprendemento	X	X	X
ET.3 - ET.3 - Igualdade de xénero, o deporte	X	X	X
ET.4 - ET.4 - Educación para a paz e a convivencia		X	
ET.5 - ET.5- Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible, recreos residuos cero.	X		X
ET.6 - ET.6- Educación para a saúde (incluída a sexual)	X		
ET.7 - ET.7- Educación emocional e de valores	X	X	X
ET.8 - ET.8 - Fomento da creatividade, do Espírito Crítico e Científico	X	X	X
ET.9 - ET.9- Comunicación audiovisual e dixital		X	X

### Observacións:

Nesta área traballárase de forma transversal as diferentes actividades, sempre partindo do traballo en equipo:

- Fomentaranse a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- Fomentaranse as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor y a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo/a e o sentido crítico.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
FicBueu	O alumnado asistiu ao visionado das curtas cun plan didáctico.	X		



Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Obradoiro sobre "Augas de Galicia"	Coñecendo a problemática da auga	X		
Visita ao Museo Massó	visita ao Museo e realización de diversos obradoiros" Na procura do tesouro"		X	
As illas atlánticas	Charlas sobre a flora e fauna das illas.		X	
Excursión fin de curso	Visita, en xornada de mañá e tarde, relacionada co traballado nas unidades didácticas .			X
Saídas pola contorna	Roteiros pola contorna e saída á praia.	X	X	X
PDI do centro "QUE SUBA O PANO NA PEDRA"	Participaremos en todas aquelas actividades propostas na PDI	X	X	X
Biblioteca escolar	Participaremos en todas aquelas actividades que programe este equipo.	X	X	X
Actividades programadas polo EDLG+ Proxecto en innovación en dinamización da lingua galega: "IMOS DE ROMARÍA!"	Participaremos en todas aquelas actividades que programe este equipo: SAMAÍN, MAGOSTO, NADAL, ENTROIDO...	X	X	X

### Observacións:

Entendemos como actividades complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que se utilizan.

Ao longo do curso levaranse a cabo as actividades complementarias aprobadas na PXA e quedando abertas a posibles actividades complementarias e extraescolares que xurdan ao longo do curso. Estas novas actividades serán aprobadas seguindo a normativa vixente.

Actividades dentro do plan anual de lectura aprobadas na PXA:

- Hora de ler (tódolos días ao entrar do recreo)
- Mochilas viaxeiras
- Recreos de conto
- Apadriñamentos lectores (1º trimestre)
- Lectura de libros en castelán e galego (2º e 3º trimestre)
- Visita de escritores, contacontos, ex-mestres e ex-alumnos, pais, nais e avós
- Hora semanal de biblioteca
- Radio escolar
- Meteoescolas (observación e recollida de datos)
- Actividades promovidas dende o EDLG de recuperación das tradicións propias da zona: Samaín, Magosto, Candeloria, Entroido e Os Maios.
- Conmemoracións e celebracións anuais que realizamos no centro ao longo do curso:
  - Día internacional das linguas de signos.
  - Día das escritoras.
  - Día da biblioteca.
  - Concurso de lemas de Nadal.
  - Día mundial da radio.
  - Día de Rosalía de Castro.
  - Día mundial da poesía, Día mundial do libro.
  - Participación no Proxecto de Inovación Educativa en Dinamización da Lingua Galega e, polo tanto, no seu produto final, nunha romaría xunto con toda a comunidade educativa.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

<b>Indicadores de logro</b>
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos, os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe, os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas, os criterios de avaliación e os criterios de cualificación déronse a coñecer aos alumnos/as e as familias...
Metodoloxía empregada
Tivéronse en conta aprendizaxes significativas, considérase a interdisciplinabilidade, número e duración das actividades, nivel de dificultade, interese para o alumnado, significatividade para o proceso de aprendizaxe, propostas de aprendizaxe colaborativa...
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo, distribución temporal equilibrada, materiais que permitan a manipulación, sexan atractivos, atraentes e accesibles para o alumnado.
Medidas de atención á diversidade
Adóptanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe, ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe, as medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes., aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos...
Clima de traballo na aula
Crease un clima de tranquilidade e afecto na aula para conseguir un traballo produtivo e satisfactorio.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Grao de seguimento dos alumnos/as, validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes, os criterios de promoción están acordados entre os profesores e consisten en que o alumnado deberá ter avaliación positiva, cando menos, en dúas das áreas instrumentais.

### Descrición:

A avaliación dos procesos de ensinanza/aprendizaxe é unha das funcións do profesorado, polo tanto, un dos aspectos que non podemos esquecer de avaliar é a nosa propia práctica docente e a programación didáctica. A avaliación da práctica docente pretende revisar as accións do profesorado co fin de optimizalas, tendo a seguridade de que mellorando estas, mellorarase inevitablemente a calidade das aprendizaxes dos alumnos e alumnas, obxectivo último e fundamental desta tarefa.

A avaliación é global, continua e formativa para a que se usaran os seguintes indicadores de logro e serían os seguintes:

- Organización e preparación da clase e aproveitamento dos recursos.
- Utilización dunha metodoloxía axeitada.
- Regulación da práctica docente. -
- Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá aos alumnos/as e ás familias.
- Utilización de medidas para a atención á diversidade.
- Clima de traballo na aula.

### ESCALA DE VALORACIÓN:

- Inadecuado: escasa ou nula constancia. Non se acadan os mínimos aceptables e necesita unha mellora substancial.

- Insuficiente: omítense elementos fundamentais do indicador.
- Básico: cumprimento suficiente do indicador.
- Competente: hai prácticas sólidas. Clara evidencia de competencia no indicador.
- Excelente: prácticas excepcionais. Modelo de referencia de boas prácticas.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación é un elemento flexible, que debe adecuarse á realidade do alumnado, polo que se introducirán melloras ao longo da súa posta en práctica. O seguimento da programación anual realizarase principalmente en dous momentos: ao finalizar cada unidade didáctica que neste caso corresponde co trimestre e anualmente. Teranse en conta os seguintes indicadores:

- 1. Responder as características do alumnado da aula.
- 2. Resultar útil para o uso da práctica docente diara na aula.
- 3. Seguimento e adecuación á temporalización.
- 4. Consecución dos niveis mínimos de logro dos contidos de aprendizaxe traballados.
- 5. Prever mecanismos de recuperación, repaso, ampliación e reforzo.
- 6. Modificarse en función das necesidades ou aprendizaxe sen perder coherencia.
- 7. Presentar de forma coherente, gradual e lóxica os obxectivos, contidos, criterios de avaliación para o seu desenvolvemento.
- 8. Dispoñer de mecanismos de revisión e de mellora.
- 9. Realizar revisións periodicamente.
- 10. Responder aos interese do alumnado do grupo.
- 11. Establecer relacións coas actividades extraescolares e complementarias.

Unha vez analizados estes indicadores, poderanse realizar modificacións na programación que poden supoñer:

- Unha modificación da metodoloxía empregada.
- Cambios nos procedementos e instrumentos de avaliación.
- Modificacións na temporalización.
- Deseño de medidas correctoras para emendar as dificultades

## 9. Outros apartados

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000341	CEIP Plurilingüe A Pedra	Bueu	2024/2025

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación física	2º Pri.	2	70

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	18
4.2. Materiais e recursos didácticos	19
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	19
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	20
6. Medidas de atención á diversidade	22
7.1. Concreción dos elementos transversais	23
7.2. Actividades complementarias	24
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	24
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	25
9. Outros apartados	26

## 1. Introducción

O presente documento desenvolve unha programación didáctica para a área de Educación Física en 2º curso de Educación Primaria, realizada en base ao Proxecto Curricular do centro e tendo en conta o Decreto actual vixente no que se establece o currículo de Educación Primaria.

A área de Educación Física debe fundamentarse na adquisición das capacidades que contribúan ao desenvolvemento persoal e a unha mellor calidade de vida. Ten que dirixirse cara ao coñecemento progresivo da conducta motora e á adquisición de actitudes, valores e normas referentes ao corpo e ao movemento.

É un área que contribuirá ao logro de diversos fins educativos na Etapa de Educación Primaria: socialización, autonomía, aprendizaxes básicas e mellora das posibilidades expresivas, cognitivas, comunicativas e lúdicas.

Pero a Educación Física non é unha simple aprendizaxe de movementos, senón un camiño cara á educación total que utiliza dito movemento como axente pedagóxico con diversas funcións: de coñecemento, de organización perceptiva, anatómico-funcional, estético-comunicativa, de relación persoal coas demais persoas, agonística, hixiénica, hedonista, de compensación e catártica.

Esta área curricular está especialmente indicada para integrar todo tipo de alumnado e resulta idónea de cara á Atención á Diversidade. Debe incidirse na Coeducación e na Igualdade de oportunidades para ambos sexos.

Nesta proposta teranse en conta os diferentes ritmos de maduración, preténdese desenvolver as capacidades e habilidades instrumentais que melloran e aumentan as posibilidades de movemento dos alumnos/as, a través de patróns motores básicos que constitúan unha sólida base para o futuro.

Un dos obxectivos principais debe ser fomentar a adquisición dun estilo de vida activo e saudable que lle permita ao alumnado chegar a consolidar hábitos e, posteriormente, perpetualos ao longo da súa vida. Esos hábitos de vida saudable son a clave para evitar o sedentarismo e a obesidade contribuindo a ter calidade de vida. Temos que inculcar ao noso alumnado que a actividade física ten que estar no presente e no futuro do seu día a día.

Para abordar con posibilidades de éxito as numerosas situacións motrices ás que se verá exposto o alumnado ao longo da súa vida, será preciso desenvolver de maneira integral capacidades de carácter cognitivo e motor, pero tamén afectivo-motivacional, de relacións interpersoais e de inserción social. Deste xeito, o alumnado terá que aprender a xestionar as súas emocións e as súas habilidades sociais en contextos de práctica motriz.

O alumnado tamén deberá recoñecer diferentes manifestacións da cultura motriz, como parte relevante do patrimonio cultural, expresivo e artístico, que poden converterse en obxecto de gozo e aprendizaxe. Para iso, será preciso desenvolver a súa identidade persoal e social integrando nela as manifestacións máis comúns da cultura motriz, a través dunha práctica vivenciada e creativa.

O desenvolvemento de actitudes comprometidas co medio ambiente e a súa materialización en comportamentos baseados na conservación e na sustentabilidade asociaranse cunha competencia fundamental para a vida en sociedade que debe comezar a adoptarse nesta etapa.

Características Psicoevolutivas do alumnado de 2º de E. Primaria:

- Ámbito cognitivo: están na idade de tránsito da etapa preoperacional ás das operacións concretas (Piaget), na cal existe unha diminución do pensamento egocéntrico e aumento da capacidade de centrarse en máis dun estímulo.
- Ámbito motor: comezan a consolidar o seu esquema corporal( ton, relaxación e respiración) e a controlar condutas motrices de base( postura, equilibrio e coordinación); a dominar condutas perceptivo motrices; estruturación espacial-temporal, lateralidade e ritmo. Consegue o control independente dos segmentos corporais e perfeccionan a motricidade fina e grossa.
- Ámbito afectivo-social: consolidan e amplían o seu proceso de socialización, relacionándose cos demais, respectando regras, dialogando-escoitando e cooperando.

\* CONTEXTUALIZACIÓN.O : CEIP Plurilingüe A Pedra atópase nun núcleo semi-rural de ámbito maritimopesqueiro na vila mariñeira de Bueu na Península do Morrazo. Nel conflúen nenos e nenas procedentes do casco urbano e tamén dos distintos lugares, de carácter rural, que o rodean. O nivel socioeconómico das familias do noso alumnado é en xeral medio baixo, predominando o ambiente mariñeiro cunha economía centrada no sector pesqueiro e nos últimos anos tamén no sector servizos seguidos do industrial e da construción. Este ambiente provoca que maioritariamente as responsabilidades educativas familiares recaen nas nais, debido a falta nalgúns casos da figura paterna; aínda que nos derradeiros anos observamos que este modelo está cambiando.

- Centro: CEIP A Pedra
- Unidades: 17 ( 5 en EI e 12 en EP)
- Curso: 2º
- Nº alumnos/as: 29 (10 nenas e 19 nenos)
- Contorna: Rural
- Instalacións: ximnasio, patios exteriores, zonas verdes

- Xornada escolar: continua (09:10 a 14:10)

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Adoptar un estilo de vida activo e saudable, practicando regularmente actividades físicas e deportivas e adoptando comportamentos que potencien a saúde física, mental e social, así como medidas de responsabilidade individual e colectiva durante a práctica motriz para interiorizar e integrar hábitos de actividade física sistemática que contribúan ao benestar.			2-5		2-5		3	
OBX2 - Adaptar os elementos propios do esquema corporal, as capacidades físicas, perceptivo-motrices e coordinativas, así como as habilidades e as destrezas motrices, aplicando procesos de percepción, decisión e execución adecuados á lóxica interna e aos obxectivos de diferentes situacións, para dar resposta ás demandas de proxectos motores e de prácticas motrices con distintas finalidades en contextos da vida diaria.			1	3	4-5			
OBX3 - Desenvolver procesos de autorregulación e interacción no marco da práctica motriz, con actitude empática e inclusiva, facendo uso de habilidades sociais e actitudes de cooperación, respecto, traballo en equipo e deportividade, con independencia das diferenzas etnoculturais, sociais, de xénero e de habilidade dos participantes, para contribuír á convivencia social e ao compromiso ético nos diferentes espazos en que se participa.	1-5				1-3-5	2-3		
OBX4 - Recoñecer e practicar diferentes manifestacións lúdicas, físico-deportivas e artístico-expresivas propias da cultura motriz, valorando a súa influencia e as súas achegas estéticas e creativas á cultura tradicional e contemporánea, para integralas nas situacións motrices que se utilizan regularmente na vida cotiá.		3				3		1-2-3-4
OBX5 - Valorar diferentes medios naturais e urbanos como contextos de práctica motriz, interactuando con eles, comprendendo a importancia da súa conservación desde un enfoque sustentable e adoptando medidas de responsabilidade individual durante a práctica de xogos, de actividades físico-deportivas e de ocio, para realizar unha práctica eficiente e respectuosa coa contorna e participar no seu coidado e mellora.			5			2-4	1-3	

**Descrición:**

**3.1. Relación de unidades didácticas**

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	COMEZA UNHA AVENTURA SAUDABLE.	Nesta UD comenzaremos coa avaliación inicial e traballaremos hábitos, valores e actitudes que transmite esta área. Pretendemos que coñeza: -A vestimenta axeitada para a práctica de actividade física. - Hábitos xerais de hixiene tras a práctica dalgunha actividade física e hábitos de vida activa e saudable - Uso e coidado do material e dos espazos. - Importancia de seguir as regras marcadas. Pautas para a prevención de accidentes nas prácticas motrices: xogos de activación, quecemento, volta a calma, ... Tamén pretendemos que coñezan e practiquen xogos populares, autóctonos e tradicionais como vínculo e parte do patrimonio cultural de Galicia, de forma que contribúan ao seu mantemento.	60	25	X	X	X
2	AS HABILIDADES MOTRICES: EXPERIMENTANDO, XOGANDO E COOPERANDO.	Nesta unidade didáctica traballaremos a conciencia corporal, control postural (o equilibrio) nocións espazo-temporais e as distintas habilidades motrices básicas a través do xogo, algo que non se pode tratar de xeito illado e independente na Educación Física. Poremos especial atención nos xogos cooperativos como propostas que buscan diminuír as manifestacións de agresividade, promovendo actitudes de sensibilización, cooperación, comunicación e solidariedade. Buscan a participación de todos, predominando os obxectivos colectivos sobre as metas individuais. Os nenos/as xogan con outros/as e non contra os outros/as; xogan para superar desafíos ou obstáculos e non para superar os demais. Será necesario o traballo en grupo para conseguir un fin común.	20	25		X	
3	XOGAR E SENTIR DENTRO E FÓRA DO COLEXIO.	Con esta unidade didáctica pretendemos que os alumnos/as desenvolvan a súa creatividade e expresión corporal, coñezan e practiquen danzas e xogos populares, autóctonos e tradicionais. Tamén as actividades físicas no medio natural e urbano como elemento de goce e sensibilización da conservación da contorna na procura dunha nova conciencia cidadá	20	20			X



UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	XOGAR E SENTIR DENTRO E FÓRA DO COLEXIO.	do medio ambiente.	20	20			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	COMEZA UNHA AVENTURA SAUDABLE.	25

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os desprazamentos activos como práctica saudable, coñecendo os seus beneficios físicos para o establecemento dun estilo de vida activo.	Identifica os beneficios dunha vida activa.	TI	100
CA1.2 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	Recoñece a importancia da roupa axeitada, da bolsa co material e do coidado do aseo persoal. e postural.		
CA1.3 - Coñecer os valores positivos que fomenta a práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando os seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes independentemente das súas características individuais.	Respecta as normas consensuadas da clase, as regras dos xogos, actuando con deportividade, xogo limpo e evitando as actitudes discriminatorias ou violentas.		
CA1.4 - Recoñecer a importancia de establecer metas claras á hora de desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, valorando a súa consecución a partir dunha análise dos resultados obtidos.	Respecta as normas consensuadas da clase, as regras dos xogos, actuando con deportividade, xogo limpo e evitando as actitudes discriminatorias ou violentas.		
CA1.5 - Identificar as emocións que se producen durante o xogo, tentando xestionalas e gozando da actividade física.	Amosa unha disposición positiva cara a practica física e o esforzo como un hábito saudable e xestiona adecuadamente as emocións que xurdan		
CA1.6 - Respectar as normas consensuadas, así como as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade, aceptando as características e os niveis dos participantes.	Respecta as normas consensuadas da clase, as regras dos xogos, actuando con deportividade, xogo limpo e evitando as actitudes discriminatorias ou violentas.		
CA1.7 - Participar nas prácticas motrices cotiás, comezando a desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación; iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo e mostrando un compromiso activo fronte ás actuacións contrarias á convivencia.	Respecta as normas consensuadas da clase, as regras dos xogos, actuando con deportividade, xogo limpo e evitando as actitudes discriminatorias ou violentas.		
CA2.1 - Identificar os desprazamentos activos como práctica saudable, coñecendo os seus beneficios físicos para o establecemento dun estilo de vida activo.	Identifica os beneficios dunha vida activa.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.2 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	Recoñece a importancia da roupa axeitada, da bolsa co material e do coidado do aseo persoal. e postural.		
CA2.3 - Participar en xogos de activación e volta á calma recoñecendo a súa utilidade para adaptar o corpo á actividade física e evitar lesións.	Realiza proxectos motores utilizando estratexias básicas de activación, volta a calma, de cooperación-oposición, preparación-recollida-coidado do material e adopta as decisións axeitadas en situacións lúdicas.		
CA2.4 - Recoñecer a importancia de desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, valorando a súa consecución a partir dunha análise dos resultados obtidos.	Respecta as normas consensuadas da clase, as regras dos xogos, actuando con deportividade, xogo limpo e evitando as actitudes discriminatorias ou violentas.		
CA2.5 - Adoptar decisións en contextos de práctica motriz de maneira axustada segundo as circunstancias.	Respecta as normas consensuadas da clase, as regras dos xogos, actuando con deportividade, xogo limpo e evitando as actitudes discriminatorias ou violentas.		
CA2.6 - Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica e integrada en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.	Acepta a propia imaxe corporal e a dos demais mellorando o seu control e dominio corporal.		
CA2.7 - Participar activamente en xogos e noutras manifestacións artístico-expresivas de carácter cultural propias da contorna, valorando o seu compoñente lúdico-festivo e gozando da súa posta en práctica.	Participa en xogos e actividades da nosa cultura e doutras valorando a súa importancia e influencia.		
CA3.1 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	Recoñece a importancia da roupa axeitada, da bolsa co material e do coidado do aseo persoal. e postural.		
CA3.2 - Adoptar decisións en contextos de práctica motriz de maneira axustada segundo as circunstancias.	Respecta as normas consensuadas da clase, as regras dos xogos, actuando con deportividade, xogo limpo e evitando as actitudes discriminatorias ou violentas.		
CA3.3 - Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica e integrada en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.	Acepta a propia imaxe corporal e a dos demais mellorando o seu control e dominio corporal.		
CA3.4 - Participar activamente en xogos e noutras manifestacións artístico-expresivas de carácter cultural propias da contorna, valorando o seu compoñente lúdico-festivo e gozando da súa posta en práctica.	Participa en xogos e actividades da nosa cultura e doutras valorando a súa importancia e influencia.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.2 - Identificar as emocións que se producen durante o xogo, tentando xestionalas e gozando da actividade física.	Amosa unha disposición positiva cara a practica física e o esforzo como un hábito saudable e xestiona adecuadamente as emocións que xurdan		
CA4.3 - Respetar as normas consensuadas, así como as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade, aceptando as características e os niveis dos participantes.	Respecta as normas consensuadas da clase, as regras dos xogos, actuando con deportividade, xogo limpo e evitando as actitudes discriminatorias ou violentas.		
CA4.4 - Participar nas prácticas motrices cotiás, comezando a desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación; iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo e mostrando un compromiso activo fronte ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Respecta as normas consensuadas da clase, as regras dos xogos, actuando con deportividade, xogo limpo e evitando as actitudes discriminatorias ou violentas.		
CA5.1 - Participar activamente en xogos e noutras manifestacións artístico-expresivas de carácter cultural propias da contorna, valorando o seu compoñente lúdico-festivo e gozando da súa posta en práctica.	Participa en xogos e actividades da nosa cultura e doutras valorando a súa importancia e influencia.		
CA6.1 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	Recoñece a importancia da roupa axeitada, da bolsa co material e do coidado do aseo persoal. e postural.		
CA6.2 - Coñecer os valores positivos que fomenta a práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando os seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes independentemente das súas características individuais.	Respecta as normas consensuadas da clase, as regras dos xogos, actuando con deportividade, xogo limpo e evitando as actitudes discriminatorias ou violentas.		
CA6.3 - Adoptar decisións en contextos de práctica motriz de maneira axustada segundo as circunstancias.	Respecta as normas consensuadas da clase, as regras dos xogos, actuando con deportividade, xogo limpo e evitando as actitudes discriminatorias ou violentas.		
CA6.6 - Utilizar de forma adecuada o material, as instalacións e os espazos nos que se realizan as actividades físicas, axudando a mantelos en bo estado.	É coidadoso co material e as instalacións e participa na súa preparación e recollida.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Saúde física:</li> <li>- Efectos físicos beneficiosos dun estilo de vida activo.</li> <li>- Alimentación saudable e hidratación.</li> <li>- Educación postural en situacións cotiás.</li> <li>- Coidado do corpo: a hixiene persoal e o descanso tras a actividade física.</li> <li>- Saúde social:</li> </ul>

## Contidos

- A actividade física como práctica social saudable.
- Dereitos dos nenos e das nenas no deporte escolar.
- Respecto cara a todas as persoas con independencia das súas características persoais.
- Saúde mental:
- Efectos psicolóxicos beneficiosos dun estilo de vida activo.
- Benestar persoal e na contorna a través da motricidade.
- Autocoñecemento e identificación de fortalezas e debilidades en todos os ámbitos (social, físico e mental).
- Práctica física: vivencia de diversas experiencias corporais en distintos contextos.
- Uso e coidado do material e dos espazos utilizados na actividade que se vaia desenvolver.
- Preparación da práctica motriz: vestimenta deportiva e hábitos xerais de hixiene corporal.
- Planificación e autorregulación de proxectos motores sinxelos: obxectivos ou metas.
- Prevención de accidentes nas prácticas motrices: xogos de activación, quecemento e volta á calma.
- Toma de decisións en situacións motrices diversas:
- Adecuación das accións ás capacidades e ás limitacións persoais en situacións motrices individuais.
- Coordinación de accións en situacións cooperativas.
- Técnicas básicas de respiración e relaxación/contracción para controlar o corpo e ser aplicadas en distintas situacións motrices cotiás.
- Xestión emocional: estratexias de identificación, experimentación e manifestación de emocións, pensamentos e sentimentos a partir de experiencias motrices.
- Grao de autonomía e autoconfianza: aumento da autonomía persoal, mellora e afianzamento da confianza en si mesmo e nos demais.
- Habilidades sociais: verbalización de emocións derivadas da interacción en contextos motrices.
- Respecto das regras de xogo.
- Condutas que favorezan a convivencia e a igualdade de xénero, inclusivas e de respecto aos demais, en situacións motrices: estratexias de identificación de condutas contrarias á convivencia ou discriminatorias.
- Achegas da cultura motriz á herdanza cultural. Os xogos e as danzas como manifestación da propia cultura.
- Coñecemento e práctica de bailes e xogos populares, tradicionais e autóctonos de Galicia.
- Conservación das diferentes instalacións e espazos usados para a práctica motriz.

UD	Título da UD	Duración
2	AS HABILIDADES MOTRICES: EXPERIMENTANDO, XOGANDO E COOPERANDO.	25

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Identificar os desprazamentos activos como práctica saudable, coñecendo os seus beneficios físicos para o establecemento dun estilo de vida activo.	Identifica os beneficios dunha vida activa.	TI	100
CA1.2 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	Recoñece a importancia da roupa axeitada, da bolsa co material e do coidado do aseo persoal. e postural.		
CA1.3 - Coñecer os valores positivos que fomenta a práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando os seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes independentemente das súas características individuais.	Respecta as normas consensuadas da clase, as regras dos xogos, actuando con deportividade, xogo limpo e evitando as actitudes discriminatorias ou violentas.		
CA1.4 - Recoñecer a importancia de establecer metas claras á hora de desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, valorando a súa consecución a partir dunha análise dos resultados obtidos.	Respecta as normas consensuadas da clase, as regras dos xogos, actuando con deportividade, xogo limpo e evitando as actitudes discriminatorias ou violentas.		
CA1.5 - Identificar as emocións que se producen durante o xogo, tentando xestionalas e gozando da actividade física.	Amosa unha disposición positiva cara a practica física e o esforzo como un hábito saudable e xestiona adecuadamente as emocións que xurdan		
CA1.6 - Respectar as normas consensuadas, así como as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade, aceptando as características e os niveis dos participantes.	Respecta as normas consensuadas da clase, as regras dos xogos, actuando con deportividade, xogo limpo e evitando as actitudes discriminatorias ou violentas.		
CA1.7 - Participar nas prácticas motrices cotiás, comezando a desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación; iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo e mostrando un compromiso activo fronte ás actuacións contrarias á convivencia.	Respecta as normas consensuadas da clase, as regras dos xogos, actuando con deportividade, xogo limpo e evitando as actitudes discriminatorias ou violentas.		
CA2.1 - Identificar os desprazamentos activos como práctica saudable, coñecendo os seus beneficios físicos para o establecemento dun estilo de vida activo.	Identifica os beneficios dunha vida activa.		
CA2.2 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	Recoñece a importancia da roupa axeitada, da bolsa co material e do coidado do aseo persoal. e postural.		
CA2.3 - Participar en xogos de activación e volta á calma recoñecendo a súa utilidade para adaptar o corpo á actividade física e evitar lesións.	Realiza proxectos motores utilizando estratexias básicas de activación, volta a calma, de cooperación-oposición, preparación-recollida-coidado do material e adopta as decisións axeitadas en situacións lúdicas.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.4 - Recoñecer a importancia de desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, valorando a súa consecución a partir dunha análise dos resultados obtidos.	Respecta as normas consensuadas da clase, as regras dos xogos, actuando con deportividade, xogo limpo e evitando as actitudes discriminatorias ou violentas.		
CA2.5 - Adoptar decisións en contextos de práctica motriz de maneira axustada segundo as circunstancias.	Respecta as normas consensuadas da clase, as regras dos xogos, actuando con deportividade, xogo limpo e evitando as actitudes discriminatorias ou violentas.		
CA2.6 - Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica e integrada en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.	Acepta a propia imaxe corporal e a dos demais mellorando o seu control e dominio corporal.		
CA3.1 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	Recoñece a importancia da roupa axeitada, da bolsa co material e do coidado do aseo persoal. e postural.		
CA3.2 - Adoptar decisións en contextos de práctica motriz de maneira axustada segundo as circunstancias.	Respecta as normas consensuadas da clase, as regras dos xogos, actuando con deportividade, xogo limpo e evitando as actitudes discriminatorias ou violentas.		
CA3.3 - Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica e integrada en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.	Respecta as normas consensuadas da clase, as regras dos xogos, actuando con deportividade, xogo limpo e evitando as actitudes discriminatorias ou violentas.		
CA4.1 - Coñecer os valores positivos que fomenta a práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando os seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes independentemente das súas características individuais.	Respecta as normas consensuadas da clase, as regras dos xogos, actuando con deportividade, xogo limpo e evitando as actitudes discriminatorias ou violentas.		
CA4.2 - Identificar as emocións que se producen durante o xogo, tentando xestionalas e gozando da actividade física.	Amosa unha disposición positiva cara a practica física e o esforzo como un hábito saudable e xestiona adecuadamente as emocións que xurdan		
CA4.3 - Respectar as normas consensuadas, así como as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade, aceptando as características e os niveis dos participantes.	Respecta as normas consensuadas da clase, as regras dos xogos, actuando con deportividade, xogo limpo e evitando as actitudes discriminatorias ou violentas.		
CA4.5 - Coñecer e valorar os logros de distintos referentes do deporte de ambos os xéneros, recoñecendo o esforzo, a dedicación e os sacrificios requiridos para alcanzar os devanditos éxitos.	Recoñece os beneficios dunha vida activa		
CA5.2 - Coñecer e valorar os logros de distintos referentes do deporte de ambos os xéneros, recoñecendo o esforzo, a dedicación e os sacrificios requiridos para alcanzar os devanditos éxitos.	Recoñece os beneficios dunha vida activa		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA6.1 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	Recoñece a importancia da roupa axeitada, da bolsa co material e do coidado do aseo persoal. e postural.		
CA6.2 - Coñecer os valores positivos que fomenta a práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando os seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes independentemente das súas características individuais.	Respecta as normas consensuadas da clase, as regras dos xogos, actuando con deportividade, xogo limpo e evitando as actitudes discriminatorias ou violentas.		
CA6.3 - Adoptar decisións en contextos de práctica motriz de maneira axustada segundo as circunstancias.	Respecta as normas consensuadas da clase, as regras dos xogos, actuando con deportividade, xogo limpo e evitando as actitudes discriminatorias ou violentas.		
CA6.4 - Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica e integrada en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.	Acepta a propia imaxe corporal e a dos demais mellorando o seu control e dominio corporal.		
CA6.6 - Utilizar de forma adecuada o material, as instalacións e os espazos nos que se realizan as actividades físicas, axudando a mantelos en bo estado.	É coidadoso co material e as instalacións e participa na súa preparación e recollida.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Saúde física:</li> <li>- Efectos físicos beneficiosos dun estilo de vida activo.</li> <li>- Alimentación saudable e hidratación.</li> <li>- Educación postural en situacións cotiás.</li> <li>- Coidado do corpo: a hixiene persoal e o descanso tras a actividade física.</li> <li>- Saúde social:</li> <li>- A actividade física como práctica social saudable.</li> <li>- Dereitos dos nenos e das nenas no deporte escolar.</li> <li>- Respecto cara a todas as persoas con independencia das súas características persoais.</li> <li>- Saúde mental:</li> <li>- Efectos psicolóxicos beneficiosos dun estilo de vida activo.</li> <li>- Benestar persoal e na contorna a través da motricidade.</li> <li>- Autoconecemento e identificación de fortalezas e debilidades en todos os ámbitos (social, físico e mental).</li> </ul>

## Contidos

- Práctica física: vivencia de diversas experiencias corporais en distintos contextos.
- Uso e coidado do material e dos espazos utilizados na actividade que se vaia desenvolver.
- Preparación da práctica motriz: vestimenta deportiva e hábitos xerais de hixiene corporal.
- Planificación e autorregulación de proxectos motores sinxelos: obxectivos ou metas.
- Prevención de accidentes nas prácticas motrices: xogos de activación, quecemento e volta á calma.
- Toma de decisións en situacións motrices diversas:
- Adecuación das accións ás capacidades e ás limitacións persoais en situacións motrices individuais.
- Coordinación de accións en situacións cooperativas.
- Axuste da acción á localización do adversario en situacións motrices de persecución e de interacción cun móbil.
- Selección de accións para manter a posesión, recuperar o móbil ou evitar que o atacante progrese en situacións motrices de colaboración-oposición de persecución e de interacción cun móbil.
- Decisión sobre a posición corporal e a distancia adecuadas en situacións que impliquen oposición sen contacto e con contacto.
- Esquema corporal:
- Conciencia corporal.
- Lateralidade e a súa proxección no espazo.
- Coordinación óculo-pédica e óculo-manual.
- Equilibrio estático e dinámico.
- Percepción espazo-temporal. Nocións básicas (arriba-abaixo, encima-debaixo, diante-detrás, preto-lonxe, dentro-fóra, esquerda-dereita) para orientarse no espazo.
- Capacidades físicas desde o ámbito lúdico e o xogo.
- Habilidades e destrezas motrices básicas xenéricas: locomotrices, non locomotrices e manipulativas.
- Xestión emocional: estratexias de identificación, experimentación e manifestación de emocións, pensamentos e sentimentos a partir de experiencias motrices.
- Grao de autonomía e autoconfianza: aumento da autonomía persoal, mellora e afianzamento da confianza en si mesmo e nos demais.
- Habilidades sociais: verbalización de emocións derivadas da interacción en contextos motrices.
- Respecto das regras de xogo.
- Condutas que favorezan a convivencia e a igualdade de xénero, inclusivas e de respecto aos demais, en situacións motrices: estratexias de identificación de condutas contrarias á convivencia ou discriminatorias.
- Deporte e perspectiva de xénero: referentes no deporte de distintos xéneros.
- Conservación das diferentes instalacións e espazos usados para a práctica motriz.



UD	Título da UD	Duración
3	XOGAR E SENTIR DENTRO E FÓRA DO COLEXIO.	20

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os desprazamentos activos como práctica saudable, coñecendo os seus beneficios físicos para o establecemento dun estilo de vida activo.	Identifica os beneficios dunha vida activa.	TI	100
CA1.2 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	Recoñece a importancia da roupa axeitada, da bolsa co material e do coidado do aseo persoal. e postural.		
CA1.3 - Coñecer os valores positivos que fomenta a práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando os seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes independentemente das súas características individuais.	Respecta as normas consensuadas da clase, as regras dos xogos, actuando con deportividade, xogo limpo e evitando as actitudes discriminatorias ou violentas.		
CA1.4 - Recoñecer a importancia de establecer metas claras á hora de desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, valorando a súa consecución a partir dunha análise dos resultados obtidos.	Respecta as normas consensuadas da clase, as regras dos xogos, actuando con deportividade, xogo limpo e evitando as actitudes discriminatorias ou violentas.		
CA1.5 - Identificar as emocións que se producen durante o xogo, tentando xestionalas e gozando da actividade física.	Amosa unha disposición positiva cara a práctica física e o esforzo como un hábito saudable e xestiona adecuadamente as emocións que xurdan		
CA1.6 - Respectar as normas consensuadas, así como as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade, aceptando as características e os niveis dos participantes.	Respecta as normas consensuadas da clase, as regras dos xogos, actuando con deportividade, xogo limpo e evitando as actitudes discriminatorias ou violentas.		
CA1.7 - Participar nas prácticas motrices cotiás, comezando a desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación; iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo e mostrando un compromiso activo fronte ás actuacións contrarias á convivencia.	Respecta as normas consensuadas da clase, as regras dos xogos, actuando con deportividade, xogo limpo e evitando as actitudes discriminatorias ou violentas.		
CA2.1 - Identificar os desprazamentos activos como práctica saudable, coñecendo os seus beneficios físicos para o establecemento dun estilo de vida activo.	Identifica os beneficios dunha vida activa.		
CA2.2 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	Recoñece a importancia da roupa axeitada, da bolsa co material e do coidado do aseo persoal. e postural.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.3 - Participar en xogos de activación e volta á calma recoñecendo a súa utilidade para adaptar o corpo á actividade física e evitar lesións.	Realiza proxectos motores utilizando estratexias básicas de activación, volta a calma, de cooperación-oposición preparación-recollida-coidado do material e adopta as decisións axeitadas en situacións lúdicas.		
CA2.4 - Recoñecer a importancia de desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, valorando a súa consecución a partir dunha análise dos resultados obtidos.	Respecta as normas consensuadas da clase, as regras dos xogos, actuando con deportividade, xogo limpo e evitando as actitudes discriminatorias ou violentas.		
CA2.5 - Adoptar decisións en contextos de práctica motriz de maneira axustada segundo as circunstancias.	Respecta as normas consensuadas da clase, as regras dos xogos, actuando con deportividade, xogo limpo e evitando as actitudes discriminatorias ou violentas.		
CA2.6 - Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica e integrada en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.	Acepta a propia imaxe corporal e a dos demais mellorando o seu control e dominio corporal.		
CA2.7 - Participar activamente en xogos e noutras manifestacións artístico-expresivas de carácter cultural propias da contorna, valorando o seu compoñente lúdico-festivo e gozando da súa posta en práctica.	Participa en xogos e actividades da nosa cultura e doutras valorando a súa importancia e influencia		
CA2.8 - Participar en actividades lúdico-recreativas de forma segura nas contornas natural e urbana, coñecendo os usos que nos achegan a nivel motriz e adoptando actitudes de respecto, coidado e conservación das devanditas contornas.	Desenvolve prácticas motrices na contorna con seguridade evitando riscos e axudando a conservar o medio ambiente.		
CA3.1 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	Recoñece a importancia da roupa axeitada, da bolsa co material e do coidado do aseo persoal. e postural.		
CA3.2 - Adoptar decisións en contextos de práctica motriz de maneira axustada segundo as circunstancias.	Respecta as normas consensuadas da clase, as regras dos xogos, actuando con deportividade, xogo limpo e evitando as actitudes discriminatorias ou violentas.		
CA3.3 - Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica e integrada en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.	Acepta a propia imaxe corporal e a dos demais mellorando o seu control e dominio corporal.		
CA3.4 - Participar activamente en xogos e noutras manifestacións artístico-expresivas de carácter cultural propias da contorna, valorando o seu compoñente lúdico-festivo e gozando da súa posta en práctica.	Participa en xogos e actividades da nosa cultura e doutras valorando a súa importancia e influencia		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.5 - Adaptar os distintos usos comunicativos da corporalidade e as súas manifestacións a diferentes ritmos e contextos expresivos.	Emprega distintos elementos comunicativos- expresivos da súa corporalidade en manifestacións diferentes (mímica, coreografías sinxelas... )		
CA4.2 - Identificar as emocións que se producen durante o xogo, tentando xestionalas e gozando da actividade física.	Amosa unha disposición positiva cara a practica física e o esforzo como un hábito saudable e xestiona adecuadamente as emocións que xurdan		
CA4.3 - Respetar as normas consensuadas, así como as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade, aceptando as características e os niveis dos participantes.	Respecta as normas consensuadas da clase, as regras dos xogos, actuando con deportividade, xogo limpo e evitando as actitudes discriminatorias ou violentas.		
CA4.6 - Participar en actividades lúdico-recreativas de forma segura nas contornas natural e urbana, coñecendo os usos que nos achegan a nivel motriz e adoptando actitudes de respecto, coidado e conservación das devanditas contornas.	Desenvolve prácticas motrices na contorna con seguridade evitando riscos e axudando a conservar o medio ambiente.		
CA5.1 - Participar activamente en xogos e noutras manifestacións artístico-expresivas de carácter cultural propias da contorna, valorando o seu compoñente lúdico-festivo e gozando da súa posta en práctica.	Participa en xogos e actividades da nosa cultura e doutras valorando a súa importancia e influencia		
CA5.3 - Adaptar os distintos usos comunicativos da corporalidade e as súas manifestacións a diferentes ritmos e contextos expresivos.	Emprega distintos elementos comunicativos- expresivos da súa corporalidade en manifestacións diferentes (mímica, coreografías sinxelas... )		
CA6.1 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	Recoñece a importancia da roupa axeitada, da bolsa co material e do coidado do aseo persoal. e postural.		
CA6.2 - Coñecer os valores positivos que fomenta a práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando os seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes independentemente das súas características individuais.	Respecta as normas consensuadas da clase, as regras dos xogos, actuando con deportividade, xogo limpo e evitando as actitudes discriminatorias ou violentas.		
CA6.3 - Adoptar decisións en contextos de práctica motriz de maneira axustada segundo as circunstancias.	Respecta as normas consensuadas da clase, as regras dos xogos, actuando con deportividade, xogo limpo e evitando as actitudes discriminatorias ou violentas.		
CA6.5 - Participar en actividades lúdico-recreativas de forma segura nas contornas natural e urbana, coñecendo os usos que nos achegan a nivel motriz e adoptando actitudes de respecto, coidado e conservación das devanditas contornas.	Participa en xogos e actividades da nosa cultura e doutras valorando a súa importancia e influencia.		
CA6.6 - Utilizar de forma adecuada o material, as instalacións e os espazos nos que se realizan as actividades físicas, axudando a mantelos en bo estado.	É coidadoso co material e as instalacións e participa na súa preparación e recollida.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Saúde física:
  - Efectos físicos beneficiosos dun estilo de vida activo.
  - Alimentación saudable e hidratación.
  - Educación postural en situacións cotiás.
  - Coidado do corpo: a hixiene persoal e o descanso tras a actividade física.
- Saúde social:
  - A actividade física como práctica social saudable.
  - Dereitos dos nenos e das nenas no deporte escolar.
  - Respecto cara a todas as persoas con independencia das súas características persoais.
- Saúde mental:
  - Efectos psicolóxicos beneficiosos dun estilo de vida activo.
  - Benestar persoal e na contorna a través da motricidade.
  - Autocoñecemento e identificación de fortalezas e debilidades en todos os ámbitos (social, físico e mental).
  - Práctica física: vivencia de diversas experiencias corporais en distintos contextos.
  - Uso e coidado do material e dos espazos utilizados na actividade que se vaia desenvolver.
  - Preparación da práctica motriz: vestimenta deportiva e hábitos xerais de hixiene corporal.
  - Planificación e autorregulación de proxectos motores sinxelos: obxectivos ou metas.
  - Prevención de accidentes nas prácticas motrices: xogos de activación, quecemento e volta á calma.
  - Toma de decisións en situacións motrices diversas:
    - Adecuación das accións ás capacidades e ás limitacións persoais en situacións motrices individuais.
    - Coordinación de accións en situacións cooperativas.
  - Creatividade motriz: variación e adecuación da acción motriz ante estímulos externos e internos.
- Xestión emocional: estratexias de identificación, experimentación e manifestación de emocións, pensamentos e sentimentos a partir de experiencias motrices.
- Grao de autonomía e autoconfianza: aumento da autonomía persoal, mellora e afianzamento da confianza en si mesmo e nos demais.
- Habilidades sociais: verbalización de emocións derivadas da interacción en contextos motrices.
- Respecto das regras de xogo.
  - Condutas que favorezan a convivencia e a igualdade de xénero, inclusivas e de respecto aos demais, en situacións motrices: estratexias de identificación de condutas contrarias á convivencia ou discriminatorias.
  - Achegas da cultura motriz á herdanza cultural. Os xogos e as danzas como manifestación da propia cultura.
  - Coñecemento e práctica de bailes e xogos populares, tradicionais e autóctonos de Galicia.

## Contidos

- Usos comunicativos da corporalidade: xestos, acenos, posturas e outros.
- Descubrimento e exploración das posibilidades expresivas do corpo e do movemento.
- Práctica de actividades rítmico-musicais con carácter artístico-expresivo.
- Normas de uso da vía pública: educación viaria para peóns. Mobilidade segura, saudable e sustentable.
- Posibilidades motrices dos espazos de xogo e espaxemento infantil.
- Posibilidades de uso que achega o material para o desenvolvemento da práctica motriz e concienciación dos efectos que se producen sobre a contorna.
- Conservación das diferentes instalacións e espazos usados para a práctica motriz.
- Realización de actividades físicas seguras no medio natural e urbano.
- Coidado e conservación da contorna próxima durante a práctica de actividade física no medio natural e urbano.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía empregada nesta programación será:

- \* FLEXIBLE: adaptándose continuamente aos diferentes niveis de cada alumno/a.
- \* ACTIVA: fomentando alumnado autónomo e responsable das súas aprendizaxes.
- \* PARTICIPATIVA: potenciando a cooperación-colaboración entre iguais.
- \* INTEGRADORA: facilitando poder sentirse capaces coas súas propias respostas motrices e coas súas diferenzas, mellorando a autoestima.
- \* INDUCTIVA: tentando que o alumno/a poida comprender o que está a facer e cal é o obxectivo.
- \* LÚDICA: o xogo, elemento fundamental.
- \* CREATIVA: propoñendo a procura de solucións aos problemas que vaian aparecendo ao longo da aprendizaxe.

As metodoloxías activas contribuirán á adquisición das competencias clave, convertendo o xogo nun importante recurso metodolóxico, dado o carácter global e lúdico desta área ao longo de toda a etapa. Destacando especialmente as actividades cooperativas sen rexeitar o aspecto competitivo xa que contribúen a saber gañar e saber perder.

O xogo ten o valor extra de dar ás sesións un carácter divertido e de contribuír a fomentar aprendizaxes significativas. Na organización da clase intentaremos evitar, na medida do posible, os tempos mortos e de espera, para o cal debemos contar con material suficiente ou diversificar as actividades. Cando se desenvolvan actividades que requiran esforzos, distribuiremos axeitadamente o tempo de recuperación, variando o tipo de actividade.

Así mesmo, para favorecer unha adquisición eficaz das competencias deberán deseñarse actividades de aprendizaxe que lle permitan ao alumnado avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

Os métodos e estilos de ensinanza a utilizar serán variados e dependerán da actividade para desenvolver; así utilizaremos estilos máis directivos (mando directo, asignación de tarefas) en actividades que esixan unha maior intervención do profesor. Da mesma maneira avogaremos por estilos menos directivos (resolución de problemas, descubrimento guiado,...) buscando unha maior autonomía no alumnado (desenvolvemento dos traballos e posta en escena deles)/deles) Tamén se proporán situacións de ensino recíproca, xa que o feito de que un alumno/a teña que corraxir ao seu compañeiro non só axuda ao que está a executar a acción, senón que tamén, o que fai

Uso de distintas metodoloxías que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, partindo das súas capacidades, valorando non só o resultado senón a progresión e o proceso da actividades motriz mesma favorecendo a capacidade de aprender por si mesmos.

No transcurso de cada UD utilizaranse diferentes agrupamentos de alumnos (gran grupo, pequeno grupo, parellas, traballo individual).

En definitiva, a acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, terá en conta os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe. Tamén favorecerá a capacidade de aprender por si mesmo, fomentará o traballo colaborativo e en equipo, e potenciará a aprendizaxe significativa que promova a autonomía, a reflexión e á súa aplicación na vida cotiá, fóra da contorna do centro.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
A) Convencional pequeno tamaño: aros, cordas, ladrillos, picas, conos, indiacas, pelotas, raquetas e voantes, bates de béisbol, stick de hóckey.
B) Convencional gran tamaño: porterías, canastras, bancos, colchonetas. redes de bádminton, minitramp, pelotas xigantes, paracaídas
C) Non convencional: globos, ligas, sacos, teas, panos, tellas...
D) Non convencional refutable: xornais, botellas, bolsas de plástico, botes suavizante, vasos iogur,...
E) Informático e audiovisual: ordenador, altofalantes, equipo de música,...
F) Instalacións: ximnasio, zona cuberta, patios exteriores...

Os diferentes materiais e recursos didácticos que utilizamos cumpren as seguintes funcións: de apoio á aprendizaxe, estruturadora, e motivadora

A importancia do material, os recursos e estímulos aplicados como xogo na Actividade Física son fundamentais xa que permiten realizar experiencias múltiples, mediante os cales se vai acadando a comprensión concreta e precisa dos obxectivos nas metas propostas, así como tamén o proporcionar a capacidade de poder crear, relacionar, e transformar o que se quere alcanzar en coñecemento, cun ambiente cheo de emocións, sensacións e experiencias mediante actividades lúdicas.

Hai que ter en conta que o material co que se traballe debe estar acorde ás actividades para realizar ( aínda que sexa o máis sinxelo e podemos atopar no noso carón). O material dependerá do propósito co cal se vai a traballar, polo que será preciso analizar: o medio, a idade, as capacidades, a contorna, entre outras. Tamén teremos en conta para a participación da nosa área os recursos que nos ofrece a comunidade e o entorno (parques, ríos, praias, bosques, camiños, piscinas, pistas de tenis e outras instalacións) e que igualmente serán empregados cando así se considere. Todo isto permitirá desenvolver habilidades e destrezas no seu aspecto físico e cognitivo, o importante é a adecuada utilización dos materiais que se elixa para as actividades.

Os recursos e materiais utilizados nas sesións de educación física cumpren distintas finalidades, sendo as máis relevantes as seguintes:

- Son un medio entre a teoría impartida e a práctica deportiva.
- Motivan ao alumnado á hora de realizar as tarefas.
- Favorecer a comunicación e comprensión entre o alumnado.
- Son un elemento auxiliar eficaz.
- Posibilita a autoinstrución.
- Son unha guía para as aprendizaxes.
- Permiten avaliar ao alumnado.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación debe ser entendida como unha práctica reflexiva que nos permita comprender mellor o que sucede no escenario educativo. Tamén nos permitirá investigar sobre a nosa propia práctica. Polo tanto, a avaliación débenos servir para acumular o maior número de información sobre un alumno e sobre todos os aspectos que determinan o proceso de aprendizaxe, para logo tomar determinadas decisións.

En Educación Física a avaliación posúe unha serie de peculiaridades que se deben ter en conta:

- O carácter lúdico das actividades físico-deportivas.
- A estreita relación entre motricidade e desenvolvemento evolutivo.
- As condicións en que se desenvolve a área: número de alumnos, tempo dispoñible, necesidade de instrumentos ou condicións específicas e a imposibilidade de avaliar de forma masiva poden restar eficacia á avaliación.
- Compaxinar as actividades subxectivas como obxectivas.
- A ausencia dun contido estable definido e uniforme.

Hai tres momentos significativos no proceso avaliador dentro do desenvolvemento curricular que determinan as súas

funcións específicas. Son a avaliación inicial-diagnóstica, a avaliación procesual-formativa; e a avaliación final sumativa.

A avaliación inicial serve para coñecer o nivel, non exacto, pero si unha aproximación, do grupo clase con respecto a algúns contidos. A través desta avaliación inicial en educación física, non se pretende coñecer todos os aspectos que se poidan avaliar na área, senón só aqueles que sexan máis relevantes para e así poder realizarse unha idea rápida e global de onde se pode partir.

Existe unha gran variabilidade de aspectos a avaliar en Educación Física e de distinta natureza (expresión corporal, habilidades motrices básicas, equilibrio, coordinación, capacidades física básicas, actividades no medio natural, xogos de cooperación-oposición, respecto que lle teñen ao material, a autonomía, etc.).

Na primeira sesión de cada unidade didáctica prestarase especial atención ao nivel de partida do alumnado en canto aos contidos de dita unidade (posibilidades, necesidades, intereses, etc). Suporá unha avaliación inicial que poderá condicionar o grado de complexidade das actividades das seguintes sesións.

Tamén ao inicio do curso realizaremos unha avaliación inicial para coñecer o nivel de competencia motriz dos nosos alumnos/as. Esta primeira avaliación do curso que se levara a cabo durante as sesións do mes de setembro e que nos permitirá obter un diagnóstico inicial estará composta por:

- Datos sobre o estado de saúde do alumnado (enfermidades, alerxias...) e actividades deportivas extraescolares que practican.

- Circuitos e actividades que comprendan os seguintes contidos:

- Estructuración espazo-temporal: Correr por unha sucesión de aros, desprazarse en función dun ritmo marcado.

- Coordinación e equilibrio: Manter a posición sobre un só apoio un tempo determinado, alternar saltos sobre un banco (pernas abertas, pes xuntos), botar un balón.

- Habilidades básicas: Lanzamento e recepción dun balón, salto en altura e lonxitud.

- Habilidades xenéricas: conducción e botes cun balón nun recorrido establecido.

- Capacidades físicas: Resistencia (5 min), Velocidade (30 m), axilidade (circuito), Forza tren inferior (salto horizontal), flexibilidade (flexión de tronco).

- Expresión e comunicación corporal: Axustar movementos a un ritmo dado.

Cos datos recollidos nestas tarefas e actividades farase unha posterior análise e valoración, co obxectivo de ser o punto de partida co que comezar a traballar.

A diversidade é unha realidade facilmente observable, xa que cada alumno e cada alumna teñen diferentes características individuais e sociais.

En consecuencia, temos que estar en condicións de:

- 1.º Adaptarnos ás características individuais e sociais de cada alumno ou alumna. .

- 2.º Adoptar unha metodoloxía que favoreza a aprendizaxe de todo o alumnado na súa diversidade.

- 3.º Partir da avaliación inicial do alumnado en cada núcleo de aprendizaxe que permita detectar os seus coñecementos previos, para facilitar o aprendizaxe significativo dos novos contidos.

Polo tanto debemos utilizar múltiples estratexias:

- 1.ª Utilizar agrupamentos flexibles dentro do aula, practicando estratexias inter e intragrúps, para potenciar o traballo con grupos heteroxéneos de alumnos e alumnas.

- 2.ª Realizar as adaptacións curriculares necesarias para asegurar que se poida manter unha escola na que teñan cabida todos, sexan cales sexan as súas necesidades educativas ou intereses persoais específicos.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	60	20	20	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

### Criterios de cualificación:

Para determinar a nota do alumnado, débense establecer uns criterios de cualificación que se relacionen directamente cos criterios de avaliación. Estes criterios permitirán identificar se o alumnado progresa adecuadamente.

Utilizaremos instrumentos de avaliación variados para obter información desde diferentes fontes, e desta forma orientar o proceso e realizar axustes sempre que sexa necesario.

A avaliación será criterial, interpretando os resultados en función do alumno/a e avaliando o seu propio progreso, é dicir, o resultado obtido do individuo comparase con outros resultados obtidos polo mesmo nas mesmas actividades ou probas. É dicir, teremos en conta a diversidade do alumnado a hora de realizar este proceso.

Ao ser unha programación didáctica para 1º Ciclo empregaremos Instrumentos Cualitativos, sendo polo tanto unha avaliación baseada en técnicas de observación.

Rexistraremos diariamente o que acontece nas sesións, podendo empregar diferentes Instrumentos de Avaliación:

- REXISTRO ANECDÓTICO: reflectiranse acontecementos que sexan significativos a efectos de avaliación do alumnado, así como calquera feito ou incidencia da sesión que nos poida servir como autoavaliación.

- ESCALAS DE VALORACIÓN: cada U.D. inclúe a escala que se aplicará nela.

- LISTAS DE CONTROL: consiste nunha serie de ítems referidos a características, accións e actividades, nas que se indicará simplemente se se realizan ou non.

- RÚBRICAS: instrumento de medición no que a través dos CA prescritos se establecen uns estándares por niveis, mediante a disposición de escalas, que permiten determinar a calidade da execución en tarefas específicas.

- TEST MOTORES: miden as cualidades físicas básicas que posúe o alumnado para realizar unha actividade física.

1- AVALIACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS:

Avaliarase cada unha das Unidades Didácticas sobre 10, empregando diversos instrumentos de avaliación. Para isto, tomaremos de referencia os criterios de avaliación xunto cos seus mínimos de consecución establecidos para cada unha das UD do apartado 3.3.

2- AVALIACIÓN DO TRIMESTRE:

Para avaliar cada trimestre teremos en conta as Unidades Didácticas levadas a cabo en cada un dos trimestres.

A nota do trimestre será o resultado da nota ponderada acadada polo alumno/a en cada UD, sempre tendo en conta a % de peso que ten esa UD no punto 3.1. Relación das Unidades Didácticas desta programación.

Curso 2024/2025:

1º TRIMESTRE (1 UD - 33,33%):

- UD, 1: 100% = equivalente a un 10 da nota do 1º trimestre.

Nota do 1º trimestre (UD 1)= 10

2º TRIMESTRE (1 -2 UD - 33,33%):

- UD, 1: 60% = equivalente a un 6 da nota do 2º trimestre.

- UD, 2: 40% = equivalente a un 4 da nota do 2º trimestre.

Nota do 2º trimestre (UD 1-2)= 10

3º TRIMESTRE (1-3 UD - 33,33%):

- UD, 1: 60% = equivalente a un 6 da nota do 3º trimestre.

- UD, 3: 40% = equivalente a un 4 da nota do 3º trimestre.

Nota do 3º trimestre (UD 1-3)= 10

3. AVALIACIÓN FINAL DO CURSO (NOTA ORDINARIA) :

A nota da avaliación final ou ordinaria será o resultado da % de peso da UD marcada no apartado 3.1 Desenvolvemento das Ud. desta programación didáctica. Onde cada unha das Unidades Didácticas ten marcado a % de peso que supón o seu contido neste curso.

Baseándonos nisto as notas que o alumnado tivo en cada un dos trimestres suporán a seguinte porcentaxe da nota final.

Curso 2024/2025

- 1º TRIMESTRE (1 UD): 33,33% equivalente a un 3,3 da nota final

- 2º TRIMESTRE (1-2 UD): 33,33 % equivalente a un 3,3 da nota final

- 3º TRIMESTRE (1-3 UD): 33,33% equivalente a un 3,3 da nota final

- ORDINARIA (suma das 3 UD): 100% equivalente a 10.

### **Criterios de recuperación:**

Para o alumnado que non superen o grao de consecución mínima dos CA estableceremos as seguintes premisas:

1.- Os criterios de avaliación plantexados de xeito progresivo quedarán superados cando na seguinte avaliación



sexan acadados.

2.- Os criterios de avaliación plantexados de xeito non progresivo proporánselle actividades ao longo do curso nas distintas UD para que o alumnado supere ditos Criterios de Avaliación.

Para atender as necesidades de alumnado coa materia pendente, de ser o caso, elaborárase un plan específico de recuperación e apoio no que se concretarán os mínimos a reforzar, temporalización, recursos e criterios de avaliación co obxecto de poder recuperar a materia.

## 6. Medidas de atención á diversidade

### ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Atendendo ao marco da ORDEN vixente pola que se desenvolve o Decreto actual que regula a atención a diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, enténdese por atención a diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

É evidente que cada alumno/a é diferente e que estas diferenzas son consecuencia de diversos factores como son as capacidades, motivacións, intereses, situacións sociais, entre outras. O feito de que o currículo sexa aberto e flexible proporciona un instrumento esencial para o tratamento da diversidade. Polo tanto a programación deben prever adaptacións dirixidas a determinados grupos de alumnado con características especiais e existe asumir diferenzas dentro de grupo de clase, así como realizar unha avaliación inicial individualizada.

### MEDIDAS XERAIS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE.

No traballo diario estableceremos unha serie de medidas de carácter xeral, que nos permitirán adaptarnos á diversidade do grupo.

Realizaremos unha avaliación inicial para coñecer o punto de partida de cada neno/a; tanto na programación como nas unidades didácticas traballarase dende un nivel básico ata un avanzado, establecendo uns obxectivo mínimos que deben alcanzar todos/as e outros máis amplos en relación a diversidade de capacidades; as actividades son adaptadas e van do coñecido ao descoñecido, do fácil ao difícil, do concreto ao abstracto e do particular ao xeral; organizaranse grupos de traballo flexibles, o que permitirá ao alumnado realizar actividades de ampliación e reforzo e adaptar o ritmo de introdución dos novos contidos; buscarase que o alumnado realice as tarefas de forma autónoma, ALUMNADO CON NEAE (Necesidades Específicas de Apoio Educativo).

A lexislación vixente define o Alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) como aquel que requira, de forma temporal ou permanente, apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias por presentar necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, TDAH, altas capacidades intelectuais, incorporación tardía ao sistema educativo ou por condicións persoais excepcionais... A atención a este tipo de alumnado levarase a cabo coordinándonos os especialistas que impartimos docencia no grupo, ás familias e ao Departamento de Orientación.

Pódemos atoparnos con distintas situacións:

- Alumnos/as con diferentes ritmos de aprendizaxe. Hai algúns nenos/as que levan un ritmo de aprendizaxe máis lento na aula pero non lles afecta á práctica de actividade física. Tamén hai algúns/algunhas que presentan distinto ritmo de aprendizaxe na nosa área polo que lles ofreceremos o reforzo educativo necesario cando o precisen.
- Alumnos/as de incorporación tardía ao sistema educativo español.
- Alumnos/as con altas capacidades intelectuais, con necesidades continuas de ampliación e dedicación especial.
- Alumnos/as con NEE motivadas por algunha deficiencia.

### SITUACIÓN ACTUAL DO GRUPO - AULA DE 2º NIVEL DO 1º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

De presentarse algunha das situacións anteriores no grupo ao que está dirixida esta programación, atenderanse as necesidades educativas de xeito coordinado para intentar darlle solución.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.3 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.4 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X
ET.5 - Educación vial			X
ET.6 - Educación ambiental			X
ET.7 - Educación para a saúde	X		
ET.8 - Aptitudes como a creatividade, autonomía, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e o sentido crítico	X	X	X
ET.9 - Educación para a paz.		X	

### Observacións:

A Educación Primaria, pretende proporcionar ao alumnado unha educación que lle permita afianzar o seu desenvolvemento persoal, o seu benestar; as habilidades sociais, a creatividade e a afectividade; lograr que adquiren os elementos básicos da cultura, e formalo para o exercicio dos seus dereitos e das súas obrigacións na vida como cidadáns. Desta forma, tanto en Educación Infantil como en Educación Primaria, a actuación do profesor e a relación que se establece entre el e o alumno reviste unha gran relevancia; por iso, os principios nos que se fundamentan os temas transversais deben inspirar en toda a actividade docente e, do mesmo xeito deben ser traballados conxuntamente coas familias para que os nenos e nenas non vivan actuacións contraditorias entre o ámbito escolar e familiar. Para conseguir o anteriormente exposto, faise necesaria a presenza dos temas transversais no currículo. Hai que sinalar, que os temas transversais inflúen en gran parte dos contidos das áreas. Son prescritivos e non aparecen no currículo como disciplinas separadas, senón impregnado todo o labor educativo do profesorado de todos os niveis e etapas educativos. Ditos temas poden definirse como contidos basicamente actitudinais, que exercen influencia no comportamento conductual do noso alumnado. Son valores importantes tanto para o desenvolvemento integral e persoal dos alumnos, como para o desenvolvemento dunha sociedade democrática, respectuosa co medio e tolerante. En Primaria traballaremos como mínimo en todas as áreas os seguintes elementos transversais Comprensión lectora. Expresión oral e escrita. A comunicación audiovisual. A competencia dixital. O fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento. A igualdade entre mulleres e homes. A educación para a paz. A educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable. A educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual. A educación emocional e en valores. Educación Vial.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Obradoiros deportivos/ alimentación saudable	Colaboración con asociacións deportivas e clubs do entorno. Dietista	X		
O magosto	Obradoiro xogos populares e tradicionais	X		
Obradoiros de Nadal	Xogos para rematar o 1º trimestre e conmemorar a chegada do inverno	X		
Paz	Conmemoración do día da Paz con cancións e xogos cooperativos.		X	
Día da actividade Física na rúa.	Actividades físicas na contorna ou na rúa.			X
Día mundial do medio ambiente	Actividades pola contorna de sensibilización da conservación do medio natural.			X
Saídas pola contorna	Participación en programas deportivos e senderismo pola contorna.	X	X	X
Proxecto de innovación educativa " Imos de Romaría "	Colaboración no proxecto de Dinamización para a representación dunha romaría tradicional. dunha			X

### Observacións:

- Entendemos como actividades complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que se utilizan.
- Dende a Educación Física temos múltiples exemplos de actividades complementarias: visitas, traballos de campo, viaxes de estudos, conmemoracións e outras semellantes.
- Ao longo do curso levaranse a cabo as actividades complementarias aprobadas na PXA e quedando abertas a posibles actividades complementarias e extraescolares que xurdan ao longo do curso. Estas novas actividades serán aprobadas seguindo a normativa vixente.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1- Planificación: axeitada en número e duración das actividades, nivel de dificultade, interese para o alumnado, significatividade no proceso de ensino-aprendizaxe, obxectivos ben definidos,...
2- Contidos: secuenciación, estruturación e organización dando unha visión xeral de cada tema (que teñen que aprender, que é importante, etc.).
Metodoloxía empregada
5- Metodoloxía: aberta e flexible; agrupamentos; métodos e estilos de aprendizaxe, adaptada ás características do alumnado e as circunstancias que xordan durante a práctica educativa.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
6- Materiais: foron atractivos, suficientes, accesibles para todo o alumnado,...

Medidas de atención á diversidade
4- Atención á diversidade: pártese do nivel de desenvolvemento do alumnado e respéctanse as súas características individuais.
Clima de traballo na aula
3. Alumnado: conseguíuse motivalo, espertar a súa curiosidade, participación activa,...
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
7-Interdisciplinariade: Planificación da propia área de forma coordinada co resto do profesorado (xa sexa por nivel, ciclo, equipos educativos e profesorado de apoio).

### Descrición:

Farase unha valoración do proceso para ir realizando axustes, se fose preciso. Trimestralmente usaranse indicadores de logro, para comprobar se o noso proceso docente está a seguir as directrices programadas e se é necesario facer modificacións no mesmo para mellorar a nosa actuación e conseguir unha maior coherencia co contexto educativo concreto no que a levamos a cabo, atendendo ás necesidades e intereses do alumnado.

Para a valoración dos indicadores de logro empregaremos instrumentos de avaliación como as escalas de observación.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

As programacións didácticas deben incluír mecanismos de revisión, avaliación e modificación en relación cos resultados académicos e procesos de mellora. Ao remate do curso e unha vez revisados os resultados académicos, a avaliación docente e a avaliación do proceso de ensino - aprendizaxe, tomaremos as posibles medidas conducentes á mellora dos resultados realizando unha análise en profundidade da programación didáctica. Estas propostas de mellora tamén serán recollidas na memoria final, .

A programación é un documento co que guiarse día a día na realidade da aula polo que continuamente hai que reflexionar sobre a súa adecuación a cada grupo-clase ou a cada alumno ou alumna e se é necesario modificala en función dos feedback recibidos e dos resultados obtidos.

Será revisada trimestralmente xunto ca avaliación do alumno/a, avaliación do docente e avaliación do ensino - aprendizaxe.

Aspectos susceptibles de analizar como parte da revisión, avaliación e modificación da programación didáctica:

- Adecuación do deseño das unidades didácticas a partir dos elementos do currículo.
- Adecuación da secuenciación e temporalización das unidades didácticas.
A persoa docente empregou as metodoloxías reflectidas na PD.
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Apoiouse a implicación das familia no traballo do alumnado.
Medidas de atención á diversidade
Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado.
Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Aportouse información ao persoal docente titor.
Outros
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado.

### **Descrición:**

En liñas xerais, e agás a enquisa, farase un seguimento trimestral para a comprobación dos indicadores de logro; neste senso, un cadro destes xunto co seu resultado incluírase, alomenos, nas correspondentes actas de ciclo.

A enquisa ao alumnado realizarase cara o remate do 3º trimestre, e incluíranse, entre outras, unha pregunta de escala na que este valore a facilidade coa que comprendeu as instrucións dadas, así como outra/s relacionada/s sobre a adecuación do deseño das UD en base ás súas necesidades.

De cara a reflectir a comunicación realizada da información ao persoal titor será suficiente con que este último así o faga constar nas correspondentes actas de ciclo e/ou en cada unha das actas posteriores á Xunta de Avaliación trimestral; neste centro a comunicación da información será, polo xeral, a través dunha pequena xuntanza, podendo ampliarse esta a través de comunicación electrónica.

Na funcionalidade da PD tamén se incluírán observacións das posibles necesidades e/ou propostas de cambio, reflectindo, especialmente, e entre outros puntos, se o número de sesións se adecúan e se estas son suficientes, de cara á elaboración de seguintes PD.

Ao mesmo tempo, o referido seguimento desta funcionalidade da PD, así como o cumprimento da temporalización, o emprego das diferentes metodoloxías e instrumentos de avaliación e as medidas de atención á diversidade faranse a través do propio PROENS, pois estas veñen eiqúí recollidas.

Para medir a consecución da participación activa de todo o alumnado e o apoio de implicación das familias no traballo do alumnado reflectírase o índice destes no rexistro diario de aula.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Tralo remate de cada trimestre revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:

- Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
- No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
- Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:

Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.

Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:

- Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
- Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:

-Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

3. Actividades complementarias (realizadas ou non).

A avaliación dos datos recollidos farase mediante o cadro referido no apartado 8.1. ao que se lle engadirá, a maiores, os cadros precisos que inclúan a información adicional do presente apartado xunto coa información e resultados destes; posteriormente incluíranse como anexo nas correspondentes actas da coordinación de ciclo. Así mesmo, esta información será incluída na memoria final da materia, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.

## **9. Outros apartados**



# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000341	CEIP Plurilingüe A Pedra	Bueu	2024/2025

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua castelá e literatura	2º Pri.	4	140

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	25
4.2. Materiais e recursos didácticos	26
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	26
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	27
6. Medidas de atención á diversidade	28
7.1. Concreción dos elementos transversais	28
7.2. Actividades complementarias	29
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	30
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	31
9. Outros apartados	32

## 1. Introducción

Para elaborar esta programación tomamos como referencia o Decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

A presente programación didáctica corresponde ao 2º curso de Educación Primaria do ano académico 2024/2025 da área de lingua castelá e literatura para dous grupos de 15 e 14 alumnos e alumnas no CEIP Plurilingüe A Pedra de Bueu.

O CEIP Plurilingüe A Pedra (Bueu) atópase nun núcleo semi-rural de ámbito marítimo-pesqueiro na Península do Morrazo. Nel conflúen nenos e nenas procedentes do casco

urbano e tamén dos distintos lugares, de carácter rural, que o rodean. A meirande parte das familias do alumnado que acolle o centro encádranse dentro da clase social media e medio-baixa. En canto á

infraestrutura cultural da zona, conta cunha Casa da Aldea no lugar de Meiro, onde se desenvolven actividades de carácter cultural organizadas tanto polo concello como polas asociacións veciñais e culturais da aldea. Xa no centro da vila está a Casa da Cultura, onde se

encontra a biblioteca municipal; o Centro Social do Mar, cun amplo salón de actos; e a Sala de Exposicións Amalia Domínguez Búa. Existen tamén organismos e asociacións do ámbito cultural, social e educativo con iniciativas diversas: actividades extraescolares, programas preventivos,...

A ensinanza da lingua galega e literatura ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa lingüística do alumnado. Ao mesmo tempo, a aprendizaxe desta área, non pode concibirse como a mera transmisión e recepción de contidos disciplinares, senón que debe entenderse como un proceso en construción e baseado na reflexión e na análise acompañada, porque a fin última é formar persoas capaces de comunicarse de maneira eficaz na nosa lingua.

Tamén, a atención á diversidade debe estar presente en todas as accións, medidas e decisións metodolóxicas no ámbito da lingua para potenciar a inclusión, xa desde as idades máis novas, e para dar resposta ás diferentes características e necesidades, motivacións, intereses, ritmos e situacións sociais e culturais do alumnado.

Esta programación está elaborada polas titoras de 2º de primaria deste centro en función das liñas pedagóxicas e dos criterios e medidas adoptadas polo claustro do profesorado.

Os criterios de avaliación e os contidos da área agrúpanse en seis bloques temáticos:

Bloque 1: A lingua e os seus falantes

Bloque 2: Comunicación oral

Bloque 3: Comunicación escrita

Bloque 4: Alfabetización mediática e informacional

Bloque 5: Educación literaria

Bloque 6: Reflexións sobre a lingua e os seus usos

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		

<b>Obxectivos</b>	<b>CCL</b>	<b>CP</b>	<b>STEM</b>	<b>CD</b>	<b>CPSAA</b>	<b>CC</b>	<b>CE</b>	<b>CCEC</b>
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

**Descrición:**
**3.1. Relación de unidades didácticas**

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Experimentando el otoño.	Expresión oral: conversamos sobre os meses que forman a estación do outono, os traballos que se realizan propios da comarca, os alimentos que se recollen... Comprensión lectora: interpretación de lecturas e contos relacionados co outono. Vocabulario: aprendizaxe de vocabulario froitos, festas, traballos, utensilios... Lectoescritura: lectura silenciosa e voz alta e creación de oracións relacionadas co tema. Gramática: As maiúsculas nos nomes propios e ao principio de cada oración, m antes de P e B e o punto final. O alfabeto. Literatura: refráns, adiviñas e poemas do outono.	15	27	X		
2	El consumo responsable.	Expresión oral: expresamos os nosos gustos e preferencias sobre o a forma de consumir de maneira responsable en datas sinaladas como o Nadal. Enumerar formas de divertirse sen consumir. Comprensión lectora: identificar os personaxe dun conto navideño como O Apalpador e a mensaxe que transmite. Vocabulario relacionado co Nadal e co consumo.	15	27	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	El consumo responsable.	Lectoescritura: lectura silenciosa e oral e creación de oracións e pequenos textos. Gramática: as palabras e as sílabas. Oracións. Literatura: lendas e lemas.	15	27	X		
3	Poemas de inverno.	Expresión oral: expresamos sentimentos e emocións relacionados cos poemas aprendidos. Comprensión lectora: interpretación da mensaxe que transmiten os poemas. Vocabulario: o inverno, palabras que riman. Lectoescritura: Lectura oral e silenciosa e escritura de poemas. Gramática: os artigos e determinantes Literatura: poemas relacionados co tema traballado.	15	21		X	
4	El dulce de miel.	Expresión oral: descrición de espazos naturais e insectos. Comprensión lectora: lecturas teatrais relacionadas co mundo dos animais e os insectos Vocabulario: mundo dos insectos. Lectoescritura : lectura oral e silenciosa e a escritura de pequenas descricións. Gramática: O adxectivo calificativo. Literatura: teatro	15	21		X	
5	Abril de los libros.	Expresión oral: intercambiamos opinións sobre a importancia dos libros na nosa vida e a participación na radio escolar. Comprensión lectora: resumo o conto ou lectura. Vocabulario: os sinónimos e antónimos Lectoescritura: lectura oral e silenciosa. Escribir un pequeno texto resumido. Gramática: o nome, xénero masculino e feminino e número singular e plural. Literatura: a narración.	20	22			X
6	Las fiestas populares.	Expresión oral: explicar algún mito ou lenda manifestando emocións e sentimentos. Comprensión lectora: interpretación de lendas e mitos Vocabulario: as festas populares; familia léxica Lectoescritura : escritura de pequenos textos relacionados coas tradicións. Gramática: O verbo. Presente, pasado e futuro. Literatura: mitos e lendas.	20	22			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Experimentando el otoño.	27

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións de aula.	Utiliza un vocabulario cada vez máis rico para elaborar os seus discursos introducindo (tamén na creación de oracións escritas) palabras novas traballadas na unidade.	PE	10
CA3.2 - Desenvolver estratexias para a comprensión lectora de textos sinxelos axeitados ao nivel: título, ilustracións e identificación de palabras clave.	Responde de forma individual a preguntas de comprensión de sinxelos textos traballados.		
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluídas unha primeira aproximación ás linguas de signos, valorando a igualdade nas diferenzas.	Valora as dúas linguas oficiais como vehículo de transmisión das nosas ideas e emocións e iníciase na comunicación en lingua de signos nas rutinas diarias.	TI	90
CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais.	Rexeita usos lingüísticos discriminatorios nas conversas de aula e outros espazos da escola.		
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Participa nas conversas cunha linguaxe respectuosa.		
CA2.5 - Producir textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada e utilizando recursos non verbais elementais.	Crea sinxelos textos orais a partir de imaxes.		
CA2.6 - Participar en interaccións orais, espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente, incorporando estratexias elementais de escoita activa.	Respecta a quenda de palabra e escoita con atención.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.	Resolve por medio do diálogo pequenas discusións e conflitos xurdidos dentro da aula.		
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos sinxelos de carácter infantil, identificando, de maneira acompañada, o sentido global e a información relevante.	Le con entoación adecuada interpretando o que le e respondendo a preguntas tanto de xeito oral como escritas.		
CA3.6 - Adquirir o hábito lector e o gusto pola lectura a través da lectura de textos axeitados ao nivel.	Mantén a concentración nos momentos de lectura silenciosa.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.8 - Utilizar, de xeito acompañado, as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas de funcionamento e amosando interese por formar unha pequena biblioteca propia.	Manifesta o gusto pola lectura escollendo de maneira axeitada libros da biblioteca de aula e do centro.		
CA3.10 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Rexeita usos lingüísticos discriminatorios nas conversas de aula e outros espazos da escola.		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e de centro, de xeito guiado, para localizar lecturas axeitadas aos seus intereses.	Manifesta o gusto pola lectura escollendo de maneira axeitada libros da biblioteca de aula e do centro.		
CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.	Manifesta o gusto pola lectura escollendo de maneira axeitada libros da biblioteca de aula e do centro.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Biografía lingüística persoal e da súa contorna.</li> <li>- Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres.</li> <li>- Uso dunha linguaxe non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.</li> <li>- Contexto</li> <li>- Xéneros discursivos</li> <li>- Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).</li> <li>- Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral.</li> <li>- Estratexias para a produción, con cohesión e coherencia, de textos orais, utilizando recursos non verbais básicos.</li> <li>- Procesos: produción oral</li> <li>- Cohesión na reprodución oral de textos sinxelos.</li> <li>- Interese por expresarse oralmente con pronuncia e entoación adecuadas.</li> <li>- Contexto</li> <li>- Xéneros discursivos</li> <li>- Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).</li> <li>- Estratexias elementais para a comprensión lectora de textos sinxelos de diversa tipoloxía.</li> <li>- Procesos: comprensión lectora</li> <li>- Estratexias básicas de comprensión lectora, en voz alta e en silencio, e produción de textos sinxelos, adaptados ao nivel que estimulen o seu interese pola lectura.</li> <li>- Uso da biblioteca de aula ou do centro como recurso para a adquisición do hábito lector a través da lectura de textos axeitados ao nivel.</li> </ul>



<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Uso das bibliotecas da aula e do centro, como instrumento e fonte de recursos textuais diversos, respectando as súas normas de organización e funcionamento. Inicio na creación dunha biblioteca propia e persoal.</li> <li>- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica.</li> <li>- Procesos: produción escrita</li> <li>- Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras.</li> <li>- Adquisición progresiva das regras ortográficas básicas.</li> <li>- Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais de aula ou do centro para a procura da información adecuada ao seu nivel e como fonte de lecer.</li> <li>- Funcionamento básico da biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.</li> <li>- Comprensión, memorización e recitado de poemas sinxelos.</li> <li>- Os elementos esenciais da obra literaria (tema e personaxes principais).</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	El consumo responsable.	27

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións de aula.	Emprega un vocabulario cada vez máis rico para elaborar os seus discursos.	PE	10
CA3.5 - Empregar a lectura de textos infantís e tradicionais sinxelos para favorecer unha comunicación máis eficaz, aplicando os coñecementos básicos respecto do vocabulario e das regras de ortografía.	Escribe diversos tipos de textos empregando de forma axeitada a ortografía a partir de lecturas traballadas.		
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluídas unha primeira aproximación ás linguas de signos, valorando a igualdade nas diferenzas.	Valora as dúas linguas oficiais como vehículo de transmisión das nosas ideas e emocións e iníciase na comunicación de lingua de signos nas rutinas diarias.	TI	90
CA1.2 - Recoñecer, de maneira acompañada e en contextos próximos, algúns prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais moi frecuentes, a partir da observación da contorna.	Valora a riqueza de ter e falar dúas linguas oficiais.		
CA1.3 - Recoñecer as distintas linguas empregadas na súa contorna a través da interacción coas persoas próximas.	Recoñece e valora o uso das dúas linguas oficiais.		
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Participa en conversas empregando unha linguaxe respectuosa.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas e iniciando, de maneira acompañada, a valoración do contido da información máis relevante e dos elementos non verbais elementais.	Interpreta o sentido global de textos orais e é quen de explicar a información con coherencia.		
CA2.4 - Reproducir textos orais sinxelos e próximos aos seus gustos e intereses.	É quen de contar algún texto oral relacionado co tema traballado.		
CA2.6 - Participar en interaccións orais, espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente, incorporando estratexias elementais de escoita activa.	Conversa empregando as normas básicas de cortesía.		
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Emprega unha linguaxe respectuosa en todos os espazos da escola.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.	É quen de resolver os conflitos e problemas de convivencia mediante o diálogo.		
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos sinxelos de carácter infantil, identificando, de maneira acompañada, o sentido global e a información relevante.	Mellora a lectura silenciosa e en voz alta comprendendo a información.		
CA3.6 - Adquirir o hábito lector e o gusto pola lectura a través da lectura de textos axeitados ao nivel.	Amosa o gusto pola lectura nos momentos dedicados a ela.		
CA3.8 - Utilizar, de xeito acompañado, as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas de funcionamento e amosando interese por formar unha pequena biblioteca propia.	Emprega a biblioteca da aula e do centro para gozar da lectura.		
CA3.10 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Emprega o diálogo e unha linguaxe inclusiva nas súas comunicacións.		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e de centro, de xeito guiado, para localizar lecturas axeitadas aos seus intereses.	Emprega a biblioteca do centro para gozar da lectura.		
CA5.1 - Ler de maneira progresivamente autónoma textos de distintos autores e autoras acordes cos seus gustos e intereses, tendo en conta as diferentes etapas do proceso evolutivo da lectura.	Le de forma autónoma e progresiva diferentes textos.		
CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.	Usa a biblioteca de forma autónoma.		
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Compara as dúas linguas oficiais tanto no ámbito escolar como social.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Biografía lingüística persoal e da súa contorna.</li> <li>- Valoración da diversidade da lingua na súa contorna.</li> <li>- Identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais a partir da observación da contorna.</li> <li>- Uso dunha linguaxe non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.</li> <li>- Contexto</li> <li>- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes ou intención) na comunicación oral.</li> <li>- Xéneros discursivos</li> <li>- Elementos básicos de contido (tema, léxico).</li> <li>- Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral.</li> <li>- Procesos: interacción oral</li> <li>- Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente.</li> <li>- Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos, tendo en conta a perspectiva de xénero</li> <li>- Procesos: comprensión oral</li> <li>- Comprensión global de textos orais e multimodais sinxelos de diversa tipoloxía, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e atendendo á forma da mensaxe procedente de diversas fontes.</li> <li>- Recoñecemento e valoración do contido de textos orais e multimodais sinxelos, da información máis relevante e dos elementos básicos da comunicación non verbal.</li> <li>- Detección de usos claramente discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.</li> <li>- Procesos: produción oral</li> <li>- Interese por expresarse oralmente con pronuncia e entoación adecuadas.</li> <li>- Creación de textos orais básicos utilizando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.</li> <li>- Contexto</li> <li>- Estratexias para a coherencia textual.</li> <li>- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes ou intención) no acto comunicativo.</li> <li>- Xéneros discursivos</li> <li>- Estratexias elementais para a comprensión lectora de textos sinxelos de diversa tipoloxía.</li> <li>- Procesos: comprensión lectora</li> <li>- Lectura compartida con entoación e ritmo progresivamente adecuados ao nivel cognitivo.</li> <li>- Estratexias básicas de comprensión lectora, en voz alta e en silencio, e produción de textos sinxelos, adaptados ao</li> </ul>

## Contidos

- nivel que estimulen o seu interese pola lectura.
- Valoración da lectura de textos como medio para ampliar o vocabulario, progresando na aplicación das normas ortográficas axeitadas ao seu nivel.
- Uso da biblioteca de aula ou do centro como recurso para a adquisición do hábito lector a través da lectura de textos axeitados ao nivel.
- Uso das bibliotecas da aula e do centro, como instrumento e fonte de recursos textuais diversos, respectando as súas normas de organización e funcionamento. Inicio na creación dunha biblioteca propia e persoal.
- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica.
- Procesos: produción escrita
- Estratexias básicas para a mellora da expresión escrita.
- Creación de textos utilizando a linguaxe con intención informativa: carteis, anuncios, pequenos cómics.
- Adquisición progresiva das regras ortográficas básicas.
- Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais de aula ou do centro para a procura da información adecuada ao seu nivel e como fonte de lecer.
- Lectura acompañada de obras sinxelas e variadas da literatura infantil adecuadas aos seus intereses.
- Inicio na construción da identidade lectora mediante a lectura de textos literarios, adaptados á idade. Expresión de gustos e intereses.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Diferenzas elementais entre lingua oral e lingua escrita.

UD	Título da UD	Duración
3	Poemas de inverno.	21

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións de aula.	Emprega un vocabulario cada vez máis rico para elaborar os seus discursos.	PE	14
CA3.5 - Empregar a lectura de textos infantís e tradicionais sinxelos para favorecer unha comunicación máis eficaz, aplicando os coñecementos básicos respecto do vocabulario e das regras de ortografía.	Escrebe con ortografía axeitada diferentes tipos de textos a partir do traballo das lecturas.		
CA5.5 - Reproducir, a partir de modelos dados, textos literarios sinxelos.	Reproduce sinxelos textos narrativos a partir de modelos dados.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais.	Valora o uso e emprego das dúas linguas oficiais sen prexuízos.		
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Participar nas conversas cunha linguaxe respectuosa.		
CA2.6 - Participar en interaccións orais, espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente, incorporando estratexias elementais de escoita activa.	Participa en conversas empregando as normas de cortesía e respectando a quenda de palabra e escoitando con atención.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.	Atende nas intervencións dos demais sen interromper.		
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos sinxelos de carácter infantil, identificando, de maneira acompañada, o sentido global e a información relevante.	Mellora a lectura silenciosa e en voz alta comprendendo a información.		
CA3.6 - Adquirir o hábito lector e o gusto pola lectura a través da lectura de textos axeitados ao nivel.	Aproveita os momentos de lecer para recrearse na lectura dos libros da biblioteca de aula ou pequenas lecturas propostas pola mestra.		
CA3.8 - Utilizar, de xeito acompañado, as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas de funcionamento e amosando interese por formar unha pequena biblioteca propia.	Coida, conserva e organiza os libros da biblioteca de aula.	TI	86
CA3.10 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Emprega unha linguaxe inclusiva.		
CA4.5 - Construír a identidade lectora a partir de lecturas de textos de diversas fontes.	Manifesta os seus gustos e intereses pola lectura.		
CA4.6 - Colaborar en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias de lectura compartida.	Participa e goza dos momentos de lectura compartida.		
CA5.1 - Ler de maneira progresivamente autónoma textos de distintos autores e autoras acordes cos seus gustos e intereses, tendo en conta as diferentes etapas do proceso evolutivo da lectura.	Prograsa na lectura autónoma de diferentes tipos de textos.		
CA5.2 - Compartir oralmente a experiencia da lectura e o seu gozo, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Participa nas actividades convocadas de gusto pola lectura na biblioteca do centro.		
CA5.3 - Apreciar o valor dos textos literarios sinxelos (contos, lendas, fábulas, relatos) en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como fonte de lecer e gozo persoal.	Aprende e recita poemas e adiviñas.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.	Utiliza e recita a biblioteca do centro e da aula de forma autónoma.		
CA5.6 - escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil, que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacións elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas ou culturais.	Goza escoitando textos literarios de diferentes autores e autoras e identifica libros de autores e autoras da literatura en castellano.		
CA5.7 - Interpretar obras variadas da literatura infantil adecuadas ao nivel e intereses, valorando a súa diversidade (contos, lendas e adiviñas) e recoñecéndoa como fonte de pracer e inspiración para a creación de textos de intención literaria.	Aprende a recitar adiviñas e poemas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A diversidade etnocultural e lingüística na contorna escolar, familiar e social.</li> <li>- Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres.</li> <li>- Uso dunha linguaxe non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.</li> <li>- Contexto</li> <li>- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes ou intención) na comunicación oral.</li> <li>- Xéneros discursivos</li> <li>- Estratexias para a produción, con cohesión e coherencia, de textos orais, utilizando recursos non verbais básicos.</li> <li>- Procesos: interacción oral</li> <li>- Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos, tendo en conta a perspectiva de xénero</li> <li>- Procesos: comprensión oral</li> <li>- Procesos: produción oral</li> <li>- Construción e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais breves e sinxelos utilizando recursos non verbais elementais.</li> <li>- Cohesión na reprodución oral de textos sinxelos.</li> <li>- Contexto</li> <li>- Xéneros discursivos</li> <li>- Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).</li> <li>- Estratexias elementais para a comprensión lectora de textos sinxelos de diversa tipoloxía.</li> <li>- Procesos: comprensión lectora</li> <li>- Elementos gráficos e paratextuais básicos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.</li> </ul>

**Contidos**

- Estratexias básicas de comprensión lectora, en voz alta e en silencio, e produción de textos sinxelos, adaptados ao nivel que estimulen o seu interese pola lectura.
- Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para acadar progresivamente á expresividade.
- Uso da biblioteca de aula ou do centro como recurso para a adquisición do hábito lector a través da lectura de textos axeitados ao nivel.
- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica.
- Procesos: produción escrita
- Estratexias básicas para a mellora da expresión escrita.
- Creación de textos utilizando a linguaxe con intención informativa: carteis, anuncios, pequenos cómics.
- Adquisición progresiva das regras ortográficas básicas.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Construción da identidade lectora a partir da lectura de textos de diversas fontes de información.
- Colaboración en comunidades lectoras escolares a través de experiencias lectoras compartidas.
- Lectura acompañada de obras sinxelas e variadas da literatura infantil adecuadas aos seus intereses.
- Inicio na construción da identidade lectora mediante a lectura de textos literarios, adaptados á idade. Expresión de gustos e intereses.
- Estratexias básicas para a lectura e interpretación acompañada e compartida de textos, participando nas comunidades lectoras de ámbito escolar.
- Funcionamento básico da biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.
- Creación e dramatización de breves relatos e contos infantís, adaptados á idade, a partir de modelos dados, coidando a limpeza e a presentación.
- Os elementos esenciais da obra literaria (tema e personaxes principais).
- Estratexias para a interpretación acompañada e compartida das obras (contos, lendas e adiviñas) a través de conversacións dirixidas, valorando a diversidade cultural.

UD	Título da UD	Duración
4	El dulce de miel.	21

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Comprender o sentido global de distintos tipos de textos adaptados á súa idade, valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal, a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura.	Achégase ao resumo de diferentes tipos de texto de forma oral, en primeiro lugar, e logo por escrito.	PE	10

<b>Craterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA6.2 - Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados e mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Progresa na copia e escritura de diferentes tipos de textos mellorando a ortografía e presentación.		
CA6.5 - Progresar na adquisición de vocabulario a través dos textos.	Emprega cada vez un vocabulario máis rico nos seus discursos e nos seus escritos.		
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Participa nas conversas cunha linguaxe respectuosa e inclusiva		
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións de aula.	Emprega o novo vocabulario aprendido en diferentes tipos de textos escritos.		
CA2.4 - Reproducir textos orais sinxelos e próximos aos seus gustos e intereses.	Memoriza diferentes textos orais.		
CA2.6 - Participar en interaccións orais, espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente, incorporando estratexias elementais de escoita activa.	Participa en conversas empregando as normas de cortesía e respecta a quenda de palabra, escoitando con atención.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.	Atende nas intervencións dos demais sen interromper e resolve mediante o diálogo algún conflito.		
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos sinxelos de carácter infantil, identificando, de maneira acompañada, o sentido global e a información relevante.	Progresa na lectura silenciosa e mellora a entoación na lectura oral.		
CA3.2 - Desenvolver estratexias para a comprensión lectora de textos sinxelos axeitados ao nivel: título, ilustracións e identificación de palabras clave.	Explica e responde por escrito diferentes preguntas de comprensión.	TI	90
CA3.6 - Adquirir o hábito lector e o gusto pola lectura a través da lectura de textos axeitados ao nivel.	Manifesta o gusto pola lectura en diferentes momentos.		
CA3.8 - Utilizar, de xeito acompañado, as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas de funcionamento e amosando interese por formar unha pequena biblioteca propia.	Emprega a biblioteca de forma autónoma.		
CA3.10 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Usa unha linguaxe inclusiva.		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e de centro, de xeito guiado, para localizar lecturas axeitadas aos seus intereses.	Elixo de forma axeitada os libros da biblioteca.		
CA4.5 - Construír a identidade lectora a partir de lecturas de textos de diversas fontes.	Elixo lecturas axeitadas e relacionadas cos seus intereses.		



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.6 - Colaborar en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias de lectura compartida.	Participa nas lecturas compartidas programadas pola biblioteca do centro.		
CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.	Goza do espazo da biblioteca.		
CA5.7 - Interpretar obras variadas da literatura infantil adecuadas ao nivel e intereses, valorando a súa diversidade (contos, lendas e adiviñas) e recoñecéndolas como fonte de pracer e inspiración para a creación de textos de intención literaria.	Desfruta dramatizando pequenos textos teatrais relacionados co tema traballado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Uso dunha linguaxe non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.</li> <li>- Contexto</li> <li>- Xéneros discursivos</li> <li>- Elementos básicos de contido (tema, léxico).</li> <li>- Estratexias para a produción, con cohesión e coherencia, de textos orais, utilizando recursos non verbais básicos.</li> <li>- Procesos: interacción oral</li> <li>- Procesos: comprensión oral</li> <li>- Detección de usos claramente discriminitorios da linguaxe verbal e non verbal.</li> <li>- Procesos: produción oral</li> <li>- Contexto</li> <li>- Estratexias para a coherencia textual.</li> <li>- Xéneros discursivos</li> <li>- Estratexias elementais para a comprensión lectora de textos sinxelos de diversa tipoloxía.</li> <li>- Procesos: comprensión lectora</li> <li>- Estratexias básicas de comprensión lectora, en voz alta e en silencio, e produción de textos sinxelos, adaptados ao nivel que estimulen o seu interese pola lectura.</li> <li>- Valoración da lectura de textos como medio para ampliar o vocabulario, progresando na aplicación das normas ortográficas axeitadas ao seu nivel.</li> <li>- Detección de usos discriminitorios da linguaxe verbal e icónica.</li> <li>- Procesos: produción escrita</li> <li>- Produción de textos sinxelos, con coherencia e coidado e caligrafía clara na presentación, relativos a situacións cotiás infantís, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.</li> <li>- Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Adquisición progresiva das regras ortográficas básicas.</li> <li>- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.</li> <li>- Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais de aula ou do centro para a procura da información adecuada ao seu nivel e como fonte de lecer.</li> <li>- Construción da identidade lectora a partir da lectura de textos de diversas fontes de información.</li> <li>- Colaboración en comunidades lectoras escolares a través de experiencias lectoras compartidas.</li> <li>- Funcionamento básico da biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.</li> <li>- Estratexias para a produción guiada de palabras e enunciados entre distintas linguas da contorna escolar.</li> <li>- Signos básicos de puntuación como mecanismo para organizar o texto escrito.</li> <li>- Mecanismos básicos de cohesión e coherencia textual para producir textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados e mobilizando estratexias elementais,</li> <li>- Procedementos elementais de adquisición de vocabulario e relación de significado entre unhas palabras e outras.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	Abril de los libros.	22

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións de aula.	Utiliza un vocabulario cada vez máis rico para elaborar os seus discursos e os seus escritos.	PE	15
CA3.5 - Empregar a lectura de textos infantís e tradicionais sinxelos para favorecer unha comunicación máis eficaz, aplicando os coñecementos básicos respecto do vocabulario e das regras de ortografía.	Emprega a lectura para enriquecer o seu vocabulario e como aprendizaxe das normas básicas de ortografía.		
CA6.5 - Progresar na adquisición de vocabulario a través dos textos.	Usa o vocabulario traballado nas súas intervencións orais e escritas.		
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Participa nas conversas cunha linguaxe respectuosa e inclusiva.	TI	85
CA2.4 - Reproducir textos orais sinxelos e próximos aos seus gustos e intereses.	Reproduce poemas e textos teatrais de xeito oral.		
CA2.5 - Producir textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada e utilizando recursos non verbais elementais.	Crea e narra un conto sinxelo a partir de imaxes.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.6 - Participar en interaccións orais, espontáneas, respectando as normas básicas da cortésia lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente, incorporando estratexias elementais de escoita activa.	Participa en conversas aportando información e respectando a quenda de palabra.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.	Atende con interese nas conversas e participa.		
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos sinxelos de carácter infantil, identificando, de maneira acompañada, o sentido global e a información relevante.	Le de maneira silenciosa e en voz alta con entoación axeitada e seguindo a quenda de lectura.		
CA3.2 - Desenvolver estratexias para a comprensión lectora de textos sinxelos axeitados ao nivel: título, ilustracións e identificación de palabras clave.	Responde por escrito a preguntas de comprensión de lecturas traballadas.		
CA3.6 - Adquirir o hábito lector e o gusto pola lectura a través da lectura de textos axeitados ao nivel.	Goza dos momentos dedicados á lectura.		
CA3.8 - Utilizar, de xeito acompañado, as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas de funcionamento e amosando interese por formar unha pequena biblioteca propia.	Emprega a biblioteca de aula e do centro para adquirir o hábito lector.		
CA3.10 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Emprega unha linguaxe inclusiva.		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e de centro, de xeito guiado, para localizar lecturas axeitadas aos seus intereses.	Usa a biblioteca de centro de forma autónoma.		
CA4.5 - Construír a identidade lectora a partir de lecturas de textos de diversas fontes.	Elixo os libros de lectura de acordo aos seus gustos e intereses.		
CA4.6 - Colaborar en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias de lectura compartida.	Participa nas actividades convocadas de gusto pola lectura na biblioteca do centro.		
CA5.1 - Ler de maneira progresivamente autónoma textos de distintos autores e autoras acordes cos seus gustos e intereses, tendo en conta as diferentes etapas do proceso evolutivo da lectura.	Progresa na lectura de xeito autónomo tanto en silencio como oralmente.		
CA5.2 - Compartir oralmente a experiencia da lectura e o seu gozo, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Participa nas actividades convocadas de gusto pola lectura na biblioteca do centro.		
CA5.3 - Apreciar o valor dos textos literarios sinxelos (contos, lendas, fábulas, relatos) en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como fonte de lecer e gozo persoal.	Le diferentes tipos de textos e é quen de transmitir a súa mensaxe de forma sinxela.		
CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.	Usa a biblioteca de aula e do centro de forma autónoma e goza dela.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.6 - escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil, que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacións elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas ou culturais.	Goza escoitando e lendo textos literarios de diferentes autores e autoras.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Uso dunha linguaxe non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.</li> <li>- Contexto</li> <li>- Xéneros discursivos</li> <li>- Procesos: interacción oral</li> <li>- Estratexias para o recoñecemento, selección e interpretación da información xeral do texto.</li> <li>- Procesos: comprensión oral</li> <li>- Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese e gustos.</li> <li>- Procesos: produción oral</li> <li>- Interese por expresarse oralmente con pronuncia e entoación adecuadas.</li> <li>- Contexto</li> <li>- Xéneros discursivos</li> <li>- Elementos básicos de contido (tema, fórmulas fixas, léxico).</li> <li>- Estratexias elementais para a comprensión lectora de textos sinxelos de diversa tipoloxía.</li> <li>- Procesos: comprensión lectora</li> <li>- Elementos gráficos e paratextuais básicos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.</li> <li>- Estratexias básicas de comprensión lectora, en voz alta e en silencio, e produción de textos sinxelos, adaptados ao nivel que estimulen o seu interese pola lectura.</li> <li>- Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para acadar progresivamente á expresividade.</li> <li>- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica.</li> <li>- Procesos: produción escrita</li> <li>- Adquisición progresiva das regras ortográficas básicas.</li> <li>- Modelos explícitos para reelaborar de forma acompañada a información.</li> <li>- Construción da identidade lectora a partir da lectura de textos de diversas fontes de información.</li> <li>- Colaboración en comunidades lectoras escolares a través de experiencias lectoras compartidas.</li> <li>- Lectura acompañada de obras sinxelas e variadas da literatura infantil adecuadas aos seus intereses.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.</li> <li>- Inicio na construción da identidade lectora mediante a lectura de textos literarios, adaptados á idade. Expresión de gustos e intereses.</li> <li>- Funcionamento básico da biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.</li> <li>- Os elementos esenciais da obra literaria (tema e personaxes principais).</li> <li>- Relación dos textos lidos da literatura infantil con outras manifestacións artísticas e culturais.</li> <li>- Recoñecemento da existencia de distintos tipos de palabras e enunciados, prestando especial atención ás relacións de concordancia entre elas, a partir da observación, comparación e transformación.</li> <li>- Mecanismos básicos de cohesión e coherencia textual para producir textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados e mobilizando estratexias elementais,</li> <li>- Estratexias e técnicas básicas de recoñecemento da intención comunicativa.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	Las fiestas populares.	22

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.2 - Desenvolver estratexias para a comprensión lectora de textos sinxelos axeitados ao nivel: título, ilustracións e identificación de palabras clave.	Responde por escrito a preguntas de comprensión de lecturas traballadas.	PE	10
CA3.3 - Comprender o sentido global de distintos tipos de textos adaptados á súa idade, valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal, a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura.	Responde por escrito a preguntas de comprensión relacionadas con textos traballados.		
CA3.7 - Producir, con axuda e en diferentes soportes, textos escritos e multimodais sinxelos propios do ámbito escolar e social adaptados á súa idade, mobilizando de maneira acompañada estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.	Escribe pequenos textos de diferente tipo empregando a ortografía traballada e unha estrutura coherente.		
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluídas unha primeira aproximación ás linguas de signos, valorando a igualdade nas diferenzas.	Valora as dúas linguas como vehículo de transmisión das nosas ideas e emocións e iníciase na comunicación en lingua de signos nas rutinas diarias.	TI	90
CA1.2 - Recoñecer, de maneira acompañada e en contextos próximos, algúns prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais moi frecuentes, a partir da observación da contorna.	Valora a riqueza das dúas linguas oficias.		
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Emprega unha linguaxe inclusiva.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas e iniciando, de maneira acompañada, a valoración do contido da información máis relevante e dos elementos non verbais elementais.	Emprega a lectura como medio para ampliar o vocabulario a partir de estratexias básicas de comprensión.		
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións de aula.	Emprega o vocabulario aprendido tanto nos discursos orais como escritos.		
CA2.3 - Identificar, de maneira acompañada, o contido de textos orais e multimodais sinxelos, valorando a información máis relevante.	Identifica de maneira acompañada as ideas principais de diferentes textos.		
CA2.5 - Producir textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada e utilizando recursos non verbais elementais.	Crea diferentes textos orais a partir de imaxes.		
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos sinxelos de carácter infantil, identificando, de maneira acompañada, o sentido global e a información relevante.	Aproveita a lectura silenciosa para entender a mensaxe do texto e é quen de seguir a quenda de lectura en voz alta.		
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido de textos escritos sinxelos, valorando o contido e estrutura.	Emprega a rutina de pensamento, vexo, penso e pregúntome, para deducir o contido do texto proposto.		
CA3.6 - Adquirir o hábito lector e o gusto pola lectura a través da lectura de textos axeitados ao nivel.	Aproveita os momentos de lecer para gozar da lectura.		
CA3.8 - Utilizar, de xeito acompañado, as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas de funcionamento e amosando interese por formar unha pequena biblioteca propia.	Emprega a biblioteca de xeito autónomo.		
CA3.9 - Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico non discriminatorio.	Emprega unha linguaxe inclusiva nas conversas.		
CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Iníciase na utilización das novas tecnoloxías, de forma acompañada, para a localización e selección da información en diferentes tipos de textos.		
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación grupal sinxelo, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira acompañada, que implique a selección de distintas fontes documentais e distintos soportes para a procura da información.	Expón a información recollida sobre o un tema elixido.		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e de centro, de xeito guiado, para localizar lecturas axeitadas aos seus intereses.	Localiza na biblioteca libros dos seus gustos e intereses.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais en relación coa busca e a comunicación da información, utilizando, de xeito guiado, programas e aplicacións educativas dixitais.	Iníciase de forma segura na utilización das novas tecnoloxías para procura de información relevante sobre un tema.		
CA4.5 - Construír a identidade lectora a partir de lecturas de textos de diversas fontes.	Constrúe a súa identidade lectora seleccionando textos do seu interese.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.6 - Colaborar en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias de lectura compartida.	Participa nas lecturas compartidas propostas pola biblioteca do centro.		
CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.	Participa nas actividades planificadas pola biblioteca do centro.		
CA5.6 - escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil, que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacións elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas ou culturais.	Goza escoitando e lendo textos literarios de diferentes autores e autoras.		
CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras, a partir da observación, comparación e transformación de palabras e enunciados, nun proceso acompañado de comprensión de textos en contextos significativos.	Recoñece distintos tipos de palabras e enunciados atendendo a súa concordancia.		
CA6.4 - Revisar e mellorar os textos propios e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira acompañada, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e usando a terminoloxía lingüística básica adecuada.	Revisa os textos de elaboración propia e ditados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Biografía lingüística persoal e da súa contorna.</li> <li>- Valoración da diversidade da lingua na súa contorna.</li> <li>- Uso dunha linguaxe non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.</li> <li>- Contexto</li> <li>- Xéneros discursivos</li> <li>- Elementos básicos de contido (tema, léxico).</li> <li>- Procesos: comprensión oral</li> <li>- Detección de usos claramente discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.</li> <li>- Procesos: produción oral</li> <li>- Cohesión na reprodución oral de textos sinxelos.</li> <li>- Contexto</li> <li>- Estratexias para a coherencia textual.</li> <li>- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes ou intención) no acto comunicativo.</li> <li>- Xéneros discursivos</li> </ul>

**Contidos**

- Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
- Elementos básicos de contido (tema, fórmulas fixas, léxico).
- Estratexias elementais para a comprensión lectora de textos sinxelos de diversa tipoloxía.
- Procesos: comprensión lectora
- Elementos gráficos e paratextuais básicos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Estratexias básicas de comprensión lectora, en voz alta e en silencio, e produción de textos sinxelos, adaptados ao nivel que estimulen o seu interese pola lectura.
- Uso das bibliotecas da aula e do centro, como instrumento e fonte de recursos textuais diversos, respectando as súas normas de organización e funcionamento. Inicio na creación dunha biblioteca propia e persoal.
- Procesos: produción escrita
- Consolidación do sistema de lectoescritura.
- Estratexias para a comprensión ou produción de textos sinxelos de uso social.
- Elementos gráficos e paratextuais sinxelos que facilitan a organización e a comprensión do texto.
- Produción de textos sinxelos, con coherencia e coidado e caligrafía clara na presentación, relativos a situacións cotiás infantís, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.
- Creación de textos utilizando a linguaxe con intención informativa: carteis, anuncios, pequenos cómics.
- Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Adquisición progresiva das regras ortográficas básicas.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Estratexias básicas para o inicio guiado na procura da localización, selección e contraste de información sinxela e na comparación da información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.
- Valoración da elaboración e comunicación da información recollida de distintas fontes.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura da información, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Recoñecemento da autoría dos textos de forma acompañada.
- Funcionamento básico da biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.
- Coñecemento e lectura guiada de textos literarios sinxelos e de contos tradicionais, valorando a súa importancia como fonte de lecer e gozo persoal.
- Comprensión, memorización e recitado de poemas sinxelos.
- Estratexias para a produción guiada de palabras e enunciados entre distintas linguas da contorna escolar.
- Signos básicos de puntuación como mecanismo para organizar o texto escrito.



#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía en educación primaria debe acercar o proceso de ensinanza/aprendizaxe aos contextos reais do alumnado.

Na metodoloxía activa debemos favorecer que o traballo sexa atractivo para o alumnado, utilizar as novas tecnoloxías como recurso, tomar conciencia do coidado e protección da contorna, colaborar con outros axentes, procurar unha aprendizaxe autónoma, favorecer a lexibilidade e, sobre todo, axustarse ao desenvolvemento competencial do alumnado.

O principio básico da metodoloxía activa é utilizar unha serie de estratexias para favorecer que o alumnado aprenda dunha maneira autónoma e se desenvolva en todas as facetas da súa personalidade.

Na educación primaria a metodoloxía debe ser activa, participativa e flexible, partindo do nivel de desenvolvemento do alumnado, nos seus distintos aspectos, para construír, a partir de aí, outras aprendizaxes.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por sí mesmos e promovendo o traballo en equipo.

O alumnado é protagonista activo nesta programación; investiga, descubre, procura, manipula, participa, cuestiona e responde.

As liñas metodolóxicas da nosa programación son as seguintes:

-A globalización: pretendendo estimular o desenvolvemento de todas as capacidades, tanto físicas como afectivas, intelectuais e sociais dunha forma global, xa que calquera actividade realizada polos nenos e nenas pon en xogo mecanismos afectivos, psicomotores, comunicativos, cognitivos, somáticos, de imaxinación, de creatividade e de atención.

- A aprendizaxe significativa: refírese á posibilidade de establecer vínculos substantivos entre o que hai que aprender (o novo contido) e o que sabe (os seus coñecementos previos). Todo novo coñecemento ten que partir das experiencias previas dos alumnos e alumnas. Para lograr estas aprendizaxes comezaremos cada Unidade Didáctica cun remuíño de ideas a modo de avaliación inicial, para saber os seus coñecementos previos e, sobre eles, construír os novos.

- Ensinanza individualizada: axustándose ás características e peculiaridades individuais de cada un dos nosos alumnos e alumnas. A atención individualizada é unha constante favorecendo o principio de igualdade e equidade.

- A afectividade: a seguridade que lles da o sentirse queridos contribúe, dunha maneira moi positiva, á formación dunha imaxe axustada e positiva de sí mesmos. A relación que mantemos co alumnado establececese dentro dun ambiente democrático, de comprensión, afecto, aceptación, confianza mutua e respecto.

-A socialización e a comunicación: creando situacións de aprendizaxe nas que atopen momentos para agruparse cos seus iguais, compartir o material e sentir o apoio dos «outros» que lle axudarán a socializarse e comunicarse. Estas situacións de aprendizaxe apóianse, na maioría dos casos, no traballo cooperativo e no xogo por consideralos elementos básicos e primordiais para o desenvolvemento da atención, a memoria, a linguaxe, a imaxinación, a personalidade e ser o recursos metodolóxicos por excelencia no traballo cos nenos e nenas desta idade. A través do xogo indentifican o comportamento dos adultos e as normas sociais e o traballo cooperativo contribúe xunto co xogo ao desenvolvemento da socialización e a comunicación nas actividades propostas nos recunchos, obradoiros e saídas.

- A autonomía e autoxestión: sendo este o protagonista das súas propias aprendizaxes considerando como importante o proceso e non só o resultado. Dentro da nosa aula cada día un neno ou unha nena é o protagonista. asumindo responsabilidades que favorecen a autonomía e a aprendizaxe. - Aprendizaxe cooperativa: favorecendo os encontros co grupo e a sociedade nun pulo pola convivencia, a paz e a inclusión.

- A manipulación: considerando o traballo manipulativo determinante para a o correcto paso entre os conceptos concretos e os abstractos e fundamental para vencellar as aprendizaxes curriculares coa realidade.

- A liberdade e a creatividade: que favorecen os coñecementos potencialmente significativos e funcionais, potencian a autonomía e a produción persoal. - A coeducación: considerando a actividade de todo xénero en detrimento de actividades asignadas ao xénero e en prol da ruptura de estereotipos.

- A metodoloxía activa: entendéndoa como un conxunto de estratexias didácticas que permiten e estimulan ao alumnado a participar realmente como suxeitos da súa propia aprendizaxe. O alumnado é o verdadeiro protagonista do proceso de ensinanza-aprendizaxe, e o noso obxectivo fundamental é manter activa a súa mente a través das situacións de aprendizaxe, tratando de facerlle analizar e observar, á vez que criticar, as diferentes situacións que se lle presentan.

- Aprendizaxe baseada na investigación na resolución de problemas e descubrimentos: o alumnado aprende a través da abordaxe ou de preguntas, da análise de probas, de conectar ditas probas con coñecementos preexistentes, de sacar conclusións e reflexionar sobre os seus achados. Serán actividades de investigación que permitan elaborar

hipótesis, sacar conclusións e reforzar as aprendizaxes máis instrumentais, favorecendo o pensamento crítico e o pensamento científico.

- As medidas metodolóxicas rexiranse por principios do Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA): proporcionando diversas opcións didácticas para que os alumnos/as se transformen en persoas que aprenden a aprender e estén motivados pola súa aprendizaxe.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material funxible: cartolina, folios, ceras..
Material manipulativo: que permitan experimentar, testar, probar, tocar, ulir, xogos...
Material impreso: material de elaboración propia, material de reforzo e ampliación, contos, cómics, xornais..
Recursos informáticos: ordenador de aula, panel dixital interactivo, tabletas...
Libros de biblioteca de aula e de centro e o libro de lectura "EL LOBO LUPAS 2" da editorial Anaya.
Calquera outro que atenda ás necesidades educativas do alumnado e sexa coherente coas propostas ofertadas
Xogos de lingua: dominós de palabras, abecedarios manipulativos, xogos de lectura global, xogos de cartas de familias para inventaren historias...

Neste apartado farase referencia aos recursos empregados como medio para canalizar a acción docente durante o curso escolar. Para facer unha boa elección de materiais didácticos debemos ter en conta unha serie de criterios:

1. O material ten que ser atractivo tanto esteticamente como funcionalmente, ten que chamar a atención do neno ou nena, invitándoo a interactuar con el.
2. Os materiais deben de ser adecuados ao momento evolutivo do alumnado, adaptados as súas aptitudes, características e necesidades.
3. Que sexan asequibles e manipulables, que os nenos e nenas poidan utilizar el material de forma autónoma e independente.
4. Que potencie e favoreza a actividade motora, cognitiva, afectiva e social.
5. Que reúna as correspondentes normas de seguridade.
6. Que proporcione os estímulos correspondentes a súa elección.
7. Que non favoreza actitudes de discriminación de sexo nin belicistas.
8. Que posibilite ao alumnado todas as posibilidades de acción que este poida desenvolver.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A principio de curso levarase a cabo unha avaliación inicial para poder analizar cal é o punto de partida do noso alumnado e así poder establecer estratexias comúns de actuación e dar resposta á diversidade que nos atopamos na nosa aula.

Avaliaremos aspectos como:

- A expresión e comprensión oral, o discurso, a coherencia e o vocabulario (exprésase oralmente con claridade, emprega un vocabulario axeitado a súa idade...),
  - A lectura e comprensión lectora (le diferentes tipos de textos sinxelos e comprende o sentido global da mensaxe)
  - A escritura (escribe de forma autónoma oracións sinxelas, ao ditado..)

O resultado obtido nesta avaliación inicial servirá de punto de partida para o desenvolvemento da programación, facendo fincapé naqueles aspectos nos que o alumnado presente carencias.

Ao principio de cada unidade tamén realizaremos unha avaliación inicial para adaptar a programación se fose necesario.

Rexistraremos no Xade o resumo dos datos obtidos da avaliación do alumnado para que pase a formar parte do seu

expediente.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>20</b>	<b>20</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	10	10	14	10	15	10	<b>12</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	90	90	86	90	85	90	<b>88</b>

### Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado non pode axustarse a un só momento dado, senón que debe ser global e sistemática.

O seu obxectivo non pode ser outro que o valorar o progreso alcanzado no desenvolvemento das competencias e no grao de coñecementos adquiridos.

A avaliación defínese como global, continua e formativa. Ao longo do curso e por medio das unidades didácticas traballadas comprobarase o logro e consecución dos obxectivos propostos (establecidos nas táboas anteriores) mediante os seguintes criterios de cualificación:

Actividades e tarefas sobre os contidos traballados na aula 30% : esta porcentaxe se conseguirá o 20% con tábos de indicadores e 10% con proba escrita.

- Responder axeitadamente, tanto de forma oral coma escrita, ao que se lle pregunta demostrando dominio na materia (30%).

- Escribe respectando regras ortográficas e gramaticais (5%).

- Ter unha caligrafía lexible (5%)

Actividades de lectura: rexistros de lectura e comprensión 30% esta porcentaxe se conseguirá o 20% con tábos de indicadores e 10% con proba escrita.

- Le coa velocidade e entoación axeitada a súa idade, respectando os signos de puntuación (15%),

- Aмосa unha boa comprensión lectora, axeitada a súa idade. (15%)

Actividades de expresión e creación 20% esta porcentaxe se conseguirá o 10% con tábos de indicadores e 10% con proba escrita.

- Exprésase cunha linguaxe oral correcta (vocabulario, comprensión da oración (10%).

- Realiza traballos de forma creativa e orixinal e razoa as estratexias a seguir na creación dos mesmos (10%)

- Traballo en equipo 10% (actitude e participación activa)

- Traballo diario na clase: 10% (autonomía e presentación das actividades)

A nota de cada avaliación virá dada pola suma das anteriores porcentaxes e a nota ordinaria de xuño obterase da suma das porcentaxes asignadas as unidades didácticas en cada trimestre.

### Criterios de recuperación:

De acordo co artigo 20 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como a orde de 25 de xaneiro de 2022, a avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Feito polo cal, aprobando avaliacións posteriores recupéranse avaliacións anteriores, de ser o caso. Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha cualificación negativa, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade de acordo co Plan Xeral de Atención á Diversidade elaborado polo Departamento de Orientación. Dentro das medidas empregadas inclúense o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

Para a elaboración do plan de reforzo teremos en conta o seguinte:

- a) Tomar como referencia os contidos básicos de cada unidade didáctica.
- b) Se os contidos a recuperar son recurrentes e aparecen en unidades didácticas posteriores daranse por recuperados se o alumno/a obtén calificación positiva en ditos contidos. En todo caso, planificaranse actividades individuais de traballo en relación coas dificultades.
- c) Se os contidos a recuperar son específicos dunha unidade didáctica planificaranse actividades individuais de traballo nas que o alumno/a demostre que supera ditos contidos.
- d) A resposta educativa para a recuperación reflexarase no Plan de Traballo Individualizado.
- e) Para obter unha calificación positiva teranse en conta:

- O nivel de coñecementos.
- O esforzo
- O acabado e realización das actividades individuais de traballo propostas.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Dado que a diversidade do alumnado está presente nesta programación e que cada neno ou nena ten as súas peculiares características e os seus ritmos de aprendizaxe adoitan ser distintos, entendemos que se deben realizar actividades que reforcen as aprendizaxes duns, e actividades que amplíen as dos outros. Estas actividades de reforzo e de ampliación realizaranse, en todo momento, respectando a evolución individual do alumnado e o seu ritmo de traballo, unhas veces con actividades de reforzo e outras con actividades de ampliación e ,cando sexa necesario, con programas de enriquecemento curricular e será o profesorado quen seleccione o momento e o tipo de actividade que precise cada neno ou nena.

Empregaremos en moitos momentos metodoloxías baseadas na aprendizaxe cooperativa e na aprendizaxe por proxectos, que axudan a inclusión. Así mesmo, adaptaremos os tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación sempre que sexa necesario.

Despois de facer a avaliación inicial, nos dous grupos de 2º elaboremos programas de reforzo na áreas de linguas a algúns alumnos e alumnas. Para isto contamos con profesorado de apoio durante 2 sesións semanais dentro da aula e con apoio especializado da profesora de AL outras dúas 2 sesións semanais para reforzar a este alumnado nas áreas de lingua.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - ET.1 - Emprendemento	X					X
ET.2 - ET.2 - Igualdade de xénero, o deporte	X	X	X	X	X	X
ET.3 - ET.3 - Educación para a paz e a convivencia	X	X	X	X	X	X
ET.4 - ET.4 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible, recreos residuos cero.		X		X		
ET.5 - ET.5 - Educación para a saúde (incluída a sexual)	X					X
ET.6 - ET.6 - Educación emocional e de valores	X	X	X	X	X	X
ET.7 - ET.7 - Fomento da creatividade, do Espírito Crítico e Científico	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.8 - ET.8 - Comunicación audiovisual e dixital	X	X	X	X	X	X

**Observacións:**

Nesta área traballaranse de forma transversal as diferentes actividades, sempre partindo do traballo en equipo:

- Fomentaranse a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- Fomentaranse as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor y a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo/a e o sentido crítico.

**7.2. Actividades complementarias**

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1º trimestre: Cultura na contorna. Actividades musicais.	articipación nas actividades do FICBueu como espazo cultural da contorna. e asistir as actividades propostas pola AFUNDACIÓN.	X		
2º e 3º trimestre: Teatro e outras actividades culturais	Asistencia a algunha obra de teatro e participación en pequenas obras de teatro no centro unhas veces coma actores, actrices ou espectadores, despertando o interese por este xénero		X	X
3º trimestre: Obradoiros de lectura	Actividades relacionados cos libros lidos na escola e coa visita dos autores ou autoras dos libros lidos. de libros lidos na escola.			X
1º,2º,3º trimestre(o teatro): PDI do centro "Que suba o pano na Pedra!"	Realizar actividades diversas para desenvolver o tema deste curso	X	X	X
1º,2º,3º trimestre: Biblioteca escolar	Participar e elaborar actividades propostas pola biblioteca escolar.	X	X	X
1º,2º,3º trimestre: EDLG /Proxecto de Inovación educativa en dinamización lingüística: "Imos de romaría!"	Participar nas actividades propostas polo EDLG	X	X	X

**Observacións:**

Entendemos como actividades complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que se utilizan.

Ao longo do curso levaranse a cabo as actividades complementarias aprobadas na PXA e quedando abertas a posibles actividades complementarias e extraescolares que xurdan ao longo do curso. Estas novas actividades serán aprobadas seguindo a normativa vixente.

Actividades dentro do plan anual de lectura aprobadas na PXA:

- Hora de ler (tódolos días ao entrar do recreo)
- Mochilas viaxeiras
- Recreos de conto
- Apadriñamentos lectores (3º trimestre)
- Lectura de libros en castelán e galego (2º e 3º trimestre)
- Visita de escritores, contacontos, ex-mestres e ex-alumnos, pais, nais e avós
- Hora semanal de biblioteca
- Radio escolar
- Meteoescolas (observación e recollida de datos)
- Actividades promovidas dende o EDLG de recuperación das tradicións propias da zona: Samaín, Magosto, Candeloria, Entroido e Os Maios.
- Conmemoracións e celebracións anuais que realizamos no centro ao longo do curso:
- Día internacional das linguas de signos.
- Día das escritoras.
- Día da biblioteca.
- Concurso de lemas de Nadal.
- Día mundial da radio.
- Día mundial da poesía, Día mundial do libro.
- FICBueu.
- Samaín.
- Nadal.
- Paz.
- Entroido.
- Día dos dereitos dos nenos.
- Día contra a violencia de xénero.
- Día internacional da muller.

Achegarémonos a todas estas actividades dende a área de lingua galega e literatura.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

<b>Indicadores de logro</b>
O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo, distribución temporal equilibrada, materiais que permitan a manipulación, sexan atractivos, atraentes e accesibles para o alumnado.
Tivéronse en conta aprendizaxes significativas, considérase a interdisciplinabilidade, número e duración das actividades, nivel de dificultade, interese para o alumnado, significatividade para o proceso de aprendizaxe, propostas de aprendizaxe colaborativa...
Grao de seguimento dos alumnos/as, validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes, os criterios de promoción están acordados entre os profesores e consisten en que o laumnado deberá ter avaliación positiva, cando menos, en dúas das áreas instrumentais.
Adóptanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe, ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe, as medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes., aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos..
Crease un clema de tranquilidade e afecto na aula para conseguir un traballo produtivo e satisfactorio.

Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos, os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe, os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas, os criterios de avaliación e os criterios de cualificación déronse a coñecer aos alumnos/as e as familias...

### **Descrición:**

A avaliación dos procesos de ensinanza/aprendizaxe é unha das funcións do profesorado, polo tanto, un dos aspectos que non podemos esquecer de avaliar é a nosa propia práctica docente e a programación didáctica. A avaliación da práctica docente pretende revisar as accións do profesorado co fin de optimizalas, tendo a seguridade de que mellorando estas, mellorarase inevitablemente a calidade das aprendizaxes dos alumnos e alumnas, obxectivo último e fundamental desta tarefa.

A avaliación é global, continua e formativa para a que se usaran os seguintes indicadores de logro e serían os seguintes:

- Organización e preparación da clase e aproveitamento dos recursos.
- Utilización dunha metodoloxía axeitada.
- Regulación da práctica docente. -
- Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá aos alumnos/as e ás familias.
- Utilización de medidas para a atención á diversidade.
- Clima de traballo na aula.

### **ESCALA DE VALORACIÓN:**

- Inadecuado: escasa ou nula constancia. Non se acadan os mínimos aceptables e necesita unha mellora substancial.
- Insuficiente: omítese elementos fundamentais do indicador.
- Básico: cumprimento suficiente do indicador.
- Competente: hai prácticas sólidas. Clara evidencia de competencia no indicador.
- Excelente: prácticas excepcionais. Modelo de referencia de boas prácticas.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A programación é un elemento flexible, que debe adecuarse á realidade do alumnado, polo que se introducirán melloras ao longo da súa posta en práctica. O seguimento da programación anual realizarase principalmente en tres momentos: ao finalizar cada unidade didáctica, trimestralmente e anualmente. Teranse en conta os seguintes indicadores:

- 1. Responder as características do alumnado da aula.
- 2. Resultar útil para o uso da práctica docente diaria na aula.
- 3. Seguimento e adecuación á temporalización.
- 4. Consecución dos niveis mínimos de logro dos contidos de aprendizaxe traballados.
- 5. Prever mecanismos de recuperación, repaso, ampliación e reforzo.
- 6. Modificarse en función das necesidades ou aprendizaxe sen perder coherencia.
- 7. Presentar de forma coherente, gradual e lóxica os obxectivos, contidos, criterios de avaliación para o seu desenvolvemento.
- 8. Dispoñer de mecanismos de revisión e de mellora.
- 9. Realizar revisións periodicamente. 1
- 0. Responder aos interese do alumnado do grupo.
- 11. Establecer relacións coas actividades extraescolares e complementarias.

Unha vez analizados estes indicadores, poderanse realizar modificacións na programación que poden supoñer:

- Unha modificación da metodoloxía empregada.
- Cambios nos procedementos e instrumentos de avaliación.
- Modificacións na temporalización.
- Deseño de medidas correctoras para correxir as dificultades

## 9. Outros apartados



# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000341	CEIP Plurilingüe A Pedra	Bueu	2024/2025

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua Estranxeira - Inglés	2º Pri.	2	70

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	16
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	17
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	18
6. Medidas de atención á diversidade	19
7.1. Concreción dos elementos transversais	20
7.2. Actividades complementarias	21
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	22
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	23
9. Outros apartados	24

## 1. Introducción

Neste mundo en continua expansión as relacións entre individuos, países e organismos fanse cada vez máis necesarias e frecuentes. Neste marco, é esencial que, desde as idades máis temperás, a educación teña entre os seus obxectivos principais dotaren ás cidadás e aos cidadáns de instrumentos para o desenvolvemento de competencias que lles permitan participar adecuadamente nunha nova sociedade cada vez máis interdependente e global. A aprendizaxe de linguas estranxeiras cobra, pois, unha especial relevancia neste contexto, xa que a capacidade de comunicación lingüística eficaz é o primeiro requisito para desenvolverse nun contexto multicultural e plurilingüe.

Tal como se reflicte na introdución do Decreto polo que se establece o currículo de LE para a Educación Primaria, durante toda a etapa de primaria será imprescindible basear a aprendizaxe nos repertorios e experiencias do alumnado, facilitando así a súa participación en actos de comunicación sinxelos. Isto inclúe a posta en práctica de actividades e estratexias comunicativas de comprensión, produción, interacción e mediación lingüística, entendida nesta etapa como a actividade orientada a facilitar a comprensión mutua e a procesar e transmitir información básica e sinxela.

O alumnado de 2º de primaria está dividido en dous grupos (A e B) de 15 e 14 alumnos/as respectivamente. Ao non ser grupos moi numerosos esperamos poder traballar de xeito máis efectivo a diversidade dentro da aula.

No noso centro impártese o inglés dende infantil ata sexto de primaria. Os alumnos/as participan na etapa de Educación Infantil no Programa Plurininfantil na materia de Música (Music), e comezan en 1º a participar no Programa Plurilingüe nas materias de Plástica (Arts and Crafts) e Música (Music).

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender o sentido xeral e información específica e predicible de textos breves e sinxelos, expresados de forma clara e na lingua estándar, facendo uso de diversas estratexias e recorrendo, cando sexa necesario, ao uso de distintos tipos de apoio, para desenvolver o repertorio lingüístico e para responder a necesidades comunicativas cotiás.	2-3	1-2	1	1	5			2
OBX2 - Producir textos sinxelos de maneira comprensible e estruturada, mediante o emprego de estratexias como a planificación ou a compensación, para expresar mensaxes breves relacionados con necesidades inmediatas e responder a propósitos comunicativos cotiás.	1	1-2	1	2	5		1	4

<b>Obxectivos</b>	<b>CCL</b>	<b>CP</b>	<b>STEM</b>	<b>CD</b>	<b>CPSAA</b>	<b>CC</b>	<b>CE</b>	<b>CCEC</b>
OBX3 - Interactuar con outras persoas usando expresións cotiás, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1		3	3	1-3	
OBX4 - Mediar en situacións predicibles, usando estratexias e coñecementos para procesar e transmitir información básica e sinxela, co fin de facilitar a comunicación.	5	1-2-3	1		1-3			1
OBX5 - Recoñecer e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas.		2	1	2	1-4-5		3	
OBX6 - Apreciar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e valorando as diferenzas e semellanzas entre linguas e culturas, para aprender a xestionar situacións interculturais.	5	3			1-3	2-3		1

**Descrición:**

Estes Obxectivos están relacionados coas competencias clave e intentan desenvolverse de xeito transversal e ao longo de todo o curso. Tamén se adaptarán estes obxectivos e se incluírán, na medida do posible e de acordo coa dispoñibilidade horaria, actividades propias do Proxecto de Centro deste curso "O Teatro" e do Proxecto de Innovación Educativa "A Romaría".

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Review and a garden party	<p>Repaso dos números ata o 30, das cores, dos membros da familia, dos días da semana e dos meses do ano, das estacións e do vocabulario principal do tempo atmosférico. Repaso dos principais animais e alimentos.</p> <p>Vocabulario e expresións de uso habitual na aula e léxico relacionado coa escola; xogos de interacción do alumnado entre si e da mestra co alumnado: role-plays, memory games con tarxetas de imaxes, etc.</p> <p>Vocabulario relacionado cos xogos, deportes e actividades de lecer. Uso de "Can" para dicir cando se sabe facer a acción e "Can't" cando non se sabe ou pode realizar a acción. Uso dos suxeitos I, he e she en preguntas e respostas curtas, afirmativas e negativas.</p>	16	11	X		
2	Let's play at my house	<p>Vocabulario das partes da casa e o mobiliario principal desta. Estudo das preposicións "in, on, under e behind" para ubicar persoas e obxectos cando respondan ás preguntas "Where is/are .." e "Is/Are ... he/she/it ... on/in/under ...?". Vocabulario relativo aos tipos de vivenda "house e flat" e o verbo "live".</p>	16	12	X		
3	Let's go to school	<p>Vocabulario das partes da escola e do mobiliario principal desta. Estudo das estruturas "There is/are" e "I like/I don't like" para falar do vocabulario estudado. Vocabulario dos principais materiais dos que están feitos os obxectos e o mobiliario da clase.</p>	17	13		X	
4	A day at the farm	<p>Vocabulario dos principais animais de granxa. Uso da expresión "There are" para dicir cantos animais hai. Vocabulario das actividades que se poden facer na granxa. Partes do corpo dalgúns animais e a expresión "It's got" para dicir a parte ou partes do corpo que teñen algúns animais.</p>	17	13		X	
5	It's my birthday !	<p>Vocabulario dos principais alimentos que se toman nas celebracións dos aniversarios. Uso do verbo like cos suxeitos I, he, she para falar do que lle gusta ou non lle gusta a nenos e nenas. Uso da expresión "I have got" para falar dos ingredientes presentes ou non na neveira ou nun prato e as respostas curtas afirmativas e negativas. Estudo da orixe dos principais alimentos: animal ou vexetal.</p>	17	11			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	I'm on holiday !	Vocabulario das principais prendas de vestir de verán e o uso da forma verbal "are wearing" cos suxeitos "I, you, he, she" para dicir a roupa que leva cada persoa. Accións que se realizan no verán e especialmente na praia. Uso dos adxectivos: "hungry, thirsty, hot and scared" e do verbo "to be" para falar de cómo están os personaxes das historias estudadas e o uso das respostas afirmativas e negativas curtas co verbo to be.	17	10			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Review and a garden party	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Escribir palabras, expresións coñecidas e frases moi breves a partir de modelos simples e cunha finalidade específica, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico moi elementais sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal para o alumnado	Escribi palabras, expresións coñecidas e frases moi breves a partir de modelos simples e cunha finalidade específica, usando estruturas e léxico moi elementais sobre asuntos cotiáns	PE	20
CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Recoñece palabras habituais en textos orais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes.	TI	80
CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresa oralmente frases moi curtas e sinxelas con información moi básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado usando recursos verbais e non verbais recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados.		
CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes sinxelas e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación.	Selecciona e utiliza, de forma guiada e en contornas próximas as estratexias máis elementais para saudar, despedirse e presentarse e expresar mensaxes sinxelas e breves.		
CA2.1 - Comparar e contrastar, de forma guiada, similitudes e diferenzas evidentes entre distintas linguas reflexionando, sobre aspectos moi elementais do seu funcionamento.	Compara e contrasta, de forma guiada, similitudes e diferenzas evidentes entre distintas linguas.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Mostrar interese pola comunicación intercultural, identificando e analizando, de forma guiada, as discriminacións, os prexuízos e os estereotipos máis comúns, en situacións cotiás e habituais.	Mostra interese pola comunicación intercultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.</li> <li>- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna.</li> <li>- Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado.</li> <li>- Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación.</li> <li>- Estratexias elementais para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.</li> <li>- Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación.</li> <li>- Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas linguas familiares.</li> <li>- Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira.</li> <li>- Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Let's play at my house	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.4 - Escribir palabras, expresións coñecidas e frases moi breves a partir de modelos simples e cunha finalidade específica, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico moi elementais sobre asuntos cotiás e de relevancia persoal para o alumnado	Escrebe palabras, expresións coñecidas e frases moi breves a partir de modelos simples e cunha finalidade específica usando estruturas e léxico moi elementais.	PE	20

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Recoñece e interpreta palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible.		
CA1.2 - Utilizar de forma guiada estratexias elementais en situacións comunicativas cotiáns co fin de captar a idea global e identificar elementos específicos con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto e o cotexto.	Utiliza de forma guiada estratexias elementais en situacións comunicativas cotiáns co fin de captar a idea global e identificar elementos específicos con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos.		
CA1.5 - Seleccionar e aplicar, de forma guiada, estratexias básicas para producir mensaxes breves e sinxelas adecuadas ás intencións comunicativas usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Selecciona e aplica, de forma guiada, estratexias básicas para producir mensaxes breves e sinxelas adecuadas ás intencións comunicativas usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais.	TI	80
CA1.6 - Imitar e participar, en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais	Imita e participa, en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal.		
CA2.2 - Identificar e aplicar, de forma moi guiada, os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Identifica e aplica, de forma moi guiada, os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes.		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais.	Recoñece e aprecia a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.</li> <li>- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiáns; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna.</li> <li>- Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación.</li> <li>- Convencións e estratexias de conversación elementais, para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e preguntar e responder.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais elementais para a comprensión e produción oral e multimodal.</li> <li>- Convencións ortográficas elementais.</li> </ul>



<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das demais linguas do repertorio lingüístico propio.</li> <li>- Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira.</li> <li>- Estratexias moi básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Let's go to school	13

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.4 - Escribir palabras, expresións coñecidas e frases moi breves a partir de modelos simples e cunha finalidade específica, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico moi elementais sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal para o alumnado	Escrebe palabras, expresións coñecidas e frases moi breves a partir de modelos simples e cunha finalidade específica usando estruturas e léxico moi elementais.	PE	20
CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Recoñece e interpreta palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible.	TI	80
CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresa oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados.		
CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes sinxelas e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación.	Selecciona e utiliza, de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes moi sinxelas e breves; e formular e contestar preguntas moi básicas para a comunicación.		
CA2.3 - Identificar e explicar, de maneira guiada, progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.	Identifica e explica, de maneira guiada, os principais progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais.	Recoñece e aprecia a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos máis elementais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

**Contidos**

- Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.
- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna.
- Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado.
- Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación.
- Estratexias elementais para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.
- Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.
- Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias moi básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.

UD	Título da UD	Duración
4	A day at the farm	13

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Escribir palabras, expresións coñecidas e frases moi breves a partir de modelos simples e cunha finalidade específica, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico moi elementais sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal para o alumnado	Escrebe palabras, expresións coñecidas e frases moi breves a partir de modelos simples e cunha finalidade específica usando estruturas e léxico moi elementais.	PE	20
CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Recoñece e interpreta palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible,.	TI	80
CA1.2 - Utilizar de forma guiada estratexias elementais en situacións comunicativas cotiás co fin de captar a idea global e identificar elementos específicos con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto e o cotexto.	Utiliza de forma guiada estratexias elementais en situacións comunicativas cotiás co fin de captar a idea global e identificar elementos específicos con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.6 - Imitar e participar, en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais	Imita e participa, en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal.		
CA1.8 - Interpretar e explicar, de forma guiada, información básica axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas e polos interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Interpreta e explica, de forma guiada, información básica axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas e polos interlocutores.		
CA2.1 - Comparar e contrastar, de forma guiada, similitudes e diferenzas evidentes entre distintas linguas reflexionando, sobre aspectos moi elementais do seu funcionamento.	Compara e contrasta, de forma guiada, similitudes e diferenzas evidentes entre distintas linguas.		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais.	Recoñece e aprecia a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.</li> <li>- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiáns; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna.</li> <li>- Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais elementais para a comprensión e produción oral e multimodal.</li> <li>- Modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais e multimodais, breves e sinxelos.</li> <li>- Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiáns básicas.</li> <li>- Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas linguas familiares.</li> <li>- Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira.</li> <li>- Estratexias moi básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	It's my birthday !	11

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.4 - Escribir palabras, expresións coñecidas e frases moi breves a partir de modelos simples e cunha finalidade específica, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico moi elementais sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal para o alumnado	Escribirpalabras, expresións coñecidas e frases moi breves a partir de modelos simples e cunha finalidade específica, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico moi elementais.	PE	20
CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Recoñece e interpreta palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible.	TI	80
CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresa oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados.		
CA1.8 - Interpretar e explicar, de forma guiada, información básica axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas e polos interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Interpreta e explica, de forma guiada, información moi básica axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas e polos interlocutores.		
CA2.3 - Identificar e explicar, de maneira guiada, progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.	Identifica e explica, de maneira guiada, o principais progresos e dificultades máis elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira		
CA3.1 - Mostrar interese pola comunicación intercultural, identificando e analizando, de forma guiada, as discriminacións, os prexuízos e os estereotipos máis comúns, en situacións cotiás e habituais.	Mostra interese pola comunicación intercultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.</li> <li>- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna.</li> <li>- Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado.</li> <li>- Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación.</li> <li>- Modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais e multimodais, breves e sinxelos.</li> <li>- Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación.</li> <li>- Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacións derivadas do</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- nivel de competencia na lingua estranxeira e nas linguas familiares.</li> <li>- Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira.</li> <li>- Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	I'm on holiday !	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.4 - Escribir palabras, expresións coñecidas e frases moi breves a partir de modelos simples e cunha finalidade específica, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico moi elementais sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal para o alumnado	Escribe palabras, expresións coñecidas e frases moi breves a partir de modelos simples e cunha finalidade específica usando estruturas e léxico moi elementais.	PE	20
CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Recoñece e interpreta palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible.		
CA1.2 - Utilizar de forma guiada estratexias elementais en situacións comunicativas cotiás co fin de captar a idea global e identificar elementos específicos con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto e o cotexto.	Utiliza de forma guiada estratexias elementais en situacións comunicativas cotiás co fin de captar a idea global e identificar elementos específicos con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos.		
CA1.5 - Seleccionar e aplicar, de forma guiada, estratexias básicas para producir mensaxes breves e sinxelas adecuadas ás intencións comunicativas usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Selecciona e aplica, de forma guiada, estratexias moi básicas para producir mensaxes moi breves e sinxelas adecuadas ás intencións comunicativas usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais.	TI	80
CA1.6 - Imitar e participar, en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais	Imita e participa, en situacións interactivas moi elementais e sinxelas sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.2 - Identificar e aplicar, de forma moi guiada, os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Identifica e aplica, de forma moi guiada, os principais coñecementos e estratexias máis básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.		
CA3.1 - Mostrar interese pola comunicación intercultural, identificando e analizando, de forma guiada, as discriminacións, os prexuízos e os estereotipos máis comúns, en situacións cotiás e habituais.	Mostra interese pola comunicación intercultural, identificando e analizando, de forma guiada, as principais discriminacións e prexuízos, e os estereotipos máis comúns, en situacións cotiás e habituais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.</li> <li>- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna.</li> <li>- Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación.</li> <li>- Convencións e estratexias de conversación elementais, para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e preguntar e responder.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais elementais para a comprensión e produción oral e multimodal.</li> <li>- Convencións ortográficas elementais.</li> <li>- Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das demais linguas do repertorio lingüístico propio.</li> <li>- Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira.</li> <li>- Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.</li> </ul>

#### **4.1. Concrecións metodolóxicas**

A metodoloxía levaranos a:

- Buscar un enfoque orientado á acción, creando situacións continuas de comunicación con e entre o grupo: TPR, seguir instrucións, preguntar e responder para dar/obter información en interaccións cotiás habituais, desenvolver xogos....
- Partir sempre das aprendizaxes previas do grupo de alumnado co que traballamos.
- Realizar proxectos significativos adaptados ao nivel educativo.
- Deseñar actividades de aprendizaxe de acceso universal (DUA) para atender mellor á diversidade do alumnado o que axudará a darlle unha atención individualizada.
- Poñer énfase na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto se detecten.
- Buscar a identificación persoa-lingua, o que implica axudar ao alumnado a asociar de xeito automático a mestra/e coa lingua que ensina
- Impulsar situacións de interacción, de comunicación oral entre o alumnado de todos os niveis: en parellas, pequenos

grupos ou grupo /aula, en situacións reais ou supostas (encher cadros de datos sobre o outro/a; competición entre grupos de pregunta-resposta; descubrir datos reais ou supostos sobre os demais a través de xogos coma Adiviña quen é?; dramatizacións de diálogos en situacións reais ou imaxinarias; etc.). Neste ámbito da comunicación oral, a introdución do xogo en diferentes formatos, soportes e modalidades preséntase coma un elemento necesario e fundamental para a adquisición da lingua en calquera nivel da etapa de Primaria: xogos de tarxetas tales coma xogos de memoria, adiviñar a tarxeta tapada, describir a tarxeta escollida; xogos de taboleiro temáticos, nos que os xogadores e xogadoras teñen que verbalizar todo o que se nos ocorra relacionado co desenvolvemento do mesmo: número do dado, do cadro, a imaxe ou palabra dese cadro, ler unha pregunta escrita no cadro no que se está, contestar a unha pregunta, e todas aquelas propostas que podan encaixar no marco do xogo de taboleiro e cumpra cos obxectivos de utilizar vocabulario e expresións na lingua estranxeira, proporcionar diversión e concentración aos participantes no mesmo e incorporar a todo o alumnado sen importar as súas habilidades e/ou capacidades. Incluímos aquí tamén os xogos lingüísticos, coma o mimo, e calquera outro que sirva para acadar obxectivos e competencias ao longo de toda a etapa de Primaria.

- Empregar tecnoloxías dixitais: proxección de vídeos, xogos interactivos online, videoclips de cancións e tamén o uso da radio escolar para emitir e gravar cuñas publicitarias e mensaxes, realizar podcasts de duración curta, anuncios en vídeo sobre eventos a realizar no propio centro ou a contorna, e actividades similares. Todas elas son adaptables a diferentes niveis de aprendizaxe da lingua e van permitir a interacción entre alumnado diverso.

- Alternar, para introducir a lectura en lingua estranxeira e a escoita, o uso de ferramentas dixitais (historias publicadas en plataformas de difusión dixital, ilustradas e narradas por persoas de fala inglesa e acentos diferentes) coa lectura por parte do profesorado de libros adaptados a esta idade.

- Utilizar fragmentos audiovisuais de documentais, anuncios publicitarios, curtas en vídeo, ... adecuados a este nivel para a práctica da comprensión oral. Este tipo de actividade permitiralles a nenos e nenas acceder a información e imaxes relacionadas con outras materias do currículo, e a temas transversais tales coma a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual; a igualdade de xénero, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable.

- Dotar aos nenos e nenas dunha ferramenta máis para a comunicación: a lingua estranxeira. Esta ferramenta, igual cás outras linguas das que dispoña, permitiralles expresar o que queren en cada momento, dende as súas necesidades básicas ("non me atopo ben", "quero ir ao baño"), ata relacionarse nos xogos ("tócame a min", "gañei!") e entender as necesidades dos/as demais.

- Aproveitar todas as situacións que o ámbito escolar ofrece para introducir a lingua estranxeira en substitución das maternas do alumnado, propoñendo e creando situacións relacionadas coa realidade na que este vive, para que teña sentido e significado pleno a lingua que use e, ao mesmo tempo, ofrecerlle a posibilidade de achegarse a outras realidades grazas a ela, a través do mundo dixital.

- Utilizar materiais visuais e variados, coma libros ilustrados, revistas, periódicos, tarxetas con imaxes do vocabulario das unidades didácticas, páxinas web, presentacións dixitais e vídeos curtos para a adquisición de estratexias de autoaprendizaxe entre as que están a utilización de técnicas coma impulsar repasos frecuentes entre os nenos e nenas, os xogos lingüísticos, a escoita de cancións e o visionado de películas e vídeos nesa lingua.

- Priorizar a linguaxe corporal, os xestos, a mímica e soportes visuais para facerse entender o mestre/a cos nenos e nenas, e deste xeito practicar e aprender eles mesmos estas estratexias fronte á tradución.

- Poñer en práctica a coordinación entre o profesorado de linguas estranxeiras e o das linguas cooficiais, necesaria para evitar a repetición de contidos. O achegamento do alumnado á lingua estranxeira prodúcese xeralmente partindo da lingua materna e das ambientais, polo que é esencial o tratamento integrado de todas as linguas e a colaboración entre todo o profesorado que as imparte.

- Asentar e afianzar, así mesmo, a coordinación entre o profesorado de linguas estranxeiras e o que imparte outras áreas nesa lingua, necesaria no actual contexto de centros docentes plurilingües e seccións bilingües.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto e caderno con contos e historias a toda cor, pegatinas e recortables.
Flashcards e tarxetas para presentar o vocabulario e fichas impresas de reforzoe/ou ampliación.
- O blog de Inglés do centro "English A Pedra"
- Posters, murais e historias en viñetas ou por láminas.
- Encerado dixital interactivo Smartboard
- Videos e audios educativos con cancións e rimas das Editoriais e de plataformas como Vevo e YouTube
- Ferramentas dixitais e páxinas web para a elaboración de materiais e a Aula Virtual do centro
- Xogos físicos, xogos manipulativos e tamén os xogos dixitais
- Historias e contos publicados na rede, libros da biblioteca e revistas "I love English" e "I love English kids"
- Fichas interactivas como por exemplo Liveworksheets
- A Auxiliar de Conversa estará na clase xunto á profe durante 1 sesión semanal con cada grupo

1- Empregamos 2 libros de texto que conteñen moito material impreso a toda cor coma contos, historias, cancións e actividades de moitos tipos para traballar todos os contidos das distintas unidades. Conteñen stickers e crafts (material recortable).

2- Na aula tamén empregamos moitas flashcards e tarxetas de vocabulario coas que presentamos e repasamos as palabras que traballamos e tamén facemos xogos con elas. Ademais, utilizamos algunhas fichas impresas de reforzo/ou ampliación.

3- Accedemos a páxinas para escoller lecturas e vídeos. Tamén temos un blog: English A Pedra onde imos compartindo publicacións de historias e cancións, entre outras cousas, que empregamos na aula: <https://englishapedra.blogspot.com/> Ademais dispoñemos dunha ampla selección de lecturas na biblioteca escolar do centro na sección de inglés e traemos lotes para o recuncho de lectura da aula

4- Pósteres e murais dispostos pola aula que serven de apoio visual nas dúas posibilidades que nos brindan: a elaboración propia en aula por parte do alumnado; e os pósteres de vocabulario que nos permiten unha ampla variedade de actividades de comunicación.

5- Encerado dixital interactivo: Smartboard. Son moitas as posibilidades que nos ofrece o seu uso en aula, dende actividades específicas para este medio ata o seu uso cos recursos da Internet; o simple feito de poder actuar dese xeito coa pantalla diante de todo o grupo-clase xa é motivador, a partir de aí todo son posibilidades.

6- Vídeos de plataformas coma Vevo e YouTube: pequenos fragmentos de películas coñecidas polo alumnado, vídeo-clips de cancións que nenos e nenas coñecen e dos que poden aprender e cantar fragmentos, pequenos fragmentos de documentais sobre animais, natureza, tours por cidades e temas transversais tales coma cuestións sociais, dereitos de nenos e nenas e os ODS.

7- Ferramentas dixitais de elaboración de materiais: poden ser usadas polo propio alumnado baixo supervisión e guía da mestra.

Por exemplo:

- Ferramentas que nos ofrece a propia Consellería de Educación nas aulas virtuais

- Genially: <https://genial.ly/why-genially>



- Canva: [https://www.canva.com/es\\_419/](https://www.canva.com/es_419/)
- Ferramentas que nos ofrece Google para a escola
- Speak and play: <https://speak-and-play-english.com/>
- 8- Xogos manipulativos, físicos e dixitais:
  - Xogos de mesa (sempre relacionadas co vocabulario e expresións de uso frecuente xa traballados e coñecidos polo alumnado)
  - Xogos de tarxetas: imaxe-imaxe; imaxe - palabra; palabra - palabra, preguntas: adiviñar a tarxeta; memory game; facer parellas...
  - Xogos de taboleiro: con imaxes; con imaxes e palabras; con imaxes e instrucións; con preguntas que hai que contestar: Snakes and ladders, Noughts and crosses, Trivial, Scrabble, Crazy Chefs, Pictionary...
  - Dominós relacionados cos diferentes temas que vaíamos traballando ao longo do curso.
  - Xogos físicos: hai moitos xogos aos que xogan nenos e nenas na lingua propia que son perfectamente aproveitables para practicar a LE e incorporala á comunicación automática. Pódense citar aquí:
    - Xogos de pelota nos que cada xogador di unha palabra, ou unha frase; ou fai unha pregunta que debe contestar quen recibe a pelota,
    - Xogos de rol,
    - Xogos coma o do pano e os números, no que se pode variar perfectamente os números cos que xogan cada vez, ou introducir a variante de usar palabras dun campo semántico determinado no canto de números,
    - Xogos de localización e movemento no espazo.
- 9- Uso dos medios audiovisuais cos que conte a escola: radio, vídeo, tanto para a produción coma para un posterior uso na escoita e comprensión. Ademais o centro conta tamén coa subscripción a 2 revistas educativas en Inglés: "I love English" and "I love English kids" para incentivar a lectura en Inglés xa que estas revistas achegan contos, historietas, xogos, reportaxes de actualidade e moitos outros estímulos que axudan a este fin.
- 10- No centro utilízase tamén a plataforma de fichas interactivas Liveworksheets para practicar, reforzar ou ampliar os coñecementos adquiridos a través de fichas interactivas atractivas, novedosas, intuitivas e entretidas.
- 11- O centro conta co/a auxiliar de conversa que cada ano acompaña ás profes de Inglés nunha sesión semanal por aula e nivel para afianzar a comprensión, léxico, pronunciación, entoación, expresión, etc dos nosos alumnos/as fomentando a conversa na clase de Inglés.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Farase ao principio do curso unha avaliación de diagnose para coñecer o nivel competencial do alumnado: pronunciación, escoita e comprensión oral, fluidez na expresión verbal e calquera outro aspecto que os permita valorar o punto de partida de cada neno/a

Neste proceso pódense recoller evidencias con pequenas probas ou a través da observación directa por parte do profesorado rexistrando os datos nunha táboa de valoración específica.

Tamén se revisarán os informes sobre o grao de adquisición das competencias clave do alumnado en cursos anteriores, tendo en conta as medidas de reforzo programadas e previstas para o curso.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>16</b>	<b>16</b>	<b>17</b>	<b>17</b>	<b>17</b>	<b>17</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	20	20	20	20	20	20	<b>20</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	80	80	80	80	80	80	<b>80</b>

### Criterios de cualificación:

A avaliación do alumnado será global, continua e formativa, e terá en conta o grao de desenvolvemento das competencias clave e o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.

Terase en conta para avaliar a actitude do alumnado, as tarefas realizadas nos libros de texto, as fichas de traballo, os proxectos e as probas escritas, orais (speaking), de lectura (Reading-comprehension) e de audición (listening).

Empregaranse distintas rúbricas para avaliar as unidades didácticas e cada unha terá un peso específico na avaliación, e tamén procedementos e evidencias como a observación sistemática, posta en común, presentacións, gravacións en audio e vídeo, representacións tipo role play, teatrais, análise de portafolios e outros.

Utilizaranse instrumentos: como táboas de indicadores, que serán diferentes segundo as evidencias que se queiran analizar, e probas orais e escritas tales como tests, fichas, murais e presentacións elaboradas polo alumnado nos que se use a lingua escrita.

Dado o carácter cíclico no traballo coa lingua estranxeira a adquisición da mesma é progresiva polo que no inicio do curso o alumnado terá menor fluidez, menos bagaxe de léxico e menos seguridade e confianza no uso da lingua e das ferramentas, técnicas e estratexias de auto-aprendizaxe en consecuencia terémolo en conta á hora de valorar as evidencias que recollamos e de decidir a cualificación para cada alumno/a.

Para obter a cualificación na avaliación continua ao longo do curso teremos en conta o rexistrado nas táboas de indicadores que imos utilizando en cada UD, prestando especial atención aos avances que teña experimentado cada neno e nena dende o momento da avaliación inicial e/ou anterior.

Para construír a cualificación final elaboraranse táboas de indicadores específicos que analizarán todos os CA do nivel; prestaremos atención especial e valoraremos, principalmente, a evolución experimentada por cada neno e nena dende o comezo do curso escolar, o nivel de consecución de cada obxectivo e a adquisición das competencias nese remate do curso.

### **Criterios de recuperación:**

Dada a característica progresiva da materia, o alumnado irá recuperando aqueles aspectos non superados no seu momento coas novas tarefas do curso.

Cando o progreso dun alumno/a non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo dos temas ou destrezas nas que presenta as dificultades tales como: explicacións individuais, fichas ou pequenos proxectos sinxelos para reforzar un aspecto concreto do currículo.

Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Tal como se establece na normativa vixente, prestarase especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e alumnas, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe e que poderán ser tanto organizativos coma curriculares. Entre as medidas que se adopten poderían considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

Esta programación ten en conta os diversos niveis de aprendizaxe dos alumnos/as. Non todos os nenos/as aprenden

do mesmo xeito e ao mesmo ritmo. Por iso, cada actividade pode ser tratada con distinto nivel de profundidade e apoiada con materiais diversos que permitan adaptarse ás características de todo o alumnado e aos diferentes ritmos de aprendizaxe.

Algunhas propostas para atender ao alumnado que teñamos no grupo, segundo as características que presenten, poderían ser:

\* Fast finisher activities:

- Teranse preparadas follas de actividades para aqueles alumnos-as que acaban as tarefas máis rápido; por exemplo con wordsearch, crosswords, scrabble, out of order de letras ou palabras. .., sempre relacionadas co léxico dos diferentes temas nos que esteamos centrados en cada momento.

- Pediráselles que axuden a outros alumnos coas súas actividades (función de mediación lingüística).

- Os nenos e nenas que rematen poderán comparar, repasar e practicar lectura do traballo feito con outros-as que tamén vaian rematando.

- Asignaráselles variacións das actividades xa realizadas.

- Terán á súa disposición xogos de tarxetas (palabra-palabra, palabra-imaxe, imaxe-imaxe), de taboleiro e outros, relacionados co tema de traballo.

- Disporán do uso de ordenador para afondar no tema no que se está a traballar: busca de máis información, imaxes, cancións, vídeos curtos e similares.

\* Nenos e nenas con dificultades de aprendizaxe:

- Inclúílos en actividades colectivas, de grupo, no que teñan o seu propio rol, adaptado ás súas capacidades e circunstancias.

\* Nenos e nenas con trastornos de conduta:

- Buscarase a coordinación co equipo de profesorado e a orientadora do centro, de tal xeito que podamos incluílo nas actividades da aula.

- Favorecerase a flexibilización e o emprego de alternativas metodolóxicas no ensino e na avaliación, especialmente co alumnado que presente dificultades na comprensión e expresión.

As actividades deben ser flexibles para que todos poidan participar e facilitar así o seu progreso, prestándolles apoio cando así o requiran. Contamos sempre con actividades de reforzo para os alumnos/as que se estanquen (slow learners) e de ampliación para os máis avanzados (fast learners).

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - A igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz.	X	X	X			
ET.2 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.3 - Resolución pacífica de conflitos.	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible.				X	X	X

**Observacións:**

Calquera destes ou outros elementos transversais poderán traballarse ao longo do curso se xurde a necesidade dentro da aula ou se está relacionado co tema elixido polo claustro para traballar dende a biblioteca como proxecto vertebrador en todo o centro neste curso escolar.

**7.2. Actividades complementarias**

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Conmemoracións da escola:	Samaín, magosto, 25-N, nadal, paz, entroido, 8-M, maíos, dereitos da infancia, día do libro, ....	X	X	X
Conmemoracións específicas relacionadas coa lingua estranxeira	Halloween, Guy Fawkes, Thanksgiving, Christmas, Peace, Carnival, Saint Patrick's, Easter ....	X	X	X
Hora de ler	O profesorado de inglés e CLIL leva a cabo a hora de ler en inglés nos cursos onde coinciden estas materias na 4ª sesión (despois do recreo).	X	X	X
Saídas escolares	Aproveitaranse nas aulas de LE todas as saídas para actividades de aprendizaxe.	X	X	X

**Observacións:**

Levarase a cabo calquera outra actividade que xurda ao longo do curso e o profesorado de linguas estranxeiras considere de interese para o alumnado como, por exemplo, saídas ao teatro se se oferta algunha obra en inglés, ...

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

<b>Indicadores de logro</b>
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
- Seguíronse os puntos establecidos na programación.
- Foi axeitada a temporalización programada nas distintas unidades didácticas.
- Traballáronse todos os contidos contemplados na programación
Metodoloxía empregada
- Leváronse a cabo medidas de reforzo educativo dirixido ao alumnado que presentou dificultades de aprendizaxe.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
- Incorporouse o uso das TIC ao proceso de ensino.
Medidas de atención á diversidade
- Aplicáronse as medidas de atención á diversidade ao alumnado que o precisou.
Clima de traballo na aula
- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado nas diversas actividades propostas a través de situacións de interacción e agrupamentos variados.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
- As coordinacións coas titoras/es e co profesorado que imparte no mesmo nivel foron frecuentes
- Existiu coordinación entre o profesorado de LE e o de CLIL.

### **Descrición:**

Con estes indicadores valoraranse aspectos como: a dificultade e duración das actividades, a motivación do alumnado, a temporalización das unidades, coordinación entre o profesorado, as medidas de atención á diversidade... O procedemento para a recollida de información farase nas reunións plurilingües e na memoria anual de finais de curso.

CA4.6 - Describir rutinas e actividades sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso, utilizando principios básicos do pensamento computacional de forma guiada.	Indica con esquemas ou secuencias os pasos dunha rutina ou tarefa.		
CA4.8 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Identifica relacións entre diferentes sentidos matemáticos con axuda de apoios orais (preguntas) ou iconográficos.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA5.2 - Comprender as preguntas formuladas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.	Representa de forma sinxela as ideas contidas en problemas matemáticos cotiáns.		
CA6.8 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Indica a través da linguaxe oral, xestual, gráfica ou simbólica os pasos seguidos para resolver un problema ou os resultados obtidos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Sentido das operacións</li> <li>- Agrupacións manipulativas e gráficas de cantidades repetidas (2, 3, 4, 5 e 10), con investigación dos patróns para introducir a multiplicación en contextos habituais.</li> <li>- Procesos para a resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, formulación de hipóteses de resolución e proposta de plan, contraste de puntos de vista, elaboración con flexibilidade e sentido, expresión da solución, verificación e idoneidade dos resultados, expresión ordenada destes e explicitación do proceso seguido.</li> <li>- Educación financeira</li> <li>- Resolución individual e en equipo de problemas sinxelos da vida diaria nos que se manexen prezos de obxectos cotiáns e se empreguen, relacionadas con eses prezos, moedas e billetes de euro, ademais das súas equivalencias.</li> <li>- Elaboración e representación de problemas nos que sexa necesario empregar e administrar o diñeiro.</li> <li>- Aproximacións e estimacións en situacións simuladas de compra e venda, contraste da validez de cada estratexia, así como das súas vantaxes e inconvenientes.</li> <li>- Magnitude</li> <li>- Identificación e exemplificación de características mensurables dos obxectos (lonxitude, masa, capacidade, temperatura), distancias e tempos mediante a observación da realidade próxima.</li> <li>- Medición</li> <li>- Experimentación individual e en equipo con unidades non convencionais presentes no seu contexto cotián e utilización de recursos dispoñibles variados para medir, comparar, atopar equivalencias e diferenzas.</li> <li>- Medición individual e en equipo con instrumentos non convencionais e convencionais (regras, cintas métricas, balanzas, xerras graduadas, calendarios, reloxos, termómetros) para resolver problemas cotiáns e achegarse á medición eficaz (selección do instrumento, precisión na medida e uso correcto de unidades) con explicación verbal e gráfica do proceso seguido.</li> <li>- Estimación e relacións</li> <li>- Experimentación (comparación, ordenación, composición, descomposición) e expresión oral, gráfica ou iconográfica e escrita das equivalencias entre quilo, medio quilo e cuarto quilo ou entre litro, medio litro e cuarto litro.</li> <li>- Estimación de medidas (distancias, alturas, masas, capacidades, tempos, temperatura) por comparación directa con outras medidas en contextos de resolución de problemas cotiáns, análises de acertos e erros como parte do proceso de aprendizaxe.</li> <li>- Visualización, razoamento e modelización xeométrica</li> <li>- Recoñecemento de elementos, figuras e relacións xeométricas na arte, a linguaxe oral, a contorna físico-natural, os xogos e planos do seu contexto próximo.</li> <li>- Patróns</li> </ul>

## Contidos

- Estratexias para a identificación das regularidades nunha colección ou secuencia de números, figuras ou imaxes en situacións cotiás, con descrición oral e extensión da secuencia.
- Modelo matemático
- Modelización guiada do proceso de resolución de problemas en equipo con debuxos, pictogramas, esquemas, diagramas, manipulables, dramatizacións para a súa comprensión, recoñecemento de datos, elaboración e contraste de hipótese, procura do procedemento adecuado, comprobación de solucións e verbalización ou explicación do realizado.
- Relacións e funcións
- Comparación entre expresións que inclúan obxectos, números e operacións con explicación das relacións de igualdade e desigualdade no contexto cotián e o uso da simboloxía adecuada = e ?.
- Obtención de datos descoñecidos nunha relación de equivalencia ou igualdade con perseveranza, explicación do proceso, contraste e comprobación de que o dato obtido é correcto.
- Pensamento computacional
- Interpretación de algoritmos sinxelos en situacións cotiás (rutinas diarias, instrucións por pasos ou fases ordenadas) co uso guiado de estratexias.
- Incerteza
- Distinción, nun ámbito lúdico e cotián, entre suceso posible e imposible e utilización adecuada deses termos.
- Crenzas, actitudes e emocións
- Promoción de preguntas e pequenas investigacións matemáticas como estratexias para fomentar a curiosidade e iniciativa na súa aprendizaxe.
- Orde, claridade e limpeza como actitude que cómpre desenvolver no traballo matemático cotián.
- Traballo en equipos: inclusión, respecto e diversidade
- Estratexias guiadas de planificación, control e organización do traballo en equipos para xestionar o tempo, a realización das tarefas e a repartición equitativa e rotatoria de roles en interacción simultánea.
- Recoñecemento de mulleres e homes no ámbito matemático e a súa contribución a ámbitos do saber como mecanismo de construción dunha identidade positiva propia.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía en educación primaria debe acercar o proceso de ensinanza/aprendizaxe aos contextos reais do alumnado.

Na metodoloxía activa debemos favorecer que o traballo sexa atractivo para o alumnado, utilizar as novas tecnoloxías como recurso, tomar conciencia do coidado e protección do entorno, colaborar con outros axentes, procurar unha aprendizaxe autónoma, favorecer a

flexibilidade e, sobre todo, axustarse ao desenvolvemento competencial do alumnado.

O principio básico da metodoloxía activa é utilizar unha serie de estratexias para favorecer que o alumnado aprenda dunha maneira autónoma e se desenvolva en todas as facetas da súa personalidade.

Na educación primaria a metodoloxía debe ser activa, participativa e flexible, partindo do nivel de desenvolvemento do alumnado, nos seus distintos aspectos, para construír, a partir de aí, outras aprendizaxes.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por sí mesmos e promovendo o traballo en equipo.

O alumnado é protagonista activo nesta programación; investiga, descubre, procura, manipula, participa, cuestiona e responde. Desta forma, o docente convertese en guía da aprendizaxe, buscando potenciar en todo momento a autonomía do alumnado ao mesmo tempo que procura que este estableza aprendizaxes significativas ao partires dos seus coñecementos para acadar uns novos.

As liñas metodolóxicas da nosa programación son as seguintes:

-A globalización: pretendendo estimular o desenvolvemento de todas as capacidades, tanto físicas como afectivas, intelectuais e sociais dunha forma global, xa que calquera actividade realizada polos nenos e nenas

pon en xogo mecanismos afectivos, psicomotores, comunicativos, cognitivos, somáticos, de imaxinación, de creatividade e de atención.

- A aprendizaxe significativa: refírese á posibilidade de establecer vínculos substantivos entre o que hai que aprender (o novo contido) e o que sabe (os seus coñecementos previos). Todo novo coñecemento ten que partir das experiencias previas dos alumnos e alumnas. Para lograr estas aprendizaxes comezaremos cada Unidade Didáctica cun remuíño de ideas a modo de avaliación inicial, para saber os seus coñecementos previos e, sobre eles, construír os novos, buscando en todo momento unha continuación no proceso educativo de toda a etapa e ampliando os coñecementos de forma escalonada.

- Ensinanza individualizada: axustándose ás características e peculiaridades individuais de cada un dos nosos alumnos e alumnas. A atención individualizada é unha constante favorecendo o principio de igualdade e equidade, ao mesmo tempo que prestamos atención á diversidade en todo momento do noso alumnado e buscamos medidas para mellorar a súa aprendizaxe tan pronto como estas se detecten.

- A afectividade: a seguridade que lles dá o sentirse queridos contribúe, dunha maneira moi positiva, á formación dunha imaxe axustada e positiva de sí mesmos. A relación que mantemos co alumnado establececese dentro dun ambiente democrático, de comprensión, afecto, aceptación, confianza mutua e respecto.

-A socialización e a comunicación: creando situacións de aprendizaxe nas que atopen momentos para agruparse cos seus iguais, compartir o material e sentir o apoio dos «outros» que lle axudarán a socializarse e comunicarse. Estas situacións de aprendizaxe apóianse, na maioría dos casos, no traballo cooperativo e no xogo por consideralos elementos básicos e primordiales para o desenvolvemento da atención, a memoria, a linguaxe, a imaxinación, a personalidade e ser o recursos metodolóxicos por excelencia no traballo cos nenos e nenas desta idade. A través do xogo indentifican o comportamento dos adultos e as normas sociais e o traballo cooperativo contribúe xunto co xogo ao desenvolvemento da socialización e a comunicación nas actividades propostas nos recunchos, obradoiros e saídas así como a aceptación das normas e o traballo entre iguais, potenciando as fortelezas de cada un para mellorar o seu equipo.

- A autonomía e autoxestión: sendo este o protagonista das súas propias aprendizaxes considerando como importante o proceso e non só o resultado. Dentro da nosa aula cada día un neno ou unha nena é o protagonista asumindo responsabilidades que favorecen a autonomía e a aprendizaxe.

- Aprendizaxe cooperativa: favorecendo os encontros co grupo e a sociedade nun pulo pola convivencia, a paz e a inclusión.

- A manipulación: considerando o traballo manipulativo determinante para a o correcto paso entre os conceptos

concretos e os abstractos e fundamental para vincular as aprendizaxes curriculares coa realidade.

- A liberdade e a creatividade: que favorecen os coñecementos potencialmente significativos e funcionais, potencian a autonomía e a produción persoal.

- A coeducación: considerando a actividade de todo xénero en detrimento de actividades asignadas ao xénero e en prol da ruptura de estereotipos.

- A metodoloxía activa: entendéndoa como un conxunto de estratexias didácticas que permiten e estimulan ao alumnado a participar realmente como suxeitos da súa propia aprendizaxe. O alumnado é o verdadeiro protagonista do proceso de ensinanza-aprendizaxe, e o noso obxectivo fundamental é manter activa a súa mente a través das situacións de aprendizaxe, tratando de facerlle analizar e observar, á vez que criticar, as diferentes situacións que se lle presentan.

- Aprendizaxe baseada na investigación na resolución de problemas e descubrimentos: o alumnado aprende a través da abordaxe ou de preguntas, da análise de probas, de conectar ditas probas con coñecementos preexistentes, de sacar conclusións e reflexionar sobre os seus achados. Serán actividades de investigación que permitan elaborar hipótesis, sacar conclusións e reforzar as aprendizaxes máis instrumentais, favorecendo o pensamento crítico e o pensamento científico.

- As medidas metodolóxicas rexiranse por principios do Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA):

proporcionando diversas opcións didácticas para que os alumnos/as se transformen en persoas que aprenden a aprender e estén motivados pola súa aprendizaxe.

Con respecto á materia de matemáticas:

A interacción é fundamental na aprendizaxe das matemáticas. As estruturas, estratexias e dinámicas de aprendizaxe cooperativa propician a resolución conxunta de tarefas e problemas, potencian a atención á diversidade, a inclusión, a igualdade e, en definitiva, a convivencia. Promoven reflexionar e compartir diferentes maneiras de resolver permitindo aproximarse cada vez máis a un proceso eficaz.

A vivencia, manipulación, representación e abstracción son procesos imprescindibles en calquera situación de aprendizaxe; van poñerse en marcha nas situacións contextualizadas, nas que están presente a exploración e a investigación e nas que é imprescindible responder a unha pregunta, solucionar un reto, lograr unha construción, representar unha vivencia, resolver problemas... polo que será esencial partir de materiais manipulativos e que poidamos atopar na contorna tanto para introducir os novos contidos da área como para afianzar os que xa teñen adquiridos.

A resolución de problemas xunto ás destrezas emocionais van da man en cada unidade. O problema representa un desafío para o alumnado, permite que faga uso dos seus coñecementos previos, que incorpore datos de outras áreas, que elabore novos coñecementos ou modifique os adquiridos. Na resolución de problemas teñen lugar a



lectura, reflexión, planificación, establecemento de estratexias, revisión, comunicación, xustificación e modificación de plan se cumprise. A resolución de problemas permítelle ao alumnado planificar o proceso realizando preguntas apropiadas.

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material manipulativo convencional: tangram, policubos, regletas, base dez, bloques lóxicos, pezas de construción, corpos xeométricos, kataminos, contas de madeira...
Material manipulativo non convencional: tapóns, pedras, paos, follas...
Material de medidas convencionais: balanzas, básculas, pesas, metros, cintas métricas, recipientes de capacidade, reloxos analóxicos, dixitais e de area.
Material de refugallo: botellas, caixas, envases de produtos do supermercado, teas, fíos, lás, ...
Material de debuxo: regra
Cartos: moedas e billetes.
Recursos tecnolóxicos e dixitais: calculadora, ordenadores, tablet...
Outros recursos: planos, coleccionables, folletos, publicidade, pelotas, aros, material deportivo en xeral...
Libro de texto: Matemáticas 2. Operación Mundo.
Libreta lisa de tamaño folio, ceras, lapis, goma, rotuladores, cartolina...
Xogos matemáticos: bingo, oca, parchís, rummikub...
Polígonos

O currículo da área de matemáticas fai numerosas referencias á manipulación e ao emprego de material para favorecer a comprensión dos distintos contidos que veñen reflectidos nel, polo tanto, o propio texto xa nos dá unha idea dos que deben ser empregados.

Nesta programación fórmulase a clasificación anterior que pretende organizar os distintos recursos e materiais que empregaremos, se ben non pode ser considerada unha

lista pechada, xa que ao longo do curso poden ser incorporados outros recursos ou materiais que faciliten a aprendizaxe.

É preciso puntualizar que o emprego de material non é un fin en si mesmo e non garante a consecución dos obxectivos, esixe dunha planificación e secuenciación ás que xa se fixo referencia no apartado anterior.

O emprego do material require dunhas pautas para o seu uso e conservación, deberán ser asumidas e respectadas por todo o alumnado e o seu cumprimento será responsabilidade individual de cada persoa, se ben o reparto e recollida do mesmo estará incluído dentro dos roles dos equipos de traballo.

A distribución e colocación do material na aula favorecerá a accesibilidade para todo o alumnado, de tal xeito que lle resulte sinxelo collelo cando sexa necesario.

### **5.1. Procedemento para a avaliación inicial**

A principio de curso levarase a cabo unha avaliación inicial para poder analizar cal é o punto de partida do noso alumnado e así poder establecer estratexias comúns de actuación e dar resposta á diversidade que nos atopamos na nosa aula.

Esta avaliación inicial deberá permitir obter información sobre o desenvolvemento da capacidade do alumnado para actuar en situacións matemáticas diversas poñendo en funcionamento coñecementos, habilidades, destrezas, valores e actitudes.

Avaliaremos aspectos como:

- A habilidade para establecer relacións entre os obxectos tendo en conta as calidades ou atributos dos mesmos (color, forma, tamaño,...).
- A capacidade para empregar cuantificadores básicos (uso funcional de números na vida cotiá, cantidade, número e grafía) e significativos en contexto lúdico e en interacción coas demais persoas (relacións de orde, clasificación e comparación).
- A capacidade e a habilidade para poder realizar operacións mentais de suma e resta de forma automática así como o uso de diferentes estratexias para traballar as operacións con levadas.
- A habilidade de situarse en espazos cotiás, aplicando os seus coñecementos sobre nocións espaciais básicas (relacións topográficas básicas).

- A capacidade de identificar situacións cotiás nas que se precise medir usando o corpo ou outros materiais e ferramentas para realizar medidas.
- A habilidade de organizar a súa actividade ordenado secuencias e usando nocións temporais básicas (o tempo: antes-despois, estacións, ciclos, calendario,...)
- A habilidade de xestionar situacións, retos e problemas mediante a planificación, amosando interese e cooperando coas súas e cos seus iguais.
- A capacidade de ir manexando a frustración ante as dificultades ou problemas empregando algunhas estratexias sinxelas.
- A habilidade de preguntar, identificar preguntas matemáticas e verificar as hipóteses que faga a través da manipulación.
- A capacidade de usar secuencias de accións ou instrucións para resolver tarefas sinxelas; o nivel das habilidades básicas de pensamento computacional.
- As habilidades desenvolvidas para traballar en equipo (respecto, quendas,...)

O resultado obtido nesta avaliación inicial servirá de punto de partida para o desenvolvemento da programación, facendo fincapé naqueles aspectos nos que o alumnado presente carencias.

Ao principio de cada unidade tamén realizaremos unha avaliación inicial para adaptar a programación se fose necesario e ver en que punto se atopa cada un dos alumnos e alumnas da nosa clase.

Rexistraremos no Xade o resumo dos datos obtidos da avaliación do alumnado para que pase a formar parte do seu expediente así como as medidas de reforzo educativo que se poidan aplicar.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>20</b>	<b>20</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	10	10	10	10	10	10	<b>10</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	90	90	90	90	90	90	<b>90</b>

### Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado non pode axustarse a un momento dado, senón que debe ser global e sistemática. O seu obxectivo non pode ser outro que valorar o progreso alcanzado no desenvolvemento das competencias e no grao de coñecementos adquiridos.

Ademais de global, tamén será continua e formativa. Ao longo do curso e por medio das unidades didácticas traballadas comprobarase o logro e consecución dos obxectivos propostos (establecidos nas táboas anteriores) mediante os seguintes criterios de cualificación:

1. Exercicios, actividades e tarefas sobre os contidos traballados na aula. 30%: Esta porcentaxe se conseguirá o 20% con táboas de indicadores e 10% con proba escrita.

- Responde axeitadamente ao que se lle pregunta amosando dominio na materia. 20%

- Fai unha presentación limpa e ordenada nos traballos, con boa grafía da numeración. 10%

2. Exercicios e actividades de comprensión de problemas. 30%: Esta porcentaxe se conseguirá o 20% con táboas de

indicadores e 10% con proba escrita.

- Le e comprende e debuxa o problema. 15%

- Plantexa o problema e chega á solución correcta. 15%

3. Creación, compón e descompón, manipula, crea o número. 20%: Esta porcentaxe se conseguirá o 20% con táboas de indicadores e 10% con proba escrita.

- Emprega diferentes materiais para crear ou descompoñer os números. 10%

- Amosa creatividade e maña, buscando diversas formas de descomposición, chegando á solución correcta. 10%

4. Traballo en equipo 10% (actitude e participación activa)

5. Traballo individual na clase 10% (autonomía e presentación das actividades)

A nota de cada avaliación virá dada pola suma das anteriores porcentaxes e a nota ordinaria de xuño obterase da suma das porcentaxes asignadas as unidades didácticas en cada trimestre.

### **Criterios de recuperación:**

Cando un alumno/a non alcance o nivel suficiente na área teranse en conta os seguintes criterios de recuperación:

a) Tomar como referencia os contidos básicos de cada unidade didáctica.

b) Se os contidos a recuperar son recurrentes e aparecen en unidades didácticas posteriores daranse por recuperados se o alumno/a obtén cualificación positiva en ditos contidos. En todo caso, planificaranse actividades individuais de traballo en relación coas dificultades.

c) Se os contidos a recuperar son específicos dunha unidade didáctica planificaranse actividades individuais de traballo nas que o alumno/a demostre que supera ditos contidos.

d) A resposta educativa para a recuperación reflexarase no Plan de Traballo Individualizado.

e) Para obter unha cualificación positiva teranse en conta:

- O nivel de coñecementos.

- O esforzo.

- O acabado e realización das actividades individuais de traballo propostas.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Dado que a diversidade do alumnado está presente nesta programación e que cada neno ou nena ten as súas peculiares características e os seus ritmos de aprendizaxe adoitan ser distintos, entendemos que se deben realizar actividades que reforcen as aprendizaxes duns, e actividades que amplíen as dos outros, sempre tendo en conta o establecido na Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da C.A. de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na LOE.

Estas actividades de reforzo e de ampliación realizaranse, en todo momento, respectando a evolución individual do alumnado e o seu ritmo de traballo, unhas veces con actividades de reforzo e outras con actividades de ampliación e, cando sexa necesario, con programas de enriquecemento curricular e será o profesorado quen seleccione o momento e o tipo de actividade que precise cada neno ou nena.

Empregaremos en moitos momentos metodoloxías baseadas na aprendizaxe cooperativa e na aprendizaxe por proxectos, que axudan a inclusión. Así mesmo, adaptaremos os tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación sempre que sexa necesario.

Despois de facer a avaliación inicial, nos dous grupos de 2º elaboramos programas de reforzo na área de matemáticas a algúns alumnos e alumnas. Para isto contamos con profesorado de apoio durante 1 sesión semanal dentro da aula, así como a elaboración de diversas actividades de reforzo e traballo manipulativo para achegar dunha forma máis axeitada os contidos matemáticos e que así poidan desenvolverse mellor nesta área.

### **7.1. Concreción dos elementos transversais**

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.3 - Comunicación audiovisual					X	X
ET.4 - Competencia dixital		X			X	
ET.5 - Fomento da creatividade	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Espírito científico e do emprendemento	X	X	X	X	X	X

### Observacións:

Nesta área traballarase de forma transversal as diferentes actividades, sempre partindo do traballo en equipo, o cal será un pilar fundamental da nosa programación:

- Fomentaranse a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- Fomentaranse as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor y a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo/a e o sentido crítico.
- Asimismo, se prestará especial atención á orientación educativa, á acción tutorial e á educación emocional e en valores.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Cultura na contorna.	Participación nas actividades do FICBueu como espazo cultural da contorna.	X		
Ciencia na escola	Concienciación sobre as inundacións por desbordamento de ríos.	X		
Apadriñamentos lectores e científicos.	O alumnado apadriñará ou será apadriñado para contarlle contos ou realizar experimentos científicos a outros cursos do centro.	X		X
Granxa Serantellos	Visita e realización de diferentes actividades relacionadas coa granxa e aos animais que atopamos nesta	X		
Saída de fin de curso.	Visita guiada ás instalacións de Apípolis ou ao Parque Rupestre de CampoLameiro			X
Teatro escolar.	Participación en pequenas obras de teatro no centro unhas veces coma actores, actrices ou espectadores, despertando o interese por este xénero.	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
As Olimpíadas de Papyrus.	Realizar actividades diversas para desenvolver o tema transversal deste curso.	X	X	X
Biblioteca escolar e EDNL	Participar e elaborar actividades propostas polo equipo da biblioteca escolar e de EDNL.	X	X	X

**Observacións:**

Entendemos como actividades complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que se utilizan.

Ao longo do curso levaranse a cabo as actividades complementarias aprobadas na PXA e quedando abertas a posibles actividades complementarias e extraescolares que xurdan ao longo do curso. Estas novas actividades serán aprobadas seguindo a normativa vixente.

Actividades dentro do plan anual de lectura aprobadas na PXA: Hora de ler (tódolos días ao entrar do recreo)

- Mochilas viaxeiras
- Recreos de conto
- Apadriñamentos lectores (1º trimestre)
- Lectura de libros en castelán e galego (2º e 3º trimestre)
- Visita de escritores, contacontos, ex-mestres e ex-alumnos, pais, nais e avós
- Hora semanal de biblioteca
- Unha hora semanal de robótica e informática
- Radio escolar
- Meteoescolas (observación e recollida de datos)
- Actividades promovidas dende o EDLG de recuperación das tradicións propias da zona: Samaín, Magosto, Candeloria, Entroido e Os Maios, así como o proxecto do cole sobre "As Romarías"
- Conmemoracións e celebracións anuais que realizamos no centro ao longo do curso:
- Día internacional das linguas de signos.
- Día das escritoras.
- Día da biblioteca.
- Concurso de lemas de Nadal.
- Día mundial da radio.
- Día de Rosalía de Castro.
- Día mundial da poesía, Día mundial do libro.
- Día das letras galegas.
- FICBueu.
- Samaín.
- Nadal.
- Paz.
- Entroido.
- Día dos dereitos dos nenos.
- Día contra a violencia de xénero.
- Día internacional da muller.

Achegarémonos a todas estas actividades dende a área de matemáticas.

**8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro**

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico

O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo, distribución temporal equilibrada, materiais que permitan a manipulación, sexan atractivos, atraentes e accesibles para o alumnado.
Grao de seguimento dos alumnos/as, validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes, os criterios de promoción están acordados entre os profesores e consisten en que o laumnado deberá ter avaliación positiva, cando menos, en dúas das áreas instrumentais.
<b>Medidas de atención á diversidade</b>
Tivéronse en conta aprendizaxes significativas, considérase a interdisciplinariade, número e duración das actividades, nivel de dificultade, interés para o alumnado, significatividade para o proceso de aprendizaxe, propostas de aprendizaxe colaborativa...
Adóptanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe, ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe, as medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes., aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos...
<b>Clima de traballo na aula</b>
Créase un clema de tranquilidade e afecto na aula para conseguir un traballo produtivo e satisfactorio.
<b>Outros</b>
Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos, os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe, os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas, os criterios de avaliación e os criterios de cualificación déronse a coñecer aos alumnos/as e as familias...

### Descrición:

A avaliación dos procesos de ensinanza/aprendizaxe é unha das funcións do profesorado, polo tanto, un dos aspectos que non podemos esquecer de avaliar é a nosa propia práctica docente e a programación didáctica. A avaliación da práctica docente pretende revisar as accións do profesorado co fin de optimizalas, tendo a seguridade de que mellorando estas, mellorarase inevitablemente a calidade das aprendizaxes dos alumnos e alumnas, obxectivo último e fundamental desta tarefa, xa que como docentes é importante que sepamos de onde debemos partir e que mellorar para que así o noso alumnado acade un mellor desenvolvemento en todas as áreas da etapa.. A avaliación é global, continua e formativa para a que se usaran os seguintes indicadores de logro e serían os seguintes:

- Organización e preparación da clase e aproveitamento dos recursos.
- Utilización dunha metodoloxía axeitada.
- Regulación da práctica docente.
- Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá aos alumnos/as e ás familias.
- Utilización de medidas para a atención á diversidade.
- Clima de traballo na aula.

### ESCALA DE VALORACIÓN:

- Inadecuado: escasa ou nula constancia. Non se acadan os mínimos aceptables e necesita unha mellora substancial.
- Insuficiente: omítense elementos fundamentais do indicador.
- Básico: cumprimento suficiente do indicador.
- Competente: hai prácticas sólidas. Clara evidencia de competencia no indicador.
- Excelente: prácticas excepcionais. Modelo de referencia de boas prácticas.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación é un elemento flexible, que debe adecuarse á realidade do alumnado, polo que se introducirán melloras ao longo da súa posta en práctica. O seguimento da programación anual realizarase principalmente en tres momentos: ao finalizar cada unidade didáctica, trimestralmente e anualmente. Teranse en conta os seguintes indicadores:

- 1. Responder as características do alumnado da aula.
- 2. Resultar útil para o uso da práctica docente diaria na aula.
- 3. Seguimento e adecuación á temporalización.
- 4. Consecución dos niveis mínimos de logro dos contidos de aprendizaxe traballados.
- 5. Prever mecanismos de recuperación, repaso, ampliación e reforzo.
- 6. Modificarse en función das necesidades ou aprendizaxe sen perder coherencia.
  - 7. Presentar de forma coherente, gradual e lóxica os obxectivos, contidos, criterios de avaliación para o seu desenvolvemento.
- 8. Dispoñer de mecanismos de revisión e de mellora.
- 9. Realizar revisións periódicamente.
- 10. Responder aos intereses do alumnado do grupo.
- 11. Establecer relacións coas actividades extraescolares e complementarias.

Unha vez analizados estes indicadores, poderanse realizar modificacións na programación que poden supoñer:

- Unha modificación da metodoloxía empregada.
- Cambios nos procedementos e instrumentos de avaliación.
- Modificacións na temporalización.
- Deseño de medidas correctoras para correxir as dificultades

## 9. Outros apartados



# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000341	CEIP Plurilingüe A Pedra	Bueu	2024/2025

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Música e danza	2º Pri.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	18
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	20
9. Outros apartados	20

## 1. Introducción

A presente Programación Didáctica (PD) está enmarcada no Decreto 155/2022 polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e o seu obxectivo é desenvolver e adaptar á realidade deste centro os preceptos neste recollidos.

Nese senso, neste apartado esta programación remítese en primeira instancia ao reflectido na propia Introducción do Decreto na área e materia de Música e Danza, a cal, como se pode comprobar organizase arredor de dous eixes respectivamente:

- percepción e análise
- creación e interpretación

En canto ao contexto, esta programación é para o curso de 2º de Educación Primaria e, concretamente, para o CEIP Plurilingüe A Pedra de Bueu. Estamos nun concello de tamaño medio, e o centro atópase no núcleo urbano.

O Concello conta con numerosos servizos públicos como a Casa do Concello, o Centro de Saúde, a Policía Local, o porto, a Biblioteca, o Centro social do mar, así como diferentes lugares para o lecer como praias, parques, campo de fútbol...

Esta programación desenvolverase nun centro no que hai matriculados arredor de 350 alumnos e alumnas e que conta con dúas unidades para cada nivel de Primaria, excepto 6º de Primaria que ten 3 unidades.

Hai en 2º de Educación Primaria 2 grupos de 20 e 21 alumnos e alumnas respectivamente.

O colexio, que ten horario de xornada continua, de 9:10 a 14:10, dispón de comedor e servizo de transporte escolar. O día reservado para atención a familias é o martes, de 16:00 a 17:00 h.

Asimesmo, somos centro plurilingüe, impartindo as áreas de Educación Plástica e Música en Inglés, polo que contamos con auxiliar de conversa.

Cóntase tamén con outros recursos colectivos adecuados para esta área, como é un estudio de radio, unha biblioteca incluída en PLAMBE, ou un espazo multiusos no que se poden facer representacións teatrais.

Para a materia de música será fundamental a coordinación cos equipos de EDLG, Biblioteca e ACE para a realización de tarefas enmarcadas nun proxecto de centro como é este ano "As Olimpíadas de Papyrus".

Ademais da transversalidade que caracteriza esta materia para todas e cada unha das áreas desta etapa, a presente PD está pensada para poder traballar conxuntamente xunto coa outra materia de ámbito artístico deste centro: Educación Plástica e Visual.

Esta PD está planificada de xeito que 3 das UD teñen unha temporalización de carácter trimestral, mentres que a 4ª UD viaxará o longo de todo o curso ao aparecer nos 3 trimestres, complementando as anteriores.

Ao mesmo tempo, coa finalización deste 2º nivel remata tamén o 1º ciclo de primaria, algo contemplado nesta PD. Así pois, búscase que o alumnado continúe o afianzamento dos contidos traballados no curso anterior, especialmente no 1º trimestre, por un lado, e que experimente unha progresión destes e comece a adquisición doutros novos, polo outro. Nese senso, un dos obxectivos chave será o traballo e desenvolvemento psicomotor, con especial fincapé na motricidade fina.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas musicais e dancísticas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2 - Recoñecer os elementos básicos específicos da linguaxe musical, a través da percepción e da análise de diferentes fragmentos e obras, para chegar á comprensión das diferentes manifestacións culturais e artísticas.								2-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Investigar sobre de diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais e dancísticas e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia	3	3	2	1	4	3		1-2
OBX4 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, do corpo e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1			2	1-5	2	1	3-4
OBX5 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas musicais e dancísticas, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1-5	3	3			2	1-3	3-4

**Descrición:**
**3.1. Relación de unidades didácticas**

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Animais terrestres	Esta UD pretende, por un lado, repasar e afianzar os contidos de 1º primaria retomando a dinámica e rutina de traballo, a responsabilidade e coidado do material, etc., e, polo outro, desenvolver a recepción activa e a vivencia dos elementos básicos da música e da danza a través dos animais terrestres como fío condutor con diferentes agrupamentos. As conmemoracións do Magosto, Samaín e Nadal cobrarán especial relevancia.	15	7	X		
2	Animais voadores	Esta UD2 prosigue o traballado na UD1, reforzando e ampliando paulatinamente os elementos da música e da danza, mais nesta ocasión, a través dos animais voadores como fío condutor. O Día da Paz, o Entroido e o Día Internacional da Muller traballaranse de xeito máis destacado.	21	6		X	
3	Animais acuáticos	A UD3 desenvolve un pouquiño máis os elementos de contidos das UD1 e UD2, mais o seu propósito será, fundamentalmente, afianzar os xa	24	5			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Animais acuáticos	traballados; nesta ocasión o fío condutor serán os animais acuáticos. As Letras Galegas e o Día da Música serán de especial relevancia.	24	5			X
4	Músicas e danzas do mundo	Esta UD profundiza nas músicas e danzas doutras rexións e países: a visualización e valoración destas, así como a interpretación dunha cuidada selección das mesmas, con especial fincapé daquelas procedentes das mesmas zonas co alumnado inmigrante. O traballo en grupo e grande grupo será o predominante, procurando unha participación activa do alumnado e procurárase a asistencia en vivo a algunha representación artística de música e/ou danza. O mesmo tempo este descubrimento servirá para atopar puntos comunes co folklore tradicional de Galicia que desenvolveremos coa participación no proxecto de innovación en dinamización linguista tiulado Ímos de Romaría .	40	17	X	X	X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Animais terrestres	7

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descobre fragmentos e obras representativas da historia da música clásica: dende a Idade Media até a actualidade. Descobre música sobre animais terrestres.	TI	100
CA1.3 - Desenvolver capacidades de recoñecemento visual e auditivo, clasificación, descrición e representación de elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Realiza ditados (6 pulsos e grafía non convencional) de negra e silencio; outros de son rápido e curto; outros de son forte e piano; outros de son agudo e grave e outros de pulso con e sen acento.		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas e musicais.		
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Propón e reproduce rítmicamente co corpo fórmulas de pregunta-resposta de 4 pulsos.		

<b>Craterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.3 - Desenvolver a utilización de elementos fundamentais da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.	Interpreta combinacións rítmicas de 8 pulsos, con grafías non convencionais, de sons fortes e pianos, outras de sons longos e curtos e outras de sons agudos e graves.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión das ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades musicais.		
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descobre danzas dende a Idade Media até a actualidade. Descobre pasos ou movementos de bailes e coreografías que imitan animais terrestres.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas.		
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Imita, en espello, movementos corporais e propón estes e outros para seren imitados pola clase. Coa música do Carnaval dos animais de Saint-Säens imita corporalmente o correspondente animal terrestre.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades escénicas e performativas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias básicas de recepción activa.</li> <li>- O son e as súas calidades básicas: discriminación auditiva, clasificación e representación básicas de diversidade de sons e liñas melódicas breves e sinxelas a través de grafías non convencionais, e iniciación gradual nas convencionais.</li> <li>- A voz e os instrumentos musicais: estratexias de discriminación visual e auditiva básica de instrumentos, familias e agrupacións. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado.</li> <li>- O tempo e o carácter: recoñecemento de mostras básicas e contrastantes e iniciación á súa capacidade de relación.</li> <li>- O pulso e o acento como núcleo esencial do ritmo. O compás binario.</li> <li>- Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Vocabulario específico básico de música.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- Capacidades, potencialidades e limitacións de cada ser humano.</li> <li>- Vivencias e sentimentos da experiencia interior e da corporalidade.</li> <li>- Exploración de personaxes bíblicos e modelos cristiáns e a súa procura da felicidade.</li> <li>- Aprecio de momentos de silencio, interiorización e contemplación.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- Análise e expresión da mensaxe cristiá na música, as artes e outras manifestacións culturais e tradicións da contorna.</li> <li>- Xesucristo, centro da mensaxe cristiá.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- Gratidade cara ás persoas que nos coidan e cara a Deus Creador.</li> <li>- Obras e palabras que mostran o amor de Xesús de Nazaret a todas as persoas.</li> <li>- O mandamento do amor como máxima relacional do cristianismo.</li> <li>- Actitudes e accións que promoven a fraternidade.</li> <li>- Relatos evanxélicos de compaixón, misericordia e perdón.</li> <li>- Biografías significativas que favoreceron a resolución pacífica de conflitos.</li> <li>- Respecto e valoración das emocións, crenzas, sentimentos e expresións relixiosas doutras persoas.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	Perdoar como Xesús	4

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.5 - Visualizar e identificar que situacións cotiás promoven unha convivencia pacífica, a través de escóitaa e análise de relatos bíblicos, para aprender a resolver pacífica e inclusivamente os conflitos.	Valora a tolerancia, o perdón e a xustiza para construír relacións interpersoais positivas. É capaz de perdoar aos demais seguindo o exemplo de Xesús de Nazaret.	PE	40
CA1.11 - Recoñecer que Xesús de Nazaret é o centro da mensaxe cristiá, valorando as súas achegas para a persoa e a sociedade en contornas diversas.	Recoñece a Xesús de Nazaret como exemplo de amor aos demais. Identifica e realiza accións de amor, coidado e perdón cara todas as persoas como fixo Xesús.		
CA1.2 - Recoñecer algunhas das características que definen a autonomía persoal, desenvolvendo un autoconcepto axustado e unha autoestima saudable, para a propia aceptación persoal e para integrarse nos grupos de pertenza con asertividade e responsabilidade, á luz do Evanxeo.	Fomenta a empatía e a comprensión aos demais para resolver conflitos de forma pacífica. Crea e identifica xestos de perdón que poida poñer en práctica a resolución pacífica de conflitos.	TI	60
CA1.3 - Recoñecer os vínculos e relacións cos grupos de pertenza, comparándoos cos de Xesús de Nazaret, identificando hábitos e principios que axudan a xerar un clima de afectividade, respecto, solidariedade e inclusión.	É capaz de desenvolver estratexias de resolución pacífica de conflitos para ser "persoas de paz".		
CA1.4 - Apreciar e mostrar actitudes de respecto, mediación e coidado do próximo e da natureza, derivadas da análise das palabras e accións de Xesús de Nazaret.	Consegue fomentar na aula un clima de afectividade, respecto, solidariedade e inclusión.		
CA1.6 - Describir algunhas situacións próximas de desamparo, fragilidade e vulnerabilidade, empatizando coas persoas desfavorecidas e recoñecendo a preferencia de Xesús de Nazaret polos que máis sofren.	Descubre accións de paz en personaxes históricos.		
CA1.9 - Tomar conciencia da propia interioridade a través de narracións e biografías cristiás significativas, para favorecer o autoconecemento persoal e as vivencias dos outros.	Fomenta a responsabilidade persoal na resolución pacífica de conflitos.		
CA1.10 - Identificar as propias emocións, sentimentos e vivencias relixiosas, compartíndoos e recoñecéndoo no outro, tendo en conta a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeocristiana.	Identifica as emocións propias e dos outros en situacións de conflito con seus iguais. Mostra empatía cara os demais en diferentes situacións cotiás.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- Capacidades, potencialidades e limitacións de cada ser humano.</li> <li>- Vivencias e sentimentos da experiencia interior e da corporalidade.</li> <li>- Valor intrínseco de toda persoa, para o cristianismo como criatura de Deus.</li> <li>- Exploración de personaxes bíblicos e modelos cristiáns e a súa procura da felicidade.</li> </ul>

## Contidos

- Grupos de pertenza: diferenzas e relación con Xesús de Nazaret.
- Aprecio de momentos de silencio, interiorización e contemplación.
- Expresión, empregando diversas linguaxes, da propia crenza, emocións e afectos.
- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.
- Análise e expresión da mensaxe cristiá na música, as artes e outras manifestacións culturais e tradicións da contorna.
- Xesucristo, centro da mensaxe cristiá.
- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.
- Obras e palabras que mostran o amor de Xesús de Nazaret a todas as persoas.
- Actitudes e accións que promoven a fraternidade.
- Relatos evanxélicos de compaixón, misericordia e perdón.
- Biografías significativas que favoreceron a resolución pacífica de conflitos.
- Actitudes cotiás que fomentan unha convivencia pacífica.

UD	Título da UD	Duración
6	Xesús ama e perdoa sempre	4

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Relacionar algunhas pasaxes bíblicas con expresións artísticas, servíndose da observación e análise, para potenciar a creatividade e a comunicación a través de diversas linguaxes.	Comprende o significado da Semana Santa como festividade importante para os cristiáns e recoñece algúns símbolos e tradicións relacionadas con este tempo.	PE	55
CA1.8 - Descubrir como o pobo cristián mostra a súa fe na vida diaria en diferentes festas e manifestacións relixiosas, comprendendo o vínculo que as une ao Evanxeo e a súa actualización na comunidade cristiá.	Explora a súa capacidade artística realizando manualidades relacionadas coa festividade da Semana Santa.		
CA1.11 - Recoñecer que Xesús de Nazaret é o centro da mensaxe cristiá, valorando as súas achegas para a persoa e a sociedade en contornas diversas.	Fomenta a reflexión sobre valores cristiáns, como a humildade e o perdón, tendo como referencia a figura de Xesús. Descubre o amor e a confianza en Xesús baseándose na experiencia de Pablo de Tarso.		

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Recoñecer os vínculos e relacións cos grupos de pertenza, comparándoos cos de Xesús de Nazaret, identificando hábitos e principios que axudan a xerar un clima de afectividade, respecto, solidariedade e inclusión.	Recoñece e realiza acción de coidado e acollida as persoas do arredor seguindo o exemplo de Xesús de Nazaret. Valora a importancia de axudar e coidar os demais.	TI	45
CA1.9 - Tomar conciencia da propia interioridade a través de narracións e biografías cristiás significativas, para favorecer o autoconecemento persoal e as vivencias dos outros.	Investiga e respecta costumes e tradicións da Semana Santa noutras culturas e relixións do mundo.		
CA1.10 - Identificar as propias emocións, sentimentos e vivencias relixiosas, compartíndoos e recoñecéndoos no outro, tendo en conta a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeocristiana.	Participa activamente nas distintas celebracións compartindo as súas emocións e sentimentos cos demais. Recoñece e expresa sentimentos de alegría ao celebrar a festividade da Pascua.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- Exploración de personaxes bíblicos e modelos cristiás e a súa procura da felicidade.</li> <li>- Grupos de pertenza: diferenzas e relación con Xesús de Nazaret.</li> <li>- Expresión, empregando diversas linguaxes, da propia crenza, emocións e afectos.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- Apreciación do valor relixioso e a riqueza cultural do Nadal, Semana Santa e outras celebracións como expresión da identidade cultural da nosa sociedade.</li> <li>- Análise e expresión da mensaxe cristiá na música, as artes e outras manifestacións culturais e tradicións da contorna.</li> <li>- Valoración da importancia das celebracións relixiosas para as persoas crentes.</li> <li>- Xesucristo, centro da mensaxe cristiá.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- Obras e palabras que mostran o amor de Xesús de Nazaret a todas as persoas.</li> <li>- O mandamento do amor como máxima relacional do cristianismo.</li> <li>- Respecto e valoración das emocións, crenzas, sentimentos e expresións relixiosas doutras persoas.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
7	Unha gran familia	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Observar nos relatos e personaxes bíblicos valores fundamentais do ser humano, relacionándoos co desenvolvemento da súa autonomía e responsabilidade no grupo-clase.	Descubre a Igrexa como a familia dos amigos de Xesús e o lugar onde nos reunimos e celebramos a seu encontro. Identifica aos discípulos de Xesús como modelos cristiáns de convivencia pacífica.	PE	55
CA1.2 - Recoñecer algunhas das características que definen a autonomía persoal, desenvolvendo un autoconceito axustado e unha autoestima saudable, para a propia aceptación persoal e para integrarse nos grupos de pertenza con asertividade e responsabilidade, á luz do Evanxeo.	Coñece a misión encomendada por Xesús aos seus discípulos. Sabe que os cristiáns nos unimos a Igrexa a través do bautismo.		
CA1.9 - Tomar conciencia da propia interioridade a través de narracións e biografías cristiás significativas, para favorecer o autoconecemento persoal e as vivencias dos outros.	Recoñece aos discípulos como exemplo de misión e amor aos demais como nos ensinou Xesús.		
CA1.3 - Recoñecer os vínculos e relacións cos grupos de pertenza, comparándoos cos de Xesús de Nazaret, identificando hábitos e principios que axudan a xerar un clima de afectividade, respecto, solidariedade e inclusión.	Recoñece e realiza accións de coidado e acollida as persoas do arredor seguindo o exemplo de Xesús de Nazaret. Valora a importancia de axudar e coidar aos demais.	TI	45
CA1.5 - Visualizar e identificar que situacións cotiás promoven unha convivencia pacífica, a través de escóitaa e análise de relatos bíblicos, para aprender a resolver pacífica e inclusivamente os conflitos.	Promove actitudes de fraternidade para formar unha familia unida cumprindo a misión que Xesús nos encomenda. Desenvolve valores cristiás que fomentan a boa convivencia.		
CA1.10 - Identificar as propias emocións, sentimentos e vivencias relixiosas, compartíndoos e recoñecéndoos no outro, tendo en conta a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeocristiana.	Recoñece os seus propios sentimentos e os dos demais en momentos de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- Capacidades, potencialidades e limitacións de cada ser humano.</li> <li>- Exploración de personaxes bíblicos e modelos cristiáns e a súa procura da felicidade.</li> <li>- Grupos de pertenza: diferenzas e relación con Xesús de Nazaret.</li> <li>- A familia e a incorporación á vida social na visión cristiá.</li> <li>- Aprecio de momentos de silencio, interiorización e contemplación.</li> <li>- Expresión, empregando diversas linguaxes, da propia crenza, emocións e afectos.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- Xesucristo, centro da mensaxe cristiá.</li> <li>- A Igrexa como familia que vive e celebra a Boa Noticia anunciada por Xesús de Nazaret.</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- Obras e palabras que mostran o amor de Xesús de Nazaret a todas as persoas.</li> <li>- Actitudes e accións que promoven a fraternidade.</li> <li>- Respecto e valoración das emocións, crenzas, sentimentos e expresións relixiosas doutras persoas.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
8	Celebramos a vida xuntos	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Observar nos relatos e personaxes bíblicos valores fundamentais do ser humano, relacionándoos co desenvolvemento da súa autonomía e responsabilidade no grupo-clase.	Coñece e recorda historias da vida de Xesús. Descubre aos santos como persoas que seguen a Xesús e actúan coma él.	PE	50
CA1.9 - Tomar conciencia da propia interioridade a través de narracións e biografías cristiás significativas, para favorecer o autoconecemento persoal e as vivencias dos outros.	Coñece e valora a eucaristía como a celebración na que os cristiáns nos unimos a Xesús para alabar e dar grazias a Deus. Sabe que Xesús nos ensina a rezar para que poidamos comunicarnos con Deus.		
CA1.10 - Identificar as propias emocións, sentimentos e vivencias relixiosas, compartíndoos e recoñecéndoos no outro, tendo en conta a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeocristiana.	Recoñece o domingo como un día especial para os cristiáns. Diferencia as festas cristiás das que non o son. Coñece a Biblia como o libro sagrado que nos fala de Deus.		
CA1.2 - Recoñecer algunhas das características que definen a autonomía persoal, desenvolvendo un autoconcepto axustado e unha autoestima saudable, para a propia aceptación persoal e para integrarse nos grupos de pertenza con asertividade e responsabilidade, á luz do Evanxeo.	Expresa sentimentos e vivencias das celebracións cristiás nas que participa.	TI	50
CA1.3 - Recoñecer os vínculos e relacións cos grupos de pertenza, comparándoos cos de Xesús de Nazaret, identificando hábitos e principios que axudan a xerar un clima de afectividade, respecto, solidariedade e inclusión.	Analiza acción que realizamos os domingos e as compara coas que fan os cristiáns.		
CA1.4 - Apreciar e mostrar actitudes de respecto, mediación e coidado do próximo e da natureza, derivadas da análise das palabras e accións de Xesús de Nazaret.	Sabe que os cristiáns celebramos acontecementos da vida de Xesús.		
CA1.5 - Visualizar e identificar que situacións cotiás promoven unha convivencia pacífica, a través de escóitaa e análise de relatos bíblicos, para aprender a resolver pacífica e inclusivamente os conflitos.	Sabe que os amigos de Xesús vivían unidos, compartindo e axudando coma unha gran familia. Realiza accións na nosa vida cotiá que reflicten os valores que transmitían os primeiros cristiáns.		



Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- Vivencias e sentimentos da experiencia interior e da corporalidade.</li> <li>- Exploración de personaxes bíblicos e modelos cristiáns e a súa procura da felicidade.</li> <li>- Grupos de pertenza: diferenzas e relación con Xesús de Nazaret.</li> <li>- Aprecio de momentos de silencio, interiorización e contemplación.</li> <li>- Expresión, empregando diversas linguaxes, da propia crenza, emocións e afectos.</li> <li>- Recoñecemento da oración como medio privilexiado de comunicación con Deus. O Painoso.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- Valoración da importancia das celebracións relixiosas para as persoas crentes.</li> <li>- Recoñecemento da Biblia, Palabra de Deus na vida da Igrexa, como libro sacro do cristianismo.</li> <li>- Xesucristo, centro da mensaxe cristiá.</li> <li>- A Igrexa como familia que vive e celebra a Boa Noticia anunciada por Xesús de Nazaret.</li> <li>- A Biblia como fonte de inspiración artística ao longo da historia.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- Obras e palabras que mostran o amor de Xesús de Nazaret a todas as persoas.</li> <li>- Actitudes e accións que promoven a fraternidade.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Teremos en conta a chamada Pedagogía de Deus. A «pedagogía de Deus» é a forma de proceder de Deus para coas criaturas. Este estilo educativo ten unhas características propias e irrenunciáveis: Deus toma a iniciativa, sempre se achega como unha oferta de amor para os nenos, servíndose da cultura propia para presentarse a si mesmo e transmitirle a súa mensaxe.

Deste xeito, a metodoloxía para a materia de relixión católica ha de provocar o desenvolvemento integral, buscando estimular e acompañar de forma personalizada o crecemento e aprendizaxe de cada alumno.

A si mesmo, debe fomentar a aprendizaxe competencial cun tratamento transversal da educación en valores, do desenvolvemento sostible, da igualdade entre mulleres e homes, da igualdade de trato e non discriminación e da prevención da violencia, do acoso escolar, así como a cultura da paz e os dereitos humanos.

O docente pasa a ser «xestor de coñecemento» para que o alumnado adquira as competencias adecuadas á súa idade. Partimos dos coñecementos e da experiencia que ten o alumnado, utilizando, cando sexa posible, unha aprendizaxe por descubrimento. Esta metodoloxía está orientada a preparar ao alumnado para a vida, ensinando a comprender e valorar con espírito crítico.

Non pode existir unha formación integral se non se desenvolven todas as capacidades inherentes ao ser humano, entre as cales se encontra a capacidade transcendente; por iso, debemos ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais que serán base para construír a súa identidade.

As tarefas que se realicen estarán pensadas desde a teoría das intelixencias múltiples como posibilidade para que o alumnado chegue a adquirir todos aqueles aspectos que necesitan para poder desenvolver unha aprendizaxe

permanente ao longo da vida.

Os contidos da área de Relixión Católica están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados ao contexto real, de xeito que o coñecemento debe transformarse en acción, experiencia e vivencia aplicada, na medida do posible, aos contextos próximos ao alumnado.

Principios metodolóxicos.

Polo tanto, nas consideracións metodolóxicas debo atender aos seguintes aspectos:

Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado. Cunha metodoloxía activa, personalizada e inclusiva, que preste especial atención á diversidade, e con actividades que teñan sentido. Partiremos dos problemas e as situacións reais dos alumnos. Partiremos da avaliación inicial.

Aprendizaxe dinámica, construtiva e significativa, e globalizadora. Que axude a desenvolver todas as capacidades do alumno: ver, xulgar e actuar correctamente sobre si mesmos, os demais, a sociedade e o medio que os rodea. Valorando a reflexión e o pensamento crítico do alumnado para facilitar o significativo do aprendido e a súa aplicación á vida.

Aprendizaxe progresiva, baseada no principio de continuidade. Supón coñecer as necesidades, intereses e o nivel de desenvolvemento dos nenos e nenas, preparándoos para unha aprendizaxe ao longo de toda a vida.

Aprendizaxe de sentido último. Os alumnos iníciase no desenvolvemento da busca do sentido último da vida enraizada no profundo do ser. Irán descubriendo isto, nos símbolos e signos do súa contorna, no progreso do curso e na umanización consciente, na linguaxe narrativa da Biblia, nos modelos cristiáns de identificación, e de forma máis concreta, na persoa de Xesucristo e a súa presenza na comunidade cristiá.

Aprendizaxe colaborativa. Deberán manexar diferentes destrezas que impliquen o traballo en grupo colaborando cos seus compañeiros, como unha forma de experimentar todo o que fai referencia ao sentido da vida, á dimensión crente vivida desde un sentido comunitario.

Aprendizaxe autónoma. Partindo dunha metodoloxía aberta e flexible, para favorecer que sexa unha aprendizaxe autónoma, conectada coa vida, e que esperte o entusiasmo e interese por saber. Moi participativa, e con formas de organización que a favorezan.

Aprendizaxe activa. Facilitando a reflexión á hora da acción e, posibilitando que o alumno chegue a facer aquelas actividades que aínda non é capaz de realizar só, pero con axuda si pode.

Aprendizaxe participativa. Buscar unha maior participación do alumnado na aula mediante a lectura de textos en voz alta e exposición explicativas dos seus traballos ó resto dos compañeiros, fomentado desde o voluntariado.

Aprendizaxe motivadora. Creando situacións que conecten cos seus intereses e expectativas, partindo das súas propias experiencias. Propiciando un clima de comunicación, cooperación e harmonía nas relacións e, despertando unha motivación intrínseca que potencie o gusto por aprender.

Aprendizaxe potencial. Fomentarse a zona de desenvolvemento potencial na adquisición dos novos coñecementos. É importante que o alumno se implique directamente no proceso de ensino aprendizaxe, que saiba marcarse os seus propios obxectivos e que sexa capaz, progresivamente, de autoavaliar o seu proceso de aprendizaxe, a fin de fomentar súa autonomía.

Aprendizaxe emocional. Facilitaranse técnicas de autorregulación das súas propias emocións, e se promoverá o desenvolvemento da súa correcta autoestima.

Aprendizaxe na diversidade. Terase en conta as características persoais de cada alumno. Cando tal diversidade requírao, adoptaranse as medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares pertinentes, conforme aos principios do Deseño universal de aprendizaxe.

Agrupamento dos alumnos.

Os criterios de distribución do alumnado na aula (gran grupo, pequeno grupo, individual, etc.) estableceranse en función de cal sexa a actividade que se desenvolva, e segundo as características e necesidades do alumnado en base a natureza disciplinar da actividade.

Os agrupamentos serán fixos e, variarán segundo o criterio que teña establecido cada titor na súa aula, ou preferiblemente de xeito individual en último caso.

Organización dos espazos e tempos.

Adaptada aos alumnos. Tendo en conta as súas preferencias, características e capacidades en todo momento. Preverei as distintas situacións xerando na aula un ambiente de aprendizaxe grato, afectivamente significativo e esteticamente agradable que lle permita ao alumnado sentirse cómodo, seguro e acollido no tempo que dura cada sesión.

Será unha organización o mais flexible posible, adaptada á idade, actividade, motivación, etc., buscando que os alumnos sexan dinámicos e se sintan motivados, tanto a nivel individual como en grupo; deste xeito se amosará a parte activa, creativa e participativa do alumnado.

Secuencia e descrición do proceso metodolóxico.

Experiencia inicial: Partimos dunha experiencia inicial que reflicten sentimentos e emocións que son familiares e fomenta o descubrimento tanto do mundo interior do alumnado como da súa contorna; detecta as capacidades e coñecementos previos, e motiva para achegarse ao tema. Esta primeira sesión das unidades didácticas será

fundamentalmente oral.

Relato bíblico: A experiencia inicial ilumínase coa lectura e escoita da Palabra de Deus, mediante un relato bíblico. Esta sesión é nuclear.

Desenvolvemento dos contidos: Logo desenvolvemos os contidos, isto é, a asimilación da Palabra de Deus encarnada na realidade cotiá do alumnado e na súa contorna.

Obradoiro: O alumnado reflexiona sobre o proceso de ensinanza e aprendizaxe, recompilando as aprendizaxes máis significativas de maneira práctica. Desenvolveranse as actividades de reforzo e ampliación, complementarias ás anteriores. De reforzo para aquel alumnado que non poida seguir o ritmo de aprendizaxe da clase, e de ampliación para o alumnado que leva un maior ritmo de aprendizaxe.

Avaliación: Serán todas as utilizadas durante as sesións das unidades didácticas. As recollidas nos apartados correspondentes da programación. Terá lugar o finalizar cada unidade didáctica.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto.
Sagrada Biblia.
Libros de apoio, consulta e lectura.
Materiais diversos.
Materiais para producións artísticas.
Xogos e outros elementos lúdicos.
Materiais audiovisuais.
Webs relacionadas coa materia.

Libro de texto: «Religión católica 2º de Primaria. Edén-Revuela», SM-PPC. Contén licenza para acceder ao libro dixital.

Sagrada Biblia: Adaptacións do texto da Sagrada Biblia, versión oficial da Conferencia Episcopal Española.

Libros de apoio, consulta e de lectura: «Historias de la Biblia: El libro del Génesis», SM; «Mi primera Biblia», Vemag Verlags; «La Biblia: Historias de Dios», PPC; «Gastón, el niño preguntón», San Pablo; e outros semellantes.

Materiais diversos: Láminas, revistas misioneras, libros de oracións, fotografías, cómics, postais, adhesivos, carteis, calendarios, debuxos, etc. Mapas conceptuais, símbolos relixiosos e fichas de diversas fontes.

Os materiais para producións artísticas: Ceras de cores, lapis, témperas, papeis de cores, rotuladores, tesoiras, cola, etc.

Os xogos e outros elementos lúdicos usaranse para provocar a resposta creativa do alumnado perante as situacións de aprendizaxe propostas, para facilitar a exploración interior, o recoñecemento de distintas emocións e como canalizalas e a relación entre as actividades cooperativas e o grao de satisfacción persoal.

Os materiais audiovisuais que se utilizan son curtametraxes, contos ou fábulas, vídeos ou audicións de rutinas de interiorización: «La casita sobre la roca», Ewtm Mmix; «El evangelio en dibujos animados», Nest; «El hermano Zeferino», Herald Entertainment; e outros semellantes.

Webs relacionadas coa materia.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso precisamos partir dos coñecementos previos que ten o alumnado e servímonos da avaliación inicial para determinar o nivel de coñecementos previos e o grao de desenvolvemento das competencias básicas en cada alumno. Ao comezo de cada curso faremos unha avaliación inicial con actividades lúdicas sinxelas.

Terá carácter informativo e será o referente para o desenvolvemento do currículo, así como para adoptar as medidas de apoio, reforzo en alumnado con necesidades de atención mais específicas, e de recuperación, que considere mais oportunas para cada alumno. Tamén, ao comezo de cada Unidade Didáctica, faremos unha proba inicial para valorar os coñecementos previos dos que partimos, mediante diálogo e a través de preguntas abertas, aproveitando algunha actividade de presentación motivadora.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>12</b>	<b>12</b>	<b>12</b>	<b>12</b>	<b>12</b>	<b>12</b>	<b>14</b>	<b>14</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	40	25	55	40	40	55	55	50	<b>45</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	60	75	45	60	60	45	45	50	<b>55</b>

### Criterios de cualificación:

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, formativa e integradora. A avaliación continua levase a cabo día a día, tanto de maneira global, da marcha da clase, como individualizada, mediante os procedementos e instrumentos de avaliación. Servirá para ver se acadan obxectivos e competencias previstos.

Os instrumentos de avaliación constitúen o soporte físico que se emprega para recoller as aprendizaxes esperadas dos alumnos correspondentes aos procedementos de avaliación. Consideramos os seguintes instrumentos de avaliación:

Proba escrita: Instrumento no que o alumnado demostra o seu coñecemento a través de unha evidencia escrita. Proba formulada en forma de cuestionario; Resumo de diversos contidos do currículo; Cadro cronolóxico (ordenación cronolóxica dos feitos máis importantes dun relato bíblico); etc.

Táboa de indicadores: Instrumento no que alumnado demostra o seu coñecemento a través dunha evidencia co apoio dunha lista de indicadores ou escalas de valoración. Diario de clase; Follas de seguimento; Rexistros dos diálogos co alumnado, de exposicións de un tema, de probas orais; Libro de texto; Caderno de traballo; etc.

Os criterios de cualificación son aqueles requisitos que deseñamos para determinar o grao de aprendizaxe dun alumno nunha escala determinada, nunha unidade didáctica ou nunha avaliación. O grao de consecución exprésase nos termos de: Insuficiente (para as cualificacións que non acadan os mínimos de consecución), Suficiente, Ben, Notable, Sobresaliente (para as cualificacións que superen o mínimo de consecución).

Ao longo do curso realizaranse tres avaliacións, unha por cada trimestre, e unha avaliación final ordinaria no mes de xuño. O alumnado deberá acadar as ensinanzas mínimas que constan nesta programación didáctica.

As cualificacións de cada avaliación resultarán da avaliación dos criterios previamente ponderados dentro de cada unidade didáctica; a media ponderada das unidades didácticas conformarán a cualificación da avaliación trimestral. A cualificación final da materia será a media ponderada das cualificacións de todas as avaliacións.

### Criterios de recuperación:

O alumnado que precise recuperar, recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzase con pautas que faciliten a recuperación e o progreso na aprendizaxe, con xogos mais manipulativos, actividades de reforzo sinxelas, etc.

Tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe do alumno, antes de que finalice cada Unidade Didáctica, se solicitará axuda ao equipo de orientación do centro e ao titor para organizar un plan específico de reforzo para que, durante o resto de curso, poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Na LOMLOE se indica a necesidade de actuar baixo o prisma da inclusión e atención á diversidade en todos os ámbitos educativos. Nesta etapa porase especial énfase na atención individualizada aos alumnos, na realización de diagnósticos precoces e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo para evitar a repetición escolar, particularmente en contornas socialmente desfavorecidas.

O principio de heteroxeneidade comporta a existencia de distintos ritmos e niveis de aprendizaxe nunha mesma clase polo que o respecto e a atención á diversidade son fundamentais. A finalidade de atender á diversidade é garantir un adecuado desenvolvemento do alumnado en función das súas necesidades educativas. Ao comezo do curso realizaremos unha proba de avaliación inicial que nos permitirá detectar se temos alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Dependendo do tipo de necesidades poderemos establecer distintas medidas de atención á diversidade como son o reforzo, o apoio ou a adaptación curricular que será deseñada especificamente para cada alumno en coordinación co titor, o departamento de orientación e o resto dos profesores que lle imparten clase.

Ao longo das unidades didácticas atenderase á diversidade de todo o alumnado propoñendo actividades non discriminatorias, métodos de carácter compensador, actividades variadas para os diferentes ritmos, instrumentos de avaliación flexibles, ou valores que inclúan a pluralidade do alumnado.

Se implantarán actividades moi sinxelas, máis manipulativas e visuais para aquel alumnado que teña un ritmo de aprendizaxe máis lento ou que amose dificultades concretas nalgún contido. Tamén se propoñen actividades máis complexas para aquel alumnado que teña un maior ritmo de aprendizaxe ou que posúa aptitudes para ampliar certos contidos. Para os alumnos con altas capacidades intelectuais ou unhas condicións extraordinarias para a materia facilitarase unhas actividades de ampliación, así como traballos voluntarios.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión da lectura.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual e dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Fomento da creatividade, do espírito científico e emprendedor.	X	X						
ET.5 - Educación para a igualdade entre mulleres e homes.		X		X			X	
ET.6 - Educación para a non violencia e a paz, resolución de conflitos.				X	X	X		
ET.7 - Educación para o respecto ao medio ambiente e o consumo responsable.	X	X						
ET.8 - Educación para a saúde, incluída a afectivo sexual.				X			X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.9 - Educación emocional e en valores cristiáns e dereitos humanos.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación na "entrecultura".	X	X	X	X	X	X	X	X

**Observacións:**

En todas e cada unha das unidades didácticas, en beneficio dunha educación ntegral e sostible, traballaranse os elementos transversais, arriba indicados, como eixe que vertebra todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe. A comprensión lectora a faremos de xeito cooperativo, porque o esforzo en equipo facilita máis éxitos e favorece a igualdade de oportunidades.

A relixión católica é en si mesma unha educación en valores, é transversal a todas as culturas. Polo tanto tamén a inclúo neste apartado, porque considero importante traballar, en todas as unidades didácticas, valores fundamentais comúns a todas as culturas: O respecto, amizade, o amor, a alegría, o perdón, a familia, o compartir, o axudar, a caridade, a tolerancia, etc.

**7.2. Actividades complementarias**

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Xornada do «Domund».	O alumnado deste nivel colaborará na xornada do «Domund».	X		
Campaña solidaria de "Cáritas"	O alumnado deste nivel colaborará na campaña solidaria no Nadal, da ONG «Cáritas».	X		
Día da non violencia de da paz.	O alumnado deste nivel participará nas actividades propostas dende a biblioteca escolar ou dende o equipo de actividades complementarias para festexar o día 30 de xaneiro.		X	
Campaña contra a fame de "Mans Unidas".	O alumnado deste nivel participará na campaña contra a fame no mundo, da ONG «Mans Unidas».		X	
Día das letras galegas.	O alumnado deste nivel participará nas diversas actividades propostas, dende a biblioteca escolar, para a celebración do día das letras galegas.			X
Visita a igrexa de Bueu.	O alumnado deste nivel visitará a igrexa de Bueu, capelas ou santuarios, etc., da contorna.			X
Exposicións nos corredores do colexio.	Montaxe e exposición dun pequeno «Belén», ou de outros traballos, nos corredores do colexio.	X	X	X

**Observacións:**

A LOMLOE indica que a educación non formal no marco dunha cultura da aprendizaxe ao longo da vida, comprenderá todas aquelas actividades, medios e ámbitos de educación que se desenvolven fóra da educación formal e que teñen valor educativo en si mesmos e foron organizados expresamente para satisfacer obxectivos educativos en diversos ámbitos da vida social.

Promoverase a articulación e complementariedade da educación formal e non formal co propósito de que esta contribúa á adquisición de competencias para un pleno desenvolvemento da personalidade.

As actividades complementarias propostas serán experiencias de aprendizaxe emocional positivas, e aplicaranse nun ambiente de afecto e confianza, para potenciar a súa autoestima e integración social e o establecemento dun apego seguro.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Realizo a miña programación de aula de forma coherente e meditada.
Creo e comparto materiais didácticos para apoiar o aprendizaxe.
Aplico diversas metodoloxías para promover o aprendizaxe activo.
Realizo actividades baseadas no aprendizaxe cooperativo.
Adapto as actividades a diversidade da aula.
Potencio a participación dos alumnos na aula.
Vínculo o aprendizaxe ca vida real.
Emprego técnicas e instrumentos de avaliación variados que orienten o alumnado para o seu desenvolvemento.
Utilizo a avaliación para favorecer a aprendizaxe.
Fomento a auto-avaliación e a co-avaliación.
Realizo formación para mellorar como profesional.
Respecto os aspectos confidenciais da miña profesión.
Evito calquera maneira de discriminación cara o alumnado, familias e co equipo docente.

### Descrición:

A avaliación é un elemento esencial no proceso de ensinanza-aprendizaxe e debe aplicarse tanto na aprendizaxe dos alumnos coma na revisión da práctica docente. Recoller sistematicamente información relevante sobre a nosa práctica docente permítenos readaptar a intervención educativa de acordo coas aprendizaxes reais do alumnado. A finalidade non é outra que mellorar o proceso de aprendizaxe de cada alumno, o funcionamento da clase, a nosa propia práctica e o funcionamento do centro escolar.

Utilizaremos como ferramenta de auto-avaliación docente unha lista de control de diferentes indicadores. Esta lista pretende ser unha guía para revisar a nosa actividade docente e poder crear a partir das nosas repostas novas liñas de mellora cara o próximo curso. Para cumprimentar esta lista de control debemos marcar a cuadrícula na que nos atopamos en relación o ítem exposto. Para iso dispoñemos de catro niveis de frecuencia: Pouco; Ás veces; Frecuentemente; Sempre.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Procedemento de seguimento.

O seguimento do cumprimento da programación será a través da aplicación PROENS, revisando os datos de cada unidade didáctica: data de inicio e final, sesións previstas e sesións realizadas, grado de cumprimento, propostas xerais de mellora e outras observacións; coa frecuencia que se acorde coa coordinadora de 1o ciclo de Educación Primaria.

Os instrumentos xa sinalados para cada unidade didáctica servirán para ver se van acadando os obxectivos e competencias previstos, e ademais para que o docente saiba se pode seguir avanzando ou ten que retomar aspectos que non quedaron demasiado claros.

Avaliación e propostas de mellora.

A avaliación será continua e global e que se deben establecer medidas tan pronto como se detecten dificultades no proceso de ensinanza-aprendizaxe.

A avaliación do alumnado, se levará a cabo por parte do equipo docente de forma colexiada e nunha única sesión ao finalizar o curso. O resto, son parte do proceso de seguimento do progreso dos alumnos, isto é, avaliación continua que se fai cada trimestre do curso.

Avaliarase a programación segundo os aspectos seguintes, acompañados das propostas de mellora de cara ao vindeiro curso:

Preparación da clase e dos materiais didácticos: Hai coherencia entre a programación e o desenvolvemento das clases. Existe unha distribución temporal equilibrada. O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo.

Utilización dunha metodoloxía adecuada e de distintos recursos, incluíndo diversos medios audiovisuais: A metodoloxía axústase ás necesidades e intereses do alumnado. A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno. Faise uso de distintos recursos, incluíndo diversos medios audiovisuais e Tecnoloxías da Aprendizaxe e Comunicación.

Regulación da práctica docente: Grao de seguimento dos alumnos medio-alto. Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes. Os criterios de promoción están acordados entre os profesores.

Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá ao alumnado e ás familias: Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos. Consecución dos alumnos dos criterios de avaliación programados. Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe. Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía das actividades planificadas. Os aprendizaxes mínimos e os criterios de cualificación déronse a coñecer aos alumnos e ás familias.

Utilización de medidas para a atención á diversidade: Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe. As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes. Aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos.

Para cumprimentar esta auto-avaliación debemos marcar a cuadrícula na que nos atopamos, segundo os indicadores: Sempre; Case sempre; Case nunca; Nunca.

## 9. Outros apartados